



<u>Acta número:</u> 10	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 20.07.2015	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:03

Asistentes:

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores
D <sup>a</sup> Anabel Gulías Torreiro D. Demetrio Gómez Xunqueira D <sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez D. Xosé Luis Bará Torres D. Cesareo Mosquera Lorenzo D. María dos Anxos Riveiro Portela D. Raimundo González Carballo D <sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz D. Vicente García Legísima D <sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida D. Luis Alberto Oubiña Piay D. Jacobo Moreira Ferro D <sup>a</sup> María Aurora Cañizares Malagón D. Rafael Domínguez Artime D <sup>a</sup> María José Rodríguez Teso D. Cesar Alberto Abal González D Manuel Tomás Abeigón Costa D. José Luis Martín González D. Agustín Fernández González D <sup>a</sup> Paloma Castro Rey D. Iván Puentes Rivera D. Luis Rei Núñez D <sup>a</sup> María del Carmen Moreira Martínez D <sup>a</sup> María José Rey Martínez
Secretario Xeral do Pleno, por substitución: José Carlos Castiñeira Piñeiro
Interventora, por substitución: María Herculina Domínguez Martín

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión e, antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día, fai constar na acta o sentimento de pesar de toda a Corporación municipal polo falecemento, na mañá de hoxe, do deportista do club SAPO salvamento acuático de Pontevedra, Jorge Bautista Fernández, de quince anos de idade e con unha excelente traxectoria deportiva e dispón que se traslade este pésame á familia, ao seu clube e aos seus amigos e compañeiros.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á SOCIEDADE DEPORTIVA TEUCRO.**

Previa declaración de urxencia polo asentimento unánime dos 25 concelleiros, o

Pleno do Concello acorda aprobar unha declaración de apoio institucional á Sociedade Deportiva Teucro para que poda competir na temporada que ben na primeira categoría do balonmán, por telo merecido por historia e pola competición que realizou na temporada pasada que lle permitiu ascender á liga ASOBAL e para que o que se gañou na pista non se perda nos despachos.

#### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:**

##### **1.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DE 13.06.2015 E 18.06.2015.**

Dáse conta dos borradores das actas das sesións extraordinarias de datas 13.06.2015 e 18.06.2015, que son aprobados por unanimidade (25) e sen modificación ningunha.

#### **B) PARTE RESOLUTIVA:**

##### **2.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 15.07.2015, emitido sobre a proposta do concelleiro delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, de data 07.07.2015, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 10.07.2015.

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, don Vicente García Legísima.

O Sr. **García Legísma**: Bo día, gracias Presidente.

Creo que este punto da orde do día foi informado na comisión oportunamente e son cambios que obedecen a acordos do ano 2010 e, en fin, se non hai ningunha petición de explicación pois creo que con isto é suficiente.

Nada máis e moitas gracias.

Rematada a intervención do concelleiro delegado da área e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, presta a súa conformidade á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos nos termos que figuran a continuación, quedando da forma que figura como ANEXO III a este acordo, con efectos do 1 de outubro de 2015:

1. Crear dúas prazas de subalerno da escala de administración xeral e suprimir unha praza de cometidos especial de porteiro colexio público EXB e un posto de persoal laboral de porteiro de colexio público.
2. Suprimir unha praza de vixiante da subescala de cometidos especiais da escala de administración especial e crear unha praza da subescala subalterna da escala de administración xeral.
3. Suprimir 1 posto de persoal laboral temporal en cemiterios e crear unha praza de



operario da clase de cometidos especiais, da subescala servizos especiais, escala de administración xeral.

Segundo.- Someter o expediente aos requisitos de publicación do artigo 169 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de facendas locais, do 5 de marzo, con información pública polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións, de conformidade co artigo 126 do Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Terceiro.- De non ter presentado reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial entenderase definitivo, entrando en vigor o día 1 de outubro de 2015, previa publicación no xeito previsto no artigo 169.3 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de Facendas Locais, mediante a publicación no BOP. Asimesmo remitirase unha copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

### ANEXO III

#### CADRO DE PERSOAL 2015

##### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
<b>HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:</b>			
Secretario Xeral do Pleno	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Interventor Xeral Municipal	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Secretario da Administración Municipal	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Órgano de Xestión Orzamentaria e Contab.	A1	1	LD (cubertas concurso)
Adxunto Órgano Tesourería e Xestión Trib.	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
<b>ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:</b>			
<u>a) Subescala Técnica</u>			
Técnico	A1	19	
<u>b) Subescala Xestión</u>			
Técnico Medio	A2	3	
<u>c) Subescala Administrativa</u>			
Administrativo	C1	57	
<u>d) Subescala Auxiliar</u>			
Auxiliar	C2	29	
<u>e) Subescala Subalterna</u>			
Ordenanza	AP	8	
Subalterno	AP	12	7 reservadas a segunda actividade
<b>ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:</b>			
<u>a) Subescala Técnica</u>			
<u>Clase: Técnicos Superiores</u>			
Técnico	A1	1	Licenciado en dereito
Técnico Superior Contabilidade e Presup.	A1	1	Ldo dto., admón. e direcc emp, economía, CC actuar e finan, económicas ou empresariais
Enxeñeiro Industrial	A1	2	
Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos	A1	2	
Arquitecto	A1	4	
Arquiveiro	A1	1	

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Pedagogo	A1	1	
Arqueólogo	A1	1	A Tempo Parcial
<u>Clase: Técnicos Medios</u>			
Aparellador-Arquitecto Técnico	A2	4	
Enxeñeiro Técnico Obras Públicas	A2	1	
Enxeñeiro Técnico Industrial	A2	1	
Enxeñeiro Técnico en Topografía	A2	1	
Técnico Medio de Arquivos	A2	1	
Técnico Medio en Turismo	A2	1	
Asistente Social	A2	3	
Educador Social	A2	1	
Técnico Medio Relacións Laborais	A2	1	DRL, DCCEE, 1ºCiclo LADE, 1ºCiclo LD
Técnico Prevención Riscos Laborais	A2	1	T. S. Ergonom, seguridade, hixiene
Técnico Medio en Medio Ambiente	A2	1	
Técnico Medio en Medio Ambiente Natural	A2	1	ENX. T: F o A
Inspector de urbanismo e medio ambiente	A2	1	grao ou licenciado en arquitectura, grao ou licenciado en enxeñaría, grao ou diplomado enxeñaría técnica e grao ou diplomado arquitectura técnica.
<u>Clase: Técnicas Auxiliares</u>			
Delineante	C1	3	
Técnico Mantemento Teatro Principal	C1	1	
Inspector auxiliar de Tributos	C2	1	
<b>b) Subescala de Servizos Especiais</b>			
<u>Clase: Policía Local</u>			
Intendente Principal	A1	1	
Intendente	A1	1	
Inspector Principal	A2	2	
Inspector	A2	6	
Oficial	C1	13	
Policía	C1	100	
<u>Clase: Servizo Extinción de Incendios:</u>			
Oficial	A1	1	
Sarxento	C1	1	
Cabo	C2	5	
Bombeiro	C2	10	
Bombeiro-Conductor	C2	25	
<u>Clase: Prazas de Cometidos Especiais:</u>			
Inspector de Tributos	A1	1	
Técnico Informático	A1	1	
Técnico Cultural	A1	1	
Subinspector de Tributos	A2	1	
Técnico Medio Informático	A2	2	
Técnico Medio en Xardinería	A2	1	
Administrativo-Informático	C1	1	
Informático	C1	2	



DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Animador sociocultural	C1	1	
Técnico Conser. e Mantemen. Semáforos	C2	1	
Vixiante	AP	9	
Porteiro Colexio Publico EXB.	AP	7	
<b>Clase: Persoal Oficios</b>			
Mestre Xardineiro	C2	1	
Mestre Electricista	C2	1	
Mestre Obras	C2	1	
Conductor Mecánico	C2	1	
Oficial de obras	C2	5	
Oficial Xardineiro	C2	3	
Oficial Electricista	C2	4	
Oficial Albanel	C2	6	
Oficial Canteiro	C2	1	
Oficial Carpinteiro	C2	1	
Sepultureiro	C2	3	
Axudante Electricista	AP	5	
Conductor Mecánico	AP	1	
Conductor	AP	2	
Sepultureiro	AP	1	
Operario	AP	30	
Operario Limpeza Oficinas	AP	4	
Operario Limpeza Teatro	AP	1	
Operario-subalterno	AP	5	

**B) PERSOAL LABORAL:**

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
<b>PROMOCIÓN ECONÓMICA:</b>			
Técnico Local de Emprego	2	Indefinido	
<b>SERVIZO BENESTAR SOCIAL:</b>			
Psicólogo	1	Indefinido	
Educador Familiar	1	Indefinido	
Asistentes Sociais	4	Temporal	
Traballador Social	4	Temporal	
<b>UNIDADE DE CULTURA:</b>			
Auxiliar	1	Temporal	
<b>CONSERXERÍA COLEXIOS PÚBL:</b>			
Porteiro Colexios Públicos	1	Fixo	
<b>OFICINA XUVENIL:</b>			
Animador Xuvenil	1	Indefinido	
Informador Xuvenil	1	Indefinido	
Monitor Tempo Libre	1	Indefinido	
<b>CENTRO AST.DROGODEPENCI:</b>			
Médico Psiquiatra	1	Indefinido	
Médico	1	Indefinido	
Psicólogo	2	Indefinido	
Asistente Social	1	Indefinido	
Axudante Técnico Sanitario	1	Indefinido	
Auxiliar clínica	2	Indefinido	
Auxiliar Administrativo	1	Indefinido	
<b>PMD. U. DÍA DROGODE. PREVENCI.:</b>			
Psicólogo	1	Indefinido	

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Monitor-Educador	1	Indefinido	Asimilado Gr. A2. Tempo parcial.
Monitor Cursos Informática	1	Indefinido	tempo parcial
<b>OTLI:</b>			
Delineante	1	Fixo	Delineante procedente da OTDU
<b>OTAP:</b>			
Delineante	1	Fixo	Delineante procedente da OTA
Delineante	1	Fixo	Delineante inspector procedente da OTPXU
<b>SDUMAPA:</b>			
Auxiliar	1	Temporal	
<b>FISCALIZACIÓN GASTOS-INGRES.:</b>			
Auxiliar	1	Fixo	
<b>SER. XESTIÓN E INS. TRIBUTARIA:</b>			
Delineante	1	Fixo	
<b>SERVIZO DE NOR. LINGÜÍSTICA:</b>			
Asesora Lingüística	1	Temporal	
<b>ARI ESTRIBELA</b>			
Arquitecto	1	Temporal	
Arquitecto técnico	1	Temporal	
Auxiliar	1	Temporal	

C) PERSOAL EVENTUAL DE CONFIANZA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	NÚMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
<b>GABINETE DA ALCALDÍA</b>		
Técnico Relaciones Públicas e Protocolo	1	
Técnico de Comunicación	1	
Técnico de Relacións cos medios	1	
Coordinador da Área de Alcaldía	1	
Xefe de negociado de Grupo municipal	3	

D) TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Director da Asesoría Xurídica	A1	1	FUNCIONARIO LD

E) TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Presidente	A1	1	FUNCIONARIO LD

F) DIRECTORES XERAIS:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Dirección xeral da área de Urbanismo e Servizos Xerais	A1	1	FUNCIONARIO LD

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	439
B) PERSOAL LABORAL	39
C) PERSOAL EVENTUAL DE CONFIANZA	7
D) ASESORÍA JURÍDICA	1
F) DIRECTORES XERAIS	1
E) TRIBUNAL ECONÓMICO	1



TOTAL CADRO DE PERSOAL	487
------------------------	-----

CADRO DE PERSOAL PRESUPOSTARIO

ORGANISMOS AUTÓNOMOS 2013

1.- INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES.

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
<b>ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:</b>			
a) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	2	

B) PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Director Técnico	1	Fixo	
Técnico Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Encargado Instalacións	1	Fixo	
Operario Servizos	8	Fixo	

2.- PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS.

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
<b>ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:</b>			
a) Subescala Subalterna			
Subalterno	AP	1	

B) PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Director Xerente	1	Alta Direcc.	
Técnico Auxiliar Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Subalterno	1	Fixo	

RECURSOS PROCEDENTES

En relación os acordos adoptados relacionados co cadro de persoal, caben os seguintes recursos.

Contra estes acordos poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dos meses contados dende o día seguinte ó de súa notificación, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

**3.- CONFORMIDADE CO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 13.05.2015, RELATIVO Á CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA DE PARCELA PARA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 15.07.2015, emitido sobre a conformidade á cesión efectuada pola Xunta de Goberno Local, en data 13.05.2015, dunha parcela da unidade de actuación (UA)

24 para a construción do novo edificio xudicial.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao Concelleiro de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, don Vicente García Legísima, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. García Legísma**: Ao igual que no punto anterior tamén este tema foi tratado en comisión e informado cumpridamente, tanto por parte desta Concellería como, sobre todo, polo Secretario que hoxe tamén preside o Pleno e se houbera algún tipo de pregunta ou intervención pois nunha segunda intervención poderíase falar disto pero, polo momento, nada máis.

Gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias, Sr. García Legísima.

Seguidamente concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González**: Gracias, Sr. Alcalde, bos días.

Este asunto do novo edificio dos xulgados é un exemplo de como se pode estar prometendo unha obra durante varios orzamentos e logo buscar desculpas para non facela durante anos. A Xunta de Galicia ven desconsiderando, de xeito reiterado, a Pontevedra ata tal punto que é difícil recordar algunha obra ou inversión de certa importancia en Pontevedra nos últimos catro anos, promesas moitas pero feitos ningún. Ese é o resultado dunha política, a política do Partido Popular con Pontevedra e iso en parte é a xustificación do descalabro do Partido Popular en Pontevedra porque a xente, os votantes, tamén se cansan de estar escoitando promesas vacías e incumpridas.

O goberno da Xunta ten moitas débedas con Pontevedra e o edificio dos xulgados só é unha delas. Benvido sexa se, de verdade, hai intención de levalo adiante, a min permítanme que desconfíe de que exista esa vontade, pero por nós non vai a quedar, o especialista en atrancos é o Partido Popular.

Os socialistas imos a votar a favor da cesión da parcela e imos aproveitar tamén para instar á Xunta a que acelere os trámites e que non busque máis desculpas pero, tamén, para que trate a Pontevedra co respecto que se merece e modifique a súa política de asfixia e trate temas como a ampliación de Montecelo, o arranxo da comarcal 531, o dragado do Lérez, o saneamento da ría, os plans de cooperación ou mesmo a participación na elaboración dun plan estratéxico que debería liderar o Alcalde de Pontevedra e que son algunhas das cousas que deberían acometerse con carácter de urxencia. Esperemos que o de hoxe non sexa outra forma de marear a perdiz.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias.

A continuación fai uso da palabra don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Moreira Ferro**: Moi bos días a todos, gracias, Sr. Presidente.

Creo que hoxe é un día importante, despois de cinco anos da sinatura dun convenio prodúcese unha novidade, a novidade é que por este goberno se cumpra un conve-





nio, temos o caso do convenio de Tafisa, que segue sen cumprirse, o convenio da Once segue sen cumprirse e ninguén sabe que é o que vai a pasar, o convenio do saneamento segue sen cumprirse por parte do Concello de Pontevedra, este era un convenio especialmente importante, non só para os funcionarios, para os xuíces, para os operadores xurídicos en xeral e para os cidadáns senón, en si, tamén para Pontevedra porque é unha inversión de vinte millóns de euros que leva agardando cinco anos a que, simplemente, se fixera un trámite, non se pedía unha inversión ao Concello de Pontevedra senón un trámite de entregar uns terreos, un trámite que se dixo aquí e se anunciaba nos medios de comunicación polo goberno, xa hai dous anos e medio, saíase dicindo que xa estaba cumprido, que xa se podía iniciar o edificio, ben, o tempo da e quita razóns e hoxe se demostra que hoxe, por fin, se van ceder os terreos do edificio xudicial, agora si, o que quere dicir que ata agora se nos estiveron contando mentiras porque o feito de votar hoxe aquí este acordo demostra, claramente, que ata agora non estaban cedidos os terreos, o que si estaba claro é que os cartos si estaban consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia e, aínda máis, o proxecto está feito.

Polo tanto, creo que é un día importante, espero que a partir de agora o goberno se afane en cumprir os compromisos que ten asinados, que ninguén lle obrigou a asinalos pero, Sr. Alcalde, cando se firma un compromiso por escrito hai que preocuparse por cumprilo, é unha mágoa que levemos perdidos cinco anos cando xa poderíamos ter o edificio terminado, mire vostede, en Ourense xa está rematado e en funcionamento, en Santiago tamén, e, polo tanto, creo que en Pontevedra, igual que podíamos ter outros equipamentos como, por exemplo, un novo hospital, que son máis de 200 millóns de euros de inversións que vostedes non queren ter en Pontevedra, digo que se non queren máis inversións, polo menos as que tivo que comprometer coa súa sinatura que se preocupen en cumprilos. Polo tanto creo que é un día moi importante en Pontevedra e, polo tanto, por fin o goberno de Pontevedra cede os terreos ao novo edificio xudicial.

Nada máis e moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. García Legísima, ten a palabra.

**O Sr. García Legísima:** Moitas gracias, Presidente.

Agardaba que fora un simple trámite e que se viñera aquí a ratificar ou prestar conformidade ao acordo da Xunta de Goberno, vexo que non é así, supoño que aquí trátase de utilizar politicamente certas cuestións.

O Partido Popular sabe de sobra e ten coñecemento puntual de como foi este procedemento, pero posto isto e falando de mentiras, mire, aquí non hai ningún mentiroso, Sr. Moreira, se acaso o que pode haber é un cínico, da escola dos cínicos da filosofía dos trescentos ou catrocentos antes de Cristo, aquela era unha escola de cinismo, pero de filosofía, e aí o que pode haber unha escola de cínicos, a min o que me agradaría é que non se viñera por aquí.

Mire este procedemento, este convenio, levouse escrupulosamente, efectivamente houbo moitas dificultades, pero no ano 2011 tramitouse unha modificación puntual do plan xeral de ordenación, iso, como sabe vostede non se fai da noite para a mañá, leva uns trámites. No ano 2012 expropiouse, previamente se dixera a Xunta que fixera un proxecto sectorial supramunicipal, posto que o edificio vai atender á

bisbarra, non exclusivamente ao Concello de Pontevedra, e negouse e levou este trámite máis curto; de maneira que fíxose esa expropiación polo trámite conxunto, no ano 2012 e estando pendente unha serie de parcelas da obra de Adif, que vostede supoño que estará informado, non pretendería vostedes que se saltara ou saltáramos por enriba das modificacións que levaba consigo tamén nos terreos da ponte que cruza a vía do tren e o vial novo aberto por Adif, houbo que esperar a que rematase iso e ver como estaba para continuar os trámites. Pero en febreiro do ano 2013 o Concello era propietario de todos os terreos, e niso non se mentiu, niso informouse puntualmente, propietario, con títulos de propiedade, títulos que algúns viñan do ano 1997, outros do ano 2012 das actas de ocupación e outros, tamén do ano 2012, por cesión do Ministerio de Fomento. Iso é así e iso non é ningún tipo de mentira. Nin dende esta Concellería nin dende o goberno municipal se falou nunca nin de titularidade rexistral, esas son cousas distintas, como vostede sabe.

Feito isto, os trámites para levar ao catastro e ao rexistro da propiedade foron longos e creo que vostedes foron informados puntualmente e, dende logo, os representantes da Xunta que estaban na comisión, que non mostraron o que vostedes están mostrando aquí hoxe, que simplemente, por parte desta Concellería o que se nomeou foi a dous funcionarios, nesa comisión, para evitar ese tipo de interferencias que puidera haber por parte dos políticos, el levouse dunha maneira escrupulosa, pódose ao corrente de como ían pasando todas as distintas parcelas no catastro a nome do Concello e como se levaba despois ao rexistro da propiedade.

Non lle vou a contar todo o que houbo que facer aquí pero pregúntelle aos funcionarios, os funcionarios non estiveron, dito vulgarmente, papando moscas, que parece que é o que insinúa vostede, Sr. Moreira, os funcionarios estiveron traballando da mellor maneira posible en colaboración co rexistro da propiedade e co catastro para que, finalmente, a parcela estivera agrupada polos metros e tiveramos a titularidade rexistral tamén, a propiedade, volvo a insistirle, é do ano 2012, completa.

Agora voulle poñer un exemplo do que se fixo, por exemplo, no Concello de Ourense, alí a Xunta non foi titular rexistral ata o ano 2011, en outubro de 2011, aí foi titular rexistral a Xunta de Galicia, sen embargo, se vostede acode á páxina web verá como a obra estaba adxudicada o 28 do 9 do 2011, así está publicado na web. Iso puidose perfectamente se a Xunta tivera intención de adiantalo e eu non vou criticar a Xunta nin moito menos, pero se a Xunta tivera intención de sacalo o podía ter feito, como fixo en Ourense, con outro inconveniente en Ourense, en Ourense anulouse unha das expropiacións no ano 2012, cando o Sr. Presidente da Xunta de Galicia fora a visitar as obras, anulouse a expropiación e, a pesar diso continuaron, e aquí non houbo ningún problema nin ningunha discusión de titularidade con ningunha das parcelas.

Polo tanto, dáse por pechado este asunto e eu non lle pido respecto por esta concellería pero si o que lle pido é respecto para os funcionarios que traballaron neste asunto co máximo celo e moita dedicación e é certo que levou tempo pero mire o expediente, se quere, é verá a que foi debido todo isto.

Nada máis o e moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. García Legísima.  
Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

**O Sr. Moreira Ferro:** Grazas, Sr. Presidente.



Agora igual a culpa foi do Partido Popular, non sei eu se o retraso é debido ao Partido Popular. A historia non fai falla que ma conte, a coñeza perfectamente e se quere lle lembro eu un pouco de repaso de hemeroteca, porque o 15 de febreiro de 2013, xa hai máis de dous anos, vostede mesmo, vostede mesmo, Sr. Legísima, dixo: “a Xunta dispón dos terreos para o novo edificio xudicial”, que vostede nos traía aquí este acordo significa que vostede nos mentía entón, non ten outra explicación, ou nos mentía entón ou nos minte agora, cando nos trae este acordo, cando mentía vostede? Isto no 2013, e se quere nos remontamos máis atrás, nos remontamos ao 17 de outubro de 2012 cando o seu goberno dicía: a labor nosa é inmaculada, xa está todo listo, agora que faga a Xunta o edificio, no 2012!, e agora, en xullo de 2015 trae vostede aquí o acordo para darlle os terreos á Xunta de Galicia, cando nós mentiu?, cando nos mentiron?, daquela ou agora?, eu creo que ata agora nos estiveron mentindo, agora si se van ceder os terreos, polo tanto máis vale tarde que nunca pero o que non se pode é ir enganando continuamente aos veciños porque vostedes non son capaces de cumprir un convenio, e os actos está aí para velos, ningún convenio, vostedes levan cinco ou seis anos de retraso, firman un convenio e non empezan a arrancar ata catro ou cinco anos despois. Iso tense que acabar, temos perdas moitísimas oportunidades neste Concello pola lentitude e pola falta de xestión do goberno. Iso tense que acabar e, polo tanto, a labor dos funcionarios é inmaculada o que falla aquí é a dirección política dos asuntos, porque os funcionarios sabían perfectamente e saben perfectamente que os terreos non estaban rexistrados e mesmo cando vostedes dicían que xa estaban listos os terreos eran conscientes de que había terreos que aínda non estaban a nome do Concello, e iso destacámolo no seu momento, a maquinaria propagandística é moi ampla e ten moita extensión, moito recorrido, pero, Sr. Legísima, e isto que lle sirva de lección para a próxima vez, ao final o tempo pon a cada un no seu sitio e hoxe quedan vostedes aquí retratados traendo este acordo. Alegrámonos polo acordo pero chega un pouco tarde. En todo caso, insisto, é unha boa noticia para Pontevedra.

Nada máis e moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Moreira.

Brevemente, o Sr. Vicente García Legísima ten a palabra.

**O Sr. García Legísima:** Brevisimamente.

Reafirmome non cinismo que vostede destila. Mire, no ano 2013 esta Concellería non dixo que se transmitían, non, non, non o dixo, esta Concellería o que dixo, e está o acordo da Xunta de Goberno, supoño que o lería ou ao mellor pasouno por alto, ou ao mellor ese afán, esa profesión por vostede da filosofía da escola filosófica de que lle falei impídelle velo, pero no ano 2012 o que se puxeron foi os terreos a disposición e iso podíase facer perfectamente, mira o acordo, caramba, mire o acordo, non sexa cínico e mire o acordo, o que se puxo a disposición da Xunta foron os terreos, todos, porque o Concello era absolutamente titular de todo, por tres títulos, os expropiados no ano 2012, os expropiados no ano 1997 nas perimetrais e os cedidos por ADIF en acta do ano 2012, e iso léao, vea o expediente, nunca se mentiu, sempre se dixo a verdade e cando vostedes faloron este dixo: “quen di iso é...” non vou dicir a palabra que dixen naquel momento, porque atrevéronse a dicir que non era titular catastral o Concello, cando todas, absolutamente todas as parcelas estaban nese momento ao que se refire vostede.

En fin, eu sei que vostede vai continuar durante este mandato facendo exercicio

diso que vostede sabe moi ben pero, de todas maneiras, a título de exemplo, póño-lle unha maneira de funcionar, entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de aquí no edificio de educación, o edificio de educación escriturouse hai uns meses e non foi por problemas deste Concello, escriturouse e nin a Deputación dixo nada nin o Concello dixo nada, fóronse facendo as cousas, pero aquí, en fin, trátase de sacar rentabilidade política absolutamente con todo e, para min, en principio o que lle pido é respecto para todos os funcionarios porque con todo o que vostede di este Concelleiro nin vai ao rexistro da propiedade, nin pode ir, nin debe ir a tramitar isto, nin debe ir ao catastro a tramitalo, os concelleiros temos outra función e para min si a labor é espléndida a dos funcionarios neste asunto xa me contará que dirección política tiña que haber aí, un ditado ao mellor.

Nada máis, moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), que representan a maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade co ditame da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, acorda:

Mostrar a conformidade á cesión acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, libre de cargas e gravames, da titularidade da parcela denominada FINCA DA UNIDADE DE ACTUACIÓN NÚMERO 24 DO PXOU DE PONTEVEDRA, a favor da Xunta de Galicia para a construción dun novo edificio xudicial, nos termos acordados polo mencionado órgano do Concello de Pontevedra.

#### **4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2015 (1SUP/15) DO ORZAMENTO DO IMD, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. APROBACIÓN INICIAL.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal de Ma.Po), da Comisión de Economía e Facenda, de data 15.07.2015, emitido sobre a proposta do concelleiro delegado da área de Contratación e Facenda, de data, 07-07.2015, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 13.07.2015.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María dos Anxos Riveiro Portela, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A **Sra. Riveiro Portela**: Moi bo día a todos e a todas.

Este asunto xa foi aprobado na Xunta reitora do Instituto Municipal de Deportes, conleva a aprobación dunha modificación de crédito con valor de 249.100 euros. Esta cantidade vai destinada, sobre todo, á mellora de instalacións e infraestruturas deportivas do Concello, tamén á organización de diversas actividades e eventos deportivos así como tamén a axudas á promoción da actividade física e do deporte, ademais doutras partidas adicadas a adquisición de aplicacións informáticas, etc. máis internas, poderíamos dicir, de funcionamento interno do traballo do Instituto Municipal de Deportes.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias.

Seguidamente concede o uso da palabra a don Manuel Tomás Abeigón Costa, con-



celleiro do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Abeigón Costa**: Gracias, Sr. Alcalde, buenos días señoras y señores concejales, concejales, compañeros de esta corporación, funcionarios del Ayuntamiento, medios de comunicación y a todos los asistentes a este Pleno de hoy.

Quiero que mis primeras palabras como concejal sean para expresar mi gratitud a los cerca de 11.000 pontevedreses que con su voto, el pasado 24 de mayo, han refrendado en programa electoral del grupo municipal do Partido Popular y, con ello, nos han permitido formar parte hoy de esta corporación, un honor y un privilegio para todos los que amamos esta ciudad, pues el ser concejal nos permitirá trabajar y dejarnos la piel por Pontevedra, una ciudad que tiene, en mi caso, cautivado mi corazón y además forma parte irrenunciable de mi ADN.

Quiero desearles suerte a todos los compañeros de esta Corporación, independientemente de su color político, cuyo objetivo sea trabajar por y para el engrandecimiento, si cabe, todavía mayor de la ciudad de Pontevedra.

Como dije, el programa electoral pensando en los ciudadanos con que Jacobo Moreira se presentó a las elecciones municipales, liderando un equipo de personas procedentes de distintos ámbitos profesionales y conocedoras de los problemas reales de la ciudad, tenía dos prioridades claramente destacables, una era la recuperación económica y la creación de empleo en la ciudad y la otra era una fuerte y decidida apuesta por el deporte. De hecho el programa electoral, en materia deportiva, del Partido Popular, y con humildad lo digo, era el más completo, el más ambiciosos y el que mejor se adaptaba a solucionar los problemas del deporte pontevedrés porque, a decir verdad, no fue fruto de la casualidad y de cuatro ocurrencias de última hora sino de un trabajo previo de campo que nos permitió, a mi compañero César Abal y a mi, vivir, conocer y sentir la realidad deportiva de la ciudad o, dicho de otra forma, nos ha enseñado a saber que se siente caminando con los zapatos de otro.

Dado que el deporte es un tema serio, porque el deporte es salud, el deporte es educación, es ocio y tiempo libre, el deporte es gestión de grandísimas y millonarias inversiones y el deporte es un elemento dinamizador de la economía celebramos, Sr. Lores, que un tema, repito, tan serio haya recaído en señora concejala Anxos Riveiro, pues el deporte de Pontevedra ahora mismo necesita de personas dialogantes que aboguen por la concordia, la coherencia y el consenso y que tengan voluntad de resolver los problemas que sufre y padece y la señora Riveiro cumple sobradamente esos requisitos, tal y como se lo dijimos a ella en la pasada Junta rectora del IMD donde este grupo municipal se ha ofrecido en cuerpo y alma para trabajar hombro con hombro y codo a codo con ella si así conseguimos allanar las dificultades que, diariamente, tienen que afrontar los deportistas, los clubes y cualquier otro actor vinculado a la actividad físico deportiva de la ciudad, pues los pontevedreses quieren de los políticos que le resolvamos sus problemas, que gestionemos con eficacia y, sobre todo, con honradez y transparencia que es nuestra seña de identidad.

Prueba de este talante de la Sra. Riveiro fue reconocernos en la citada Junta que foi “un pequeno erro” lo que nosotros calificamos como un detalle feo, que días pasados usted, Sr. Alcalde, recibiera en el Teatro Principal, en este mismo escenario, a los 78 deportistas que participaron en la undécima edición de los juegos del Eje Atlántico en Portugal, pues dió la impresión que estos atletas

pontevedreses, politicamente estaban, en parte, huérfanos, pues no hay que olvidar que usted, Sr. Lores, gobierna en minoría y para sacar adelante los temas importantes, y el deporte es uno de ellos, necesita del apoyo de la oposición, y allí no estaba presente ni el Sr. Moreira, del Partido Popular, ni el Sr. Agustín Fernández, del Partido Socialista, ni el Sr. Luis Rei, de Marea Pontevedra, ni la Sra. María Rey de Ciudadanos, nin ningún otro representante de éstos para apoyar y animar a dichos deportistas en su participación en dicho evento.

Para terminar, y antes de comentar la propuesta del orden del día que toca debatir, me dirijo ahora a la Sra. doña María Rey, portavoz del grupo mixto y de Ciudadanos, dado el aprecio personal que le tengo para decirle que le deseo lo mejor y que no se olvide de que, aunque la hayan sentado en frente, su lugar, Sra. Rey está de este otro, que es donde se encuentra la oposición. Por cierto, Sra. Rey, enhorabuena por la elección del Sr. Luis Miguel Lamas como suplente suyo en el IMD, pues ha sido un acierto.

Respecto al punto cuatro del orden del día de modificación de crédito 4/2015 del presupuesto del IMD, mediante suplemento de crédito, en la pasada Junta rectora del IMD los dos representantes de este grupo municipal votamos a favor de aprobar dicha modificación de crédito mediante suplemento de crédito por importe total de 249.100 euros, al entender que la Sra. Presidenta del IMD argumentaba que deben consignarse los créditos necesarios para atender determinados gastos que consideren aplazables y urgentes a cargo de dicha cantidad, la cual, según los informes técnicos, está dentro del límite de la capacidad de financiación estimada y que se destinaria, entre otras cosas, para servicios extraordinarios del personal del IMD, actuaciones en le pabellón municipal, acciones de mantenimiento y conservación de los pabellones y campos de fútbol municipales, ayudas a la promoción del deporte, organización de actividades deportivas de gran interés social y, por último adaptación del servicio del IMD a la administración electrónica. Por lo que este grupo municipal de Partido Popular mantiene su postura y opta, de nuevo por aprobar la misma.

Nada más y muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Abeigón.

Seguidamente concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's

**A Sra. Rey Martínez:** Buenos días a todos.

Te agradezco tus palabras pero me gustaría decirte que siento donde me siento sé defenderme sola. Y me gustaría también pedirnos a todos los grupos municipales que nos ciñamos al orden del día y dejemos de hacer política, por favor, que para eso tenemos otras plataformas.

Gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 23 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's) e a abstención de 2 concelleiros (2 do grupo municipal Ma.Po), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:



Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº4/2015 (1 SUP/2015), MEDIANTE SUPLEMENTO DE CREDITO por un importe total de DOUSCENTOS CORENTA E NOVE MIL CEN EUROS (249.100,00.- €), con arranxo ao seguinte detalle:

APLICACION ORZAMENTARIA	DENOMINACION APLICACIÓN	SUPLEMENTO	FINANCIAMIENTO MEDIANTE RTGX (870.00)
09.340.0-130.51	HORAS EXTRAORDINARIAS PERSOAL IMD	15.000,00 €	15.000,00 €
09.912.0-233.00	INDEMNIZACIÓNS: ASIS. ÓRGANOS COLEXIADOS	6.500,00 €	6.500,00 €
09.342.0-633.00	INV REPOSICION MAQU,INSTALACIONES	40.000,00 €	40.000,00 €
09.342.0-212.00	CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS ORDINARIAS	20.000,00 €	20.000,00 €
09.341.0-489.02	AXUDAS PARA PROM. ACTIVIDADE FISICA E DEPORTE	52.600,00 €	52.600,00 €
09.341.0-227.09	CONTRATO PRESTACIÓN SERVICIOS DEPORTIVOS	95.000,00 €	95.000,00 €
09.341.0-221.11	TROFEOS E MEDALLAS	5.000,00 €	5.000,00 €
09.340.0-640.00	ADQUISICIÓN APLICACIÓNS INFORMATIVAS	15.000,00 €	15.000,00 €
TOTAL		249.100,00 €	249.100,00 €

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria 4/2015 (1 SUP/2015), considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda. Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

## **5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8/2015 (2CEX/2015) DO ORZAMENTO DO CONCELLO, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Ma.Po), da Comisión de Economía e Facenda, de data 15.07.2015, emitido sobre a proposta do concelleiro delegado da área de Contratación e Facenda, de data 09.07.2015, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 13.07.2015.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Raimundo González Carballo, Portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

**O Sr. González Carballo:** Moitas grazas. Bos días.

Para enmarcar esta modificación, ven dentro da liquidación do orzamento do ano 2014 na que o Concello tivo un superávit de 4.672.000 euros e, tamén, remanente líquido de tesourería por importe de 11.400.000 euros. O que facemos con esta modificación é destinar ou propoñer destinar 2 millóns de euros á mellora da accesibilidade e mobilidade e outros elementos de calidade urbana na rede viaria do rural. Isto, tal e como di a memoria, sería unha primeira fase na medida en que o importe, o proxecto xenérico é de 3 millóns de euros. A intención que temos é destinar estes 2 millóns de euros a actuacións, melloras sobre todo de seguridade viaria, así como pavimentacións, sinalizacións etc., dos accesos aos núcleos e tamén en moitos dos casos no entorno dos centros escolares. Así, por exemplo, unha delas é o calmado de tráfico entre a ponte medieval de Pontesampaio e o colexio de A Xunqueira, outra das actuacións sería a actuación de accesibilidade entre Sabarís e Cabaleiro, en Campañó, o camiño da panadería en Santo André de Xeve, el Lérez a accesibilidade dunha das perpendiculares da estrada de Compostela, en Lourizán o acceso ao colexio público de A Carballeira, en Tomeza o acceso dende a ponte da Condesa, en Bora mellora de accesibilidade no Couto e en Salcedo accesibilidade no entorno do colexio de Cabanas.

Esta sería a concreción dese proxecto máis xenérico e que significaría, como dixeran antes, unha mellora da seguridade viaria sobre todo no entorno de certos colexios do Concello e tamén dos accesos aos núcleos. Isto nos permitiría reducir en gastos de mantemento e, en todo caso, é unha inversión considerable para as parroquias do Concello de Pontevedra.

Como non podía ser doutra maneira, cumpre todas as cuestións relativas a estabilidade, sostibilidade financeira, etc. e, por tanto, agardamos o voto favorable dos demais grupos.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Seguidamente concede o uso da palabra a don Luis Rei Núñez, concelleiro do grupo municipal Marea Pontevedra.

**O Sr. Rei Núñez:** Moitas grazas. Moi brevemente.

Son cartos para as parroquias do rural que é onde viven os pontevedreses abandonados á súa sorte todos estes anos e gustaríanos apoiar a proposta. Para nós é moi importante compensar a ese terzo da poboación de Pontevedra por tanto tempo de abandono á súa sorte pero non fomos consultados neste asunto. Fálase agora do destino que se lle vai dar a eses cartos concretando o que non vimos concretado non expediente, polo tanto entendemos que o que se fai hoxe aquí é pedirnos un acto de adhesión ao goberno deste Concello que non estamos dispostos a darlle, aínda que nos gustaría apoiar esta proposta anuncio a nosa abstención, como xa fixemos na comisión delegada.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

A continuación concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.





**O Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Con esta modificación de crédito plantéxanse, ao noso entender, dous problemas. Un primeiro problema de forma e outro de fondo. Hai un problema de forma porque se pretende contar co voto dos socialistas ou se pide que todo o mundo apoie esta proposta para levar adiante unha serie de obras nas parroquias pero, curiosamente, non se conta cos socialistas á hora de establecer os criterios de como efectuar este gasto. Se nos pon diante un paquete de obras, nunha especie de, se me permiten a expresión, de “trágala”, sen que se nos explique por que estas e non outras e tampouco se nos permita participar na escolla de aquelas obras que deban acometerse con carácter prioritario ou urxente. Porque teño que dicir que nós non estamos de que se fagan estas obras nin unha outra pero, ao igual que estas, hai unhas cuantas máis que son tanto ou máis necesarias que estas e a nós nos gustaría que cando se nos propón e se nos pide que participemos co noso voto antes se nos teña en conta tamén para fixar os criterios.

En política, Sr. González e Sr. Lores, as formas teñen a súa importancia. Cando alguén busca a complicidade ou o apoio doutra forma política debe ter claro que debe falar con ela e buscar entendementos e eses entendementos é normal que supoñan cesións por ambas partes. Plantear unha modificación de crédito neste Pleno sen falar nada de nada cos socialistas esperando que, como se trata de obras no rural, vamos a votar a favor xa lles anuncio que é unha estratexia equivocada, salvo que o teñan pactado con outras forzas políticas.

Estamos ante un novo escenario onde o Alcalde, lexitimamente, escolle con quen quere pactar e con quen quere sacar adiante as súas propostas. Polo que lle acabo de escoitar aquí ao compañeiro de Marea con el tampouco pactaron nin faloron, polo que, só nos queda pensar que decidiron vostedes chegar a acordos coa dereita, tal e como xa fixeron no Pleno de organización do Concello. Nada que obxectar, nada que obxectar, se a decisión do Sr. Alcalde é chegar a acordos coa dereita está dentro da súa lexitimidade, faltaría máis, incluso fíxese que o entendo, ao final vai a resultar que vamos a ter que parafrasear aquel título daquela obra de “os extremos se tocan”.

Pregúntome eu, en todo caso, cantos dos que fai mes medio votaron ao Alcalde o fixeron sabendo que os acordos íanse a facer coa dereita, porque vostede sabe que chegar a acordos coa dereita é facer políticas de dereita, ou debería sabelo, Sr. Lores. Polo tanto, dende o noso punto de vista, erro importante nas formas.

Pero erro moito máis importante no fondo, e o fondo do asunto é a falta de criterio á hora de establecer políticas de gasto. Vostedes atópanse con que estamos a mes de xullo, que hai que utilizar parte dos remanentes, fan unha lista ao chou de obras coas que cumprir sen ningún tipo de criterio obxectivo ou de razoabilidade. Nin aquí, na intervención do Concelleiro de facenda, nin na Comisión se nos explicou claramente cal era o criterio que se seguira para elixir esas obras. Unha penuria. A min non me colle de sorpresa, eu xa sei como funcionan determinadas áreas do BNG, o importante é vender o produto e unha boa política de comunicación pode tapar calquera debilidade de plantexamento. En resumo, moita lería e que traballen outros.

Eu xa sei que isto é predicar no deserto, pero xa non é a primeira vez que se lles di que as cousas necesitan certa programación, porque senón acabamos gastando máis ou facendo chapuciñas como as que acostumbra a facer, entre outros, o Sr. Bará, un auténtico especialista en vender o mesmo catro ou cinco veces e logo favelo mal, dígollo con cariño, Sr. Bará. Mentres funcione a política de comunicación

parece que da igual. En todo caso sempre queda o recurso a dicir que o que está en contra do que propón Lores está en cotra do modelo de cidade. O feito é que, desgraciadamente, en canto nos alonxamos 500 metros da Peregrina a xestión do Sr. Alcalde é un caladeiro cheo de buratos e, con respecto ás parroquias xa non hai nin caldeiro, só hai buratos.

Como vostedes non teñen un proxecto, o proxecto morreu no ano 2011 cando o Partido Socialista deixou de levar o rural, nin un plan, nin nada de nada, o que fan é coller así unhas cantas obras ata sumar a cantidade dispoñible e ala, para o Pleno. Comezan vostedes este mandato na improvisación, ata tan punto que o expediente é un pouquiño lamentable, basta botarlle unha ollada para comprobar que hai cuestións que rozan o ridículo. Nós non podemos estar de acordo con este sistema de xestión tan rupestre que tanto lle gusta a vostede, Sr. Alcalde, por iso somos tan críticos con el, xa o eramos antes, vostede ben o sabe. Vostede ten equipo de sobra para facer plans de obras e de necesidades do rural moito máis sensatos que este.

Insisto, a nós non nos gusta como xestionan as cousas pero nós non seremos os que vaimos a prexudicar aos veciños do rural. Nós, por esta vez, repito, por esta vez, imos a absternos, pero teñan claro que si no futuro non son capaces vostedes de actuar con máis criterio o posicionamento será diferente.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

Seguidamente concede a palabra ao Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Rafael Domínguez Artime.

**O Sr. Domínguez Artime:** La prudencia debe siempre regir las decisiones económicas y mucho más las decisiones tomadas acerca del uso de caudales públicos. Con la aprobación actual el Concello se queda con un margen de manobra muy escaso. Teniendo en cuenta la pesada losa de deuda que pende sobre este Concello debido a la arbitrariedad y la irresponsabilidad de sus dirigentes en los últimos años y ya que no se han consignado fondos para el pago de dicha deuda la situación puede llegar a ser complicada, esto es un aviso para navegantes. No obstante, el uso de dichos fondos para el rural viene a paliar de forma muy limitada a una población históricamente olvidada por este Concello por lo que, no renunciado fiscalizar el gasto, nosotros lo vamos a aprobar.

Muchas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Domínguez.

A continuación concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's.

**A Sra. Rey Martínez:** Realmente si hay un pacto entre la derecha y el Bloque Nacionalista yo, realmente, les felicito porque creo que hay que empezar a poner por encima de las siglas las necesidades de los vecinos, independientemente de que todos queramos decidir cual es el camino que hay que arreglar, si el de la derecha o el de la izquierda para llevarnos el mérito. Nosotros aprobaremos cualquier modificación de crédito destinada a solventar las carencias de las parroquias y, evidentemente, vamos a apoyar la medida, sin pacto alguno.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey.  
Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: A débeda do Concello de Pontevedra son 17.500.000 euros, xa quixeran o 90% dos concellos ter tan pouca débeda, porque non chega nin ao 30%, ou sexa, tradución, é como se usted gana 50.000 euros e entre piso, coche e prestamos persoais só debe 15.000, algo que podería abordar nun só exercicio económico, co cal mire vostede os parámetros de débeda do Concello de Pontevedra e débeda por habitante, son dos máis baixos das capitais de provincia e das cidades, creo que Vigo está un pouco máis baixo, o que ten a súa explicación porque cando gobernou o Partido Popular non lle deixaron facer orzamentos e entón amortizou e non pediu préstamos, é sa a razón de fondo.

Agora que se fala moito de cuestións de Grecia e tal, incluso o meu compañeiro falaba de Grecia hai un momento, da Grecia clásica pero bueno, podemos seguir refiríndonos ás cuestións gregas, dicía o Presidente do Goberno que tiña unha débeda do 90% do PIB, realmente é falso porque debe o 200% do PIB, quen debe máis do 90% do PIB é o estado español, mire, en términos PIB o Concello de Pontevedra, se calculamos o PIB da cidade de Pontevedra o que adebedaríamos sería 0,93%, aproximadamente, é dicir nin un punto. Polo tanto, en canto á débeda, agradecendo cariñosamente e encarecidamente o apoio á modificación, pois non é esa a xustificación, os parámetros do Concello de Pontevedra son bos, por non dicir moi bos.

En canto á propia modificación dicirlles que pasaron polos concellos parroquiais, pasaron polos consellos escolares do centro, as medidas de accesibilidade, melloira, etc., polo tanto a práctica totalidade das actuacións foron consensuadas, foron faladas e foron participadas. Evidentemente hai máis pero as cousas hainas que ir facendo pouco a pouco e estas, como nos toca gobernar, son as que consideramos prioritarias, temos máis listado, non e este a cuestión, temos máis listado.

Tamén dicirlles, por último, que en inversións só neste ano no rural de Pontevedra, incluídos estes dous millóns, por certo, van ser cinco millóns de euros e o ano pasado tamén unha inversión cuantiosa, o ano anterior igual, etc. Outra cousa é que teñamos un rural grande con moita poboación, pasa dos 20.000 habitantes, moi extensa, e temos que administrar recursos escasos pero, dende logo, vamos chegando e vamos resolvendo as necesidades aos veciños.

Moitas grazas.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 20 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; e 1 do grupo Mixto-C's) e a abstención de 5 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal de Ma.Po), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 8/2015 (2 CEXT/2015), Mediante Crédito Extraordinario por un importe total de DOUS MILLÓNS DE EUROS (2.000.000,00.- ,EUROS) financiándose mediante Remanente Líquido de Tesouraría na súa totalidade con arranxo ao seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CREDITO EXTR.	FINANCIAMENTO RTGX (870.00)
------------	--------------	---------------	-----------------------------

10.153.4-619.72	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CALIDADE URBANA NO RUAL. FASE I	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
TOTALS		2.000.000,00 €	2.000.000,00 €

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria 8/2015 (2 CEXT/2015), considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Incidencias.- Auséntase da sesión don César Alberto Abal González.

## 6.- ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN. APROBACIÓN PROVISIONAL.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Ma.Po), da Comisión de Economía e Facenda, de data 15.07.2015, emitido sobre a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, de data 27.02.2015, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 10.07.2015.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Raimundo González Carballo, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. González Carballo**: Esta ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección ven a substituír á que temos vixente dende o ano 2009. Se foron introducindo daquela modificacións puntuais a esa ordenanza pero era necesario, en función tanto de adaptación á normativa vixente como a criterios de interpretación xurisprudencial, facer unha modificación máis profunda, modificación que, unha vez analizada, chegouse á conclusión de que era mellor derogala e facer unha nova que non introducir cantidade de aspectos parciais. En base a eso foi elaborada polo Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria e, en todo caso, o que se pretende é mellorar e simplificar as normas para os obrigados tributarios, reducir as cargas administrativas e afondar no cumprimento do principio de xustiza tributaria polo que cada cidadán debe contribuir ao sostemento do gasto público de acordo cos principios de igualdade e progresividade tributarias.

En todo caso, nesta ordenanza as cuestións que máis, digamos, mudan son as relativas a fraccionamento e aprazamento de débedas, así se regula o aprazamento das mesmas e non é necesario constituír garantía para aquelas débedas inferiores a 6.000 euros, ata agora era 1.500 euros ou, por exemplo o tema do IBI se regula de igual maneira que se viña regulando na medida en que se contemplan dous prazos de pago, un o 20 de xuño e outro o 1 de outubro. Así mesmo, que non estaba apenas regulado na ordenanza anterior, o que é o procedemento de inspección, o



plan de inspección, actas, etc., se regulan de maneira máis exhaustiva.

En definitiva, é unha ordenanza de funcionamento que pretendemos que mellore a seguridade xurídica dos veciños e veciñas do concello.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. González Carballo.

A continuación concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Evidentemente si se compara coa ordenanza anterior sería malo que empeorásemos pero nós non vemos que se mellorara moito. Nós xa falamos no punto anterior de improvisación e creo que neste tamén debemos falar de certa improvisación, a pesar dos 5.800 días que leva o Concelleiro de Economía e Facenda sendo Concelleiro de Economía e Facenda. Nós xa anunciamos na comisión que non vamos a apoiar esta proposta e xa dixemos por que na comisión. Esta é unha ordenanza que está pensada máis para a administración que para o administrado. Esta pensada máis para arreglar ou facilitarlle a vida á administración que para arranxar e facilitarlle a vida ao administrado. Pero ademais é unha norma que carece do rigor necesario cando se está falando de asuntos tan importantes como son a xestión, a recadación e a inspección. Unha ordenanza que, tal e como se viu e se dixo na comisión, carece de dirección política, está feita polos técnicos e esta feita para os técnicos, para non complicarse a vida; e eu entendo e comparto o que dicía o compañeiro Vicente García Legísima con respecto ao que é a labor dun Concelleiro de Patrimonio pero non podo compartir que nunha cuestión que afecta aos contribuíntes non haxa unha dirección política de como se teñen que enfocar as ordenanzas fiscais, porque a labor do seu goberno, Sr. Alcalde, debe realizarse pensando nos cidadáns como contribuíntes e facilitarlles o cumprimento das súas obrigas e tamén de recoñecer os seus dereitos.

Eu supoño que vostede, como Alcalde, ignora o contido desta ordenanza e eu entendo que iso é lóxico, ten moitas cousas na cabeza e, ademais, confía no seu concelleiro pero se como Alcalde non a coñece tal vez debería coñecela como Miguel Anxo Fernández Lores, persoa física e contribuínte deste Concello. Voulle dar unhas cantas pinceladas do que lle espera a Miguel Anxo Fernández Lores, contribuínte formal deste Concello. Imaxínese que vostede ten unha discrepancia co Concello porque vostede entende na norma unha cousa diferente a que entenden os funcionarios, entón quere que llo aclaren ou que llo interpreten, pois resulta que a aclaración non a vai facer o Alcalde nin a Xunta de Goberno senón os propios órganos competentes na materia, ata aquí, home, o normal sería que informasen os órganos e que a aclaración a fixera o Alcalde, pero bueno, aínda que pareza unha delegación encuberta podería entenderse, pero o peor é que si vostede lle pregunta en que se basa a interpretación poderán contestarlle tranquilamente que nos seus propios criterios, non hai un límite baseado no sentido literal das palabras nin non seu sentido técnico ou xurídico, é máis, poderán dicirlle que aplican unha interpretación analóxica, porque a analoxía non está limitada na ordenanza, e pódolle asegurar que a aplicación da analoxía é un problema, aínda que vostede non o crea, polo tanto sempre se suele restrinxir o uso da analoxía.

Imaxine, ademais, que o cidadán Fernández Lores é unha persoa vinculada a unha entidade representativa no eido laboral ou empresarial e quere saber como estable-

cer algún tipo de colaboración sobre información tributaria co Concello de Pontevedra, algo que se practica moito, campañas de información e difusión, simplificación do cumprimento das obrigas, presentación e remisión a administración de autoliquidacións, etc., xa lle digo que vai dado, porque o único que se recolle é un parrapiño meramente anecdótico que expresa as pouquiñas ganas que ten o concello de que a súa organización colabore.

Como vostede, ademais, é un contribuínte concienciado quere saber cal é o tratamento que este concello lle vai a dar á denuncia pública, que é outra forma de información, pois vaia esperando sentado. O cidadán Fernández Lores decide facer unha consulta ao seu Alcalde e, en primeiro lugar, que saiba que nin a firmará el nin pasará sequera por Xunta de Goberno, será un funcionario o que lle conteste, se lle contesta, porque non hai establecido prazo para contestar. Por certo, a consulta só a poderá facer vostede como contribuínte porque se vostede pertence a unha cámara de comercio ou asociación empresarial, olvídense, porque non estará lexitimado para cer consultas, e vostede, que é home de mundo, dirá, home, isto non parece moi moderno, pero é así, é así. Supoñamos que vostede quere saber os prazos de pago, non aparecen regulados, nin se di como se regularán, por exemplo, mediante a publicación dun calendario fiscal, que é unha cousa bastante normal, nada de nada, xa a estas alturas vostede como contribuínte xa debería estar algo mosca. O contribuínte Fernández Lores decide pedir un aprazamento de débeda e quere saber que documentos ten que aportar, ponse a ler a ordenanza e descubre que non aparecen recollidos, entón di que seguridade xurídica teño eu se non aparecen na ordenanza os criterios poden mudar segundo lle conveña ao concello e o mesmo pasa coas débedas inferiores a 300 euros, todo pura discrecionalidade.

Para non aburrir, termino, o contribuínte que, como dixen antes, é un home de mundo, incluso estivo por Nova York e outros sitios, pregunta: non sería posible establecer un pago fraccionado de carácter mensual que permitise que o contribuínte fíxese fronte ás súas obrigas ao longo de todo o ano establecendo unha cantidade mensual, de forma que un non se vise tan asfixiado nalgúns momentos puntuais?, vostede xa sabe que iso existe noutras cidades dinámicas, pero aquí lle responden que si é posible pero non se inclúe porque a súa xestión é moi latosa, moi latosa, entón non se inclúe, e non digo máis.

O que digo é que está ordenanza é tremendamente mellorable e espero que vostede que como contribuínte é un contribuínte serio aplique o sentido común e a retire da orde do día, porque sería unha magnífica contribución aos dereitos dos cidadáns que se puidera modificar e mellorar coas aportacións de todos.

Nada máis e moitas grazas.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 19 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 6 presentes do grupo municipal do PP; e 1 do grupo municipal Mixto-C's), o voto en contra de 3 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 3 concelleiros (1 do grupo municipal do PP -artigo 100.1 do RD 2568/1986-; e 2 do grupo municipal Ma.Po), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Pontevedra que se propón.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido la lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de



marzo, o presente acordo de aprobación provisional, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles así como Boletín oficial da provincia do anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública. Aínda que se dá publicidade en tres medios, o prazo de 30 días contará a partir da publicación no Boletín oficial da provincia.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Pontevedra, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Cuarto.- Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a ordenanza, á publicación íntegra do acordo de aprobación, así como do seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión don César Alberto Abal González.

#### **7.- PROPOSTA DE CUMPRIMENTO DE EXECUCIÓN DA SENTENZA 184/2014 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DITADA NO PO 4002/2014 RELATIVO AO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE 18.11.2013, DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 4 DO PEPRICA QUE ATINXE AO PREDIO DO EDIFICIO SITO NA RÚA MICHELENA Nº24.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente, de data 02.02.2015, emitido sobre a proposta do director xeral da área de Urbanismo, de data 19.05.2015, relativa ao cumprimento de execución da sentenza 184/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no PO 4002/2014 relativo ao acordo do Pleno do Concello de 18.11.2013, de aprobación da modificación puntual número 4 do PEPRICA que atinxe ao predio do edificio sito na rúa Michelena nº24..

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro**: Gracias, Sr. Presidente.

Este asunto xa parece ser un asunto que está dando moitos tombos xudicialmente, non sabemos se vai a acabar como o rosario da aurora, como está pasando co caso Veteris, e o que si nos gustaría saber é se o Concello vai ter, algún día, que asumir algún tipo de responsabilidade neste asunto. Polo tanto, iso debería estar claro e debería se nos informar ao respecto porque estivemos indagando neste expediente e hai xa unha morea de pleitos por esta obra.

En todo caso, trátase o que se trae aquí hoxe da execución dunha sentenza, nós non imos propugnar, Sr. Fernández Lores a insumisión nin as leis nin o desacato das sentenzas e, polo tanto, imos apoiar esta proposta porque de cumprir unha sentenza se trata, pero pense vostede que isto é unha consecuencia de algo e está tendo máis consecuencias, hai máis litixios abertos neste tema e, polo tanto, sería bo en aras da transparencia que nos informaran que tipo de responsabilidades, se é que hai algunha responsabilidade, pode ter que asumir o concello no futuro por este asunto que, dende logo, non se ventilou moito publicamente pero que ten a súa importancia.

Nada máis e moitas gracias.

Rematado a intervención do portavoz do grupo municipal do Partido Popular e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 23 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's) e a abstención de 2 concelleiros (2 do grupo municipal de Ma.Po), e de conformidade co ditame da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente, presta a súa aprobación á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Tomar razón, executar e levar a puro e debido efecto, nos seus propios termos, a parte resolutive da Sentenza nº 00184/2014 ditada en data 26 de febreiro de 2015 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no procedemento ordinario 0004002/2014, relativa ao acordo do Pleno do Concello de 18/11/2013, de aprobación da modificación puntual nº 4 do Plan Especial de Protección Reforma Interior e Conservación artística do conxunto histórico artístico de Pontevedra, no que atinxe ao "Rueiro Z4-C52 Elemento 16", predio e edificio sito na rúa Michelena nº 24, (DOG do 24/12/2013 e BOP do 15/01/2014), que se anula á vez que ordena a retroacción das actuacións do procedemento co fin de que se recabe da Consellería de Cultura informe sobre a modificación do devandito plan especial.

Segundo.- Retrotraer en execución de sentenza as actuacións do procedemento de modificación do PEPRICA con notificación do presente acordo aos interesados, á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e á Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, ás que se lles remitiu unha copia autenticada de dous exemplares do instrumento corrixido cuxa aprobación foi anulada, con todo os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados no seu intre pola Secretaría Xeral do Concello, interesando expresamente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, a emisión do informe que prevé o artigo 45.1 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, en relación co artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao respecto do instrumento urbanístico redactado polo arquitecto Xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, de data xullo de 2013, denominado "Modificación Puntual núm. 4 do PEPRICA no elemento Z4-C52-16" que abrangue a ficha 4-52-16 corrixida, que substitúe o "nivel de protección" do predio e edificio sito na rúa Michelena nº 24, pasando de "ambiental A para as plantas existentes" a "ambiental B", consonte ás determinacións do propio PEPRICA, así como aos planos denominados "Hoja O-7: niveles de protección" e "Hoja 52-P:Alzados Z4-C52 propuesta", informe, que se entenderá positivo transcorridos tres meses dende a súa presentación.

Terceiro.- Dispoñer que se publicite o presente acordo mediante anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos do Concello de Pontevedra e na páxina web [http://www,Pontevedra.eu](http://www.Pontevedra.eu).

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Sección segunda da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

**8.- RATIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SÚA SESIÓN DE 19.06.2015, EN RELACIÓN COAS ALEGACIÓNS FORMULADAS NO TRÁMITE DE AUDIENCIA DO EXPEDIENTE DE CADUCIDADE DE CONCESIÓN OUTORGADA A ENCE POR ORDE MINISTERIAL DE 13.06.1958.**





De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do PP e Mixto-C's), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 14.07.2015, emitido sobre a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19.06.2015, en relación coas alegacións formuladas no trámite de audiencia do expediente de caducidade de concesión outorgada a ENCE por Orde Ministerial de 13.06.1958.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: Gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Antes de nada unha cuestión de prazos polas datas tivo que ser a Xunta de Goberno Local a que mandara o informe porque estabamos en pleno período de constitución da Corporación e, polo tanto, o Pleno non estaba operativo e enviouse e agora ven a ratificar polo Pleno.

Con respecto ao fondo, creo que é suficientemente coñecido, a postura da maioría desta Corporación leva sendo, dende hai moitos anos, a de adoptar todas as medidas que sexan da súa competencia ou que poidan ter algunha incidencia na dirección de que ENCE e ELNOSA vaian pensando ou rematen no 2018 ou antes se é posible, obviamente non é a situación na que estamos pero a vontade desta Corporación, manifestada reiteradamente, foi esa.

Con ese ánimo e dentro dos mecanismos legais se hai algún trámite de audiencia como é destes sobre o expediente de caducidade pois o Concello persónase e presenta as alegacións nesa dirección, obviamente, dentro das posibilidades e dentro da normativa. En síntese, parece francamente forzar a normativa dunha maneira bastante esaxerada, por non ser máis duros, a proposta que fixo Costas, ignora bastantes feitos que se puxeron de manifesto tanto por este Concello como por outras asociacións e que consta no expediente que son bastante claros e que demostran unha vontade bastante firme e sorprendente, por outro lado, porque Costas, en principio debería estar para tutelar o dominio público marítimo terrestre, non para facilitar permanencias ou concesións que, obviamente, deterioran ese dominio.

As alegacións feitas polos funcionarios e que nós asumimos poñen sobre o tapete todo ese tipo de erros, de ignorancias de fondo e demais. Cumprimos, a esperanza de que vaian a ter sido en conta, en principio, non parece que sexan moi altas pero, dende logo, manifestar tamén a vontade deste Concello de que se non se teñen en conta esas alegacións na parte que son feitos materiais e que, polo tanto, non se poden sesgar ou terxiversar, tal e como está facendo na proposta, pois sempre quedará aberto o camiño do contencioso ou o que sexa. Este goberno e esta Corporación, maioritariamente e reiteradamente, de exercer todas as posibilidades que estean nas súa mans para evitar que se consolide de por vida aí o complexo ENCE-ELNOSA.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas grazas, Sr. Mosquera.

A continuación, concede o uso da palabra ao concelleiro do grupo municipal Marea Pontevedra, don Luis Rei Núñez.

O **Sr. Rei Núñez**: Moitas grazas e moi concisamente.

A causa a favor de que ENCE non siga na ría vai contar sempre co apoio de Marea Pontevedra. Rebatemos o informe de Costas que invocou agora mesmo o Sr. Mosquera aquí e por iso apoiamos tamén a ratificación destas alegacións no expediente de caducidade da concesión outorgada a ENCE en 1958.

Procede invocar o Plan de Ordenación do Litoral e as directrices de ordenación do territorio de cuxa lectura é lícito tirar a conclusión de que os terreos gañados ao mar pola factoría deben recuperarse. Tamén son argumentos de peso, mesmo de maior peso, o feito de que non conste acordo de transferencia da concesión na operación de venda consumada no seu momento e a falta, tamén, de licenza municipal para determinadas obras, que é evidentísima, e mesmo para a propia permanencia de ENCE nos terreos de Lourizán, que tamén é evidente. Isto produce unha alteración do título concesional á que hai que unirlle unha condena por delito ecolóxico do ano 2002.

Esta pois máis que xustificada que o Concello defenda a caducidade da concesión e por iso Marea Pontevedra vota a favor desta proposta.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

Seguidamente concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Brevemente. Este é un asunto que se inicia no ano 2005, cando unha asociación ecoloxista presenta a primeira solicitude para iniciar o procedemento de caducidade e de aí se vai derivando todo o procedemento ata chegar á sentenza final do Tribunal Supremo na que se recoñece ou se impón a obriga a administración de incoar o expediente de caducidade.

É unha pena que ese expediente se iniciase no 2005 por unha asociación ecoloxista e non no 2000 polo propio Concello de Pontevedra porque a estas alturas xa estaría resolto e non estaríamos con estes vaivens provocados agora por una modificación da Lei de costas auspiciada polo Partido Popular. Me gustaría que ese anuncio que fai o concelleiro, o Sr. Mosquera, de que aínda queda aberta a vía do contencioso administrativo se as alegacións son rexeitadas fora tida en conta hai 15 anos para iniciar, dende o propio concello, un procedemento que se puido iniciar e non se quixo iniciar dende o concello, dende o órgano municipal, porque seguramente a estas alturas, como digo, estaríamos nunha situación ben distinta con respecto ao tema das marismas de Lourizán.

A realidade é que o procedemento de caducidade, as cuestións incluídas ou que se inclúen no procedemento de caducidade son moitas e moi fundadas, a algunha xa fixo referencia o compañeiro de Marea pero hai outras moitas que se recollen na propia demanda que se presentou pola asociación ecoloxista no seu momento e que, evidentemente non vou eu aquí agora a relatar porque sería demasiado extenso e tampouco viría a conto pero, en todo caso, hai moitas e moi fundadas razóns para que o procedemento de incoación da caducidade siga adiante. Por iso non se entende oi ben que un funcionario de Costas poida emitir un informe como o que emite. Non se entende moi ben. Non se entende moi ben que visto o que se ve nas marismas de Lourizán parece que o único problema que hai é o campo de fútbol, é que sona a coña, sona a moita coña que alguén poida pensar que o único que incumprimento que hai nas marismas de Lourizán sexa que hai un campo de fútbol.



Todos sabemos, non fai falta ser estudado nin ter un máster, todos sabemos que ENCE durante moitos anos fixo o que lle deu a gana e iso implica, non só contaminar a ría, senón facer dentro dos terreos da concesión todo aquilo que quixo, incluída unha planta de biomasa para explotala economicamente e sacarlle beneficio e rendabilidade económica sen ter nin autorización nin concesión para elo. Este é un dos problemas ou das cuestións nos que se incidía no seu momento como causa de caducidade, ademais de outros moitos que figuran no expediente.

Nós evidentemente vamos a apoiar, como non pode ser doutra maneira, as alegacións presentadas ou que se van a presentar polo Concello de Pontevedra e esperamos, ademais, que se teñan en conta tanto polo Ministerio á hora de resolver como, no caso de que non sexa así, no futuro polo tribunais á hora de resolver sobre as causas de caducidade.

ENCE ven sendo un elemento de debate dende hai moito tempo en Pontevedra. ENCE chega cara o ano 2018 nunha situación de fortaleza que debería terse evitado si dende o propio Concello se houbera actuado con máis axilidade e con máis interese que apoiar, simplemente, unha manifestación dun día. Non foi así e agora nos encontramos na situación na que nos encontramos. Eu todavía espero e confío, porque non podo pensar doutro xeito, que o traballo que se fixo dende o ano 2015, un traballo de documentación exhaustivo que figura no expediente, de lugar a que as causas de caducidade sexan tidas en conta polo órgano competente e que iso conleve o que debe conlevar que é o cumprimento da legalidade. Porque no fondo o que se está pedindo é que se cumpra a lei, que, exactamente igual que aos demais e aos demais mortais se lles aplica a lei e se lles obriga a cumprila, é empresa ENCE tamén se lle aplique a lei e se lle obrigue e cumprila. É o único que se pide, non se pide nada máis que iso, polo tanto esperamos que estas alegacións cheguen a bo porto e que supoñan a aprobación do inicio de expediente de caducidade e a resolución favorable aos intereses da maioría dos pontevedreses.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

A continuación dá a palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, Sr. Presidente.

Aquí estamos noutro caso máis no que a unha administración condenada, neste caso ao goberno do Estado, se lle obriga a executar unha sentenza, nese punto nos encontramos. Se está dando cumprimento a unha sentenza que ordena incoar un procedemento de declaración de caducidade, se está tramitando, está todo, por tanto, dentro da normalidade e a Corporación fai as súas alegacións. Pero aquí nos atopamos con que quen fai as alegacións é o goberno e despois de mandar as alegacións pois as traen por aquí para que as ratifiquemos, xa a toro pasado, esas alegacións xa están presentadas, isto non é novidade, xa pasou noutros expedientes e mesmo neste mesmo expediente pasou no mes de marzo, cando no Pleno de marzo tamén se trouxo aquí a ratificar unhas alegacións que xa o goberno presentara unilateralmente. Polo tanto, ese só aspecto é suficiente para que nos absteñamos posto que non ten ningún sentido que nos pronunciemos hoxe aquí sobre algo no que o goberno xa se tomou a liberdade de falar por todos.

En todo caso, o que nos preocupa nestas alegacións que fai o goberno é saber que vai a pasar coa depuradora porque Pontevedra xógase moito si se declara que esa

depuradora non pode estar aí e hai que precintala. Pregúntome eu cal é o plan B se nos quitan a depuradora de Praceres. Nós preocupa tamén o campo de Fútbol, claro que nos preocupa porque é importante, hai moitos rapaces xóvenes que xogan alí, hai un clube de fútbol alí en Lourizán e non sabemos cal vai ser a alternativa para ese equipo de fútbol, nos preocupa tamén. Pero sobre todo o que nos preocupa, como acabo de dicir, é que non se contempla a necesidade de preservar o exercicio por parte da administración hidráulica de Galicia das súas competencias respecto ao servizo de depuración de augas residuais que está prestándose actualmente a través da depuradora de Praceres e tamén do emisario submarino á marxe esquerda da ría de Pontevedra, de tal forma que se consiga garantir a necesaria seguridade xurídica das citadas instalacións de mantemento. Iso é o que nos preocupa, porque hai un servizo moi importante para Pontevedra que parece que aquí se está pasando por alto, entón paréceme un pouco de temeridade dicir que si, que se declare a caducidade pero non se diga nada sobre a depuradora, porque para Pontevedra é moi importante.

Polo tanto, como dixen antes, ímonos abster nestas alegacións que son alegacións do goberno e que non ten ningún sentido, ningún sentido, que se traian hoxe aquí á Corporación ao Pleno cando xa o goberno se pronunciou. Gustaríanos, en todo caso, poder apoiar estas alegacións con este contido porque iso significaría que o goberno do Sr. Fernández Lores, ao longo dos 16 últimos anos, tería buscado unha alternativa industrial á que hoxe se atopa aí neses terreos e si poderíamos recuperalos. Pero hoxe por hoxe, coa situación económica e laboral pola que está atravesando Pontevedra, moitísimo peor comparativamente co resto das cidades de Galicia, non permite que poidamos prescindir alegremente de postos de traballo, como prescindimos alegremente, no seu día, dos postos de traballo de Tafisa, por poñer un exemplo.

Polo tanto, a min me preocupa a alternativa empresarial, a alternativa de emprego pero tamén a alternativa no que se refire a un servizo básico que é a depuración das augas residuais do seu concello, Sr. Fernández Lores.

Nada máis e moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Moi brevemente.

Primeiro, creo que si que fixen antes referencia as datas, creo que esta Corporación coa composición do pasado rematou o 24 de maio e ata o 13 de xuño non se constituíu e o 18 de xuño organizouse e quedouse en que había un Pleno e os prazos eran os que eran, senón no alegaríamos, polo tanto creo que está sobradamente xustificado.

Nós xa sabemos que a EDAR ten os seus problemas e que o PP ten a liña de que o problema é a EDAR. Mire, á EDAR na resolución, na proposta de resolución, non lle pon ningún problema porque é algo compatible co dominio público marítimo terrestre, que pode ter problemas no futuro?, si pero xa sabemos que a indución política do PP para facer este informe era centralo na EDAR e non ao outro porque así o fixeron outros concellos e así o fixeron onde vostedes tiñan a responsabilidade de facer o informe, xa o sabemos. En todo caso, a EDAR de Praceres, tanto pola Lei de augas, das rías, como polo servizo que presta non é, precisamente, unha EDAR



municipal, é claramente supramunicipal e xestionada pola Xunta, agora se o deporte é o que é, claramente supramunicipal e xestionada pola Xunta e resulta que é un problema do Concello de Pontevedra e, a parte, ata nominalmente do Sr. Fernández Lores e cousas polo estilo, bueno, xa sabemos que son os enredos políticos típicos pero non corresponden para nada co asunto de fondo.

Unha precisión, non ten agora ningún sentido pero, unha precisión: cando o Concello de Pontevedra estaba nunha batalla moi dura no 2004-2005 contra o proxecto sectorial e, incluso, paralizano certas obras e cando a asociación se dirixiu a nós, a min persoalmente, para intercambiar información díxennos que tiñamos as portas abertas e que podíamos ir da man, pero non quixo, polo menos quen veu falar comigo, polo tanto cada un fixo a súa función e benvido fora pero o Concello estivo nunha batalla bastante seria tanto en contra do proxecto sectorial como, incluso, paralizano as obras porque non tiñan licenza e, en concreto, esta parte ganouna porque senón agora teríamos aí a planta de papel-tisú e, polo tanto, moi probablemente non estaríamos falando da posibilidade de que se marchara no 2018 senón de todo o contrario, estaba iso súper consolidado.

En todo caso, o trámite é o que é, creo que quedou claro e creo que este vai ser un asunto que vai a dar, por desgraza, moitas voltas e a min o que me resulta tremendo é que unha empresa que se privatiza, que se compra coa garantía ou coa obriga de que no 2018 se marche, e polo tanto debe ter amortizado, de repente se dea por suposto que parece que vai ter dereito a unha prórroga que, obviamente, sería absolutamente disparatada. Despois temos que ler nos periódico todos os días non sei que historias de beneficios espúreos, corruptelas, tramas ou o que sexa, aquí estamos falando de moitos millóns ou centos de millóns de euros que, francamente, se non cheiran mal apestan ou que se supón, agardemos que non suceda.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 17 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 2 do grupo municipal Ma.Po) e a abstención de 8 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; e 1 do grupo municipal Mixto-C's), e de conformidade co ditame da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19.06.2015, en relación coas alegacións formuladas no trámite de audiencia do expediente de caducidade de concesión outorgada a ENCE por Orde Ministerial de 13.06.1958.

#### **9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á REALIZACIÓN DE UNHA CONSULTA POPULAR SOBRE A CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA NO FUTURO PXOM DE PONTEVEDRA DOS TERREOS OCUPADOS POLA EMPRESA ENCE, SA NAS MARISMAS DE LOURIZÁN E A SÚA REPERCUSIÓN NA PERMANENCIA DE ENCE MÁIS ALO DO ANO 2018.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame desfavorable, por maioría (en contra os grupos municipais do BNG e Mixto-C's e abstención os grupos municipais do PP e Ma.Po), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 14.07.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á realización dunha consulta popular sobre a cualificación urbanística, no futuro PXOM, dos terreos ocupados pola empresa ENCE nas

marismas de Lourizán e a súa repercusión na permanencia de ENCE máis aló do ano 2018.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, é do teor literal seguinte:

“Os terreos en cuestión veñen sendo ocupados dende o ano 1959 pola empresa ENCE S.A. en virtude de concesión administrativa. Esta concesión autorizou no seu día a instalación dunha fábrica de pasta de celulosa kraft. A Lei de Costas de 1988 e o Regulamento que a desenvolve establecen que a concesión rematará no mes de xullo de 2018.

O Goberno do PP, aplicando a súa maioría absoluta no Congreso dos Deputados, levou a cabo unha modificación legal que permitiría unha nova prórroga da concesión, co obxectivo non disimulado de que a empresa continúe a súa actividade no actual emprazamento varias décadas máis.

Os Socialistas temos manifestado que ENCE tense que ir da ría de Pontevedra en canto remate a súa concesión, participando da idea de que o noso concello e os veciños xa pagaron un precio moi elevado pola presenza da industria. Ademais, defendemos o traslado da actividade e un plan de industrialización racional de Pontevedra para mitigar os efectos laborais de dito traslado.

Dende o punto de vista dos Socialistas, a pretensión da empresa e do PP de que o complexo se eternice en Lourizán é un erro urbanístico e medioambiental que terá graves repercusións para Pontevedra e a súa bisbarra. Para acadar ese obxectivo é necesario que todas as Administracións se senten a traballar de inmediato co horizonte en xullo de 2018. Esa é a postura do PSOE, coincidente coa acordada unanimemente, por todas as forzas políticas, no Parlamento galego.

Pontevedra está inmersa dende hai moito tempo na elaboración dun novo PXOM, que debe ordenar urbanisticamente todo o territorio municipal, incluídos os terreos aos que fai referencia esta Proposta. Lamentablemente para os intereses xerais de Pontevedra, os responsables de impulsar este instrumento urbanístico, vital para o desenvolvemento socioeconómico da cidade, levan moitos anos negándose a avanzar, escudándose en gran maneira nas disputas co Partido Popular sobre a cualificación urbanística das marismas de Lourizán. É dicir, con argumentos pouco creíbles cos que uns e outros só tentan de agochar a súa propia incapacidade para abordar e dar solucións aos grandes temas pendentes para Pontevedra e para Galicia.

O PSOE de Pontevedra defendeu durante na campaña electoral, e así se reflicte no noso programa, a vontade firme de propiciar e impulsar a participación cidadá na toma das grandes decisións como elemento decisivo na política de apertura e transparencia das institucións. Nada máis democrático que consultar aos veciños e veciñas sobre os asuntos que lles preocupan e que poden afectar á súa calidade de vida.

A participación social non debe ser un mero recurso retórico e a cidadanía esixe a súa plasmación concreta máis alá de cuestións anecdóticas e sen transcendencia para as grandes liñas da política municipal. Os Orzamentos participativos a iniciativa popular para a presentación de mocións e propostas diante deste Pleno e, por suposto, a consulta popular, na liña da presente Proposta, son exemplos claros dun compromiso real.

Por todo elo, o grupo municipal socialista presenta diante do Pleno da Corporación



a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Iniciar con carácter inmediato os trámites para a realización dunha consulta popular nos termos establecidos pola lei 7/1985 e a lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, sobre a situación e cualificación urbanística dos terreos das marismas de Lourizán, nos que está instalada a empresa Grupo Empresarial ENCE S.A.
- 2.- Acordar que a pregunta que se plantearía aos pontevedreses/as sexa a seguinte: ¿Considera adecuado que no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal os terreos que na actualidade ocupa ENCE nas marismas de Lourizán teñan a consideración de solo industrial, facilitando así a permanencia da empresa na ría de Pontevedra?”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O **Sr. Fernández González**: Empezo cunha proposta de rectificación ao fío do informe feito no seu momento polo Secretario da administración indicando que na moción cando se fala de “instar ao Pleno” debe dicir “instar ao Alcalde”, que é o competente na materia, polo tanto solicitamos que se proceda a esa pequena variación formal para que poida levarse adiante a proposta de consulta popular.

Durante a precampaña e a campaña electoral todos os partidos políticos, todos sen excepción, falamos de participación cidadá, do preocupados que estabamos todos pola desafección dos cidadáns sobre a política e de que era necesario buscar fórmulas para que os cidadáns participasen máis activamente na política e non só o día das eleccións. De que a situación actual non era boa para o sistema democrático e todos falamos de darlle voz, de deixar que opinasen e de non ter medo a escoltalos.

Todos falamos, polo tanto, de activar mecanismos de participación cidadá. Os socialistas falamos de utilizar os recursos legais que xa existen, a consulta popular ademais dos orzamentos participativos ou a iniciativa popular, entre outros. E o dicíamos convencidos e crendo que ese é o camiño que hai que seguir no futuro, sobre todo na política municipal, como política ademais máis próxima aos cidadáns; por iso incluimos no programa electoral, tanto a nivel federal como a nivel local, a necesidade de potenciar as consultas cidadáns naqueles asuntos de especial relevancia. O resto das forzas políticas fixeron máis ou menos o mesmo, todas falaron de darlle máis voz aos veciños, era o que se deu en chamar a nova política. E os socialistas cremos niso, non o puxemos para rellenar un espazo no programa nin para ser máis guais, nós comprometémonos porque cremos nelo e fixemos unha promesa electoral, dixemos no seu momento que propoíamos unha consulta popular sobre a permanencia de ENCE máis alá do ano 2018 nas marismas de Lourizán. ENCE e a súa situación veñen sendo, sin dúbida o tema máis controvertido de Pontevedra dende hai décadas, non hai elemento de discusión e debate político en Pontevedra que non pase pola permanencia ou non de ENCE na ría, agora máis alá do 2018 gracias ao Partido Popular. Porque ENCE e Pontevedra teñen unha situación que mudou cando o Partido Popular decidiu modificar unilateralmente a Lei de costas abrindo a porta a que o prazo remate non en xullo de 2018 senón que se poida ampliar por décadas, repito, por décadas.

O Partido Socialista teno moi claro, ENCE tense que ir de aí no ano 2018 porque así o día a lei, porque así está establecido, porque hai un acordo parlamentario firmado por todas as forzas políticas de que se ten que ir de aí no ano 2018 e isto xa o sabía

a empresa cando comprou as participacións públicas por un prezo escandalosamente baixo dado que, evidentemente, tiña que amortizar a súa inversión antes do 2018. Iso xa o sabía no momento da compra e, polo tanto, ven puido poñerse a traballar no que sería o traslado da actividade.

Que a industria de pasta de papel e o peche do seu ciclo é importante non o dubida ninguén, nós non o dubidamos, pero nós avogamos pola reubicación da actividade a poder ser dentro da comarca, porque cremos que o prazo de tempo que leva ENCE nas marismas de Lourizán está máis que esgotado e xa pagamos un prezo moi alto por tela aí durante tanto tempo. Tamén avogamos por construír dende o Concello un plan estratéxico que permitise definir como queremos que sexa a Pontevedra do futuro e ese é un traballo que ten que liderar un Alcalde comprometido e que hai que facer sen perda de tempo, non estamos para perder nin un minuto na senda de elaborar ese plan que nos permita saber que queremos que sexa a nosa cidade no futuro.

Xa fai moito tempo que vimos asistindo a un debate absolutamente estéril no que as forzas políticas nos cremos estar en posesión de toda a verdade e decidimos en función dos nosos votos como se iso nos dera un cheque en branco e non é así. Hai asuntos de especial interese nos que se debe escoitar directamente aos cidadáns. Polo tanto, de que estamos a falar aquí?, estamos a falar de cumprimento das nosas promesas e iso significa de deixar que os veciños participen, e eu pregunto: quen ten medo a iso?, os socialistas non lle temos medo, os socialistas temos unha postura clara e a defenderemos, se se realiza a consulta defenderemos a postura de que ENCE ten que realizar o seu ciclo de vida nas marismas de Lourizán no ano 2018, pero queremos que sexan os veciños e veciñas os que decidan, queremos escoitalos.

Con respecto ao que pasou na Comisión e ao ditame que se trae hoxe aquí, a Postura do Partido Popular non me estraña, o PP e a participación son case conceptos antagónicos. A postura do BNG, unha vez máis aliñado coa dereita, iso si que é un elemento estraño, Sr. Alcalde, eu lle pregunto con que cara e con que lexitimidade vaise presentar vostede como campión da participación cando se nega a que os cidadáns decidan sobre un asunto de tanta transcendencia. Vostedes puxeron cantos atrancos puideron, non só agora, no só agora senón noutros momentos nos que se intentou tamén levar a cabo unha consulta popular. Neste caso O Sr. Mosquera, que din que sabe de todo, non tardou nin un día en anunciar que a consulta non se podía facer porque non cumpría os requisitos legais, alegando a supramunicipalidade da ordenación urbanística; o Sr. Mosquera parece que non sabe de todo e equivocouse, e cando se lle sacaban os argumentos técnico-xurídicos cos que vender a súa postura quédanse sen argumentos. Enchen vostedes a boca de que son o pobo, de que o pobo é o máis importante para vostedes, de que queren que o pobo participe, lle piden ao pobo que vaia a manifestacións, que vaia ás concentracións, pero cando se trata de que o pobo vote, ui, cuidado, eso non!, para eso xa están vostedes, para interpretar ao pobo.

Exhiben vostedes por aí, Sr. Alcalde, uns galóns de participación, creando consellos para que o pobo fale, o Alcalde di que o pobo ante todo, que sempre defenderá os intereses do pobo, que será insubmisivo polo pobo pero o pobo que fale pouco, que xa fala el polo pobo, é dicir, todo polo pobo pero sen o pobo. Vostedes teñen un concepto do pobo que non se alonxa moito do concepto que ten a dereita, insisto, todo polo pobo pero sen o pobo.

As explicacións que se deron para non apoiar a consulta non merecen nin contesta-





ción, fíxese ben, se decalifican por si soas. Dicar, como se dixo, que isto si se vota non ía cambiar nada é descoñecer e menosprezar a forza dos votos dos cidadáns, pero claro, seguindo o seu razoamento, acaso a aprobación da súa moción sobre o sector lácteo que vai a vir máis adiante vai a cambiar algo?, seguindo o seu razoamento pois non, segundo os socialistas si, aínda que só sexa polo respaldo que senten os afectados. Coa súa tese debería absterse de traer mocións como as que vostedes traen hoxe aquí. E eu xa non teño nada máis que comentar sobre a súa posición, porque non hai outra posición. Supoño, en todo caso, que a empresa estará encantada coa súa posición e iso terán que explicalo vostedes.

A consulta popular, sexa o resultado que sexa, reviste de lexitimidade a toma de calquera decisión pola administración. Alguén pensa realmente que o goberno da Xunta e o goberno de Madrid ían a desprezar o resultado dunha consulta popular?, iso é tanto como desprezar a vontade dos veciños e iso é tanto como renunciar a gobernar Pontevedra por xeracións e levar un batacazo nas eleccións autonómicas. Eu non creo que ninguén estea nesa disposición. Porque o pobo leva moi mal que se lle desprece. Por iso nós cremos que a consulta ten, ademais, a virtualidade de sinalar o camiño que debe seguir a decisión do goberno. Vostedes coa súa posición renuncian a isto e deixan nas mans do Partido Popular, da dereita, a toma de decisións. Vostedes saberán, pero teña en conta, Sr. Lores, que si se consuma o que parece que se pode consumir e o goberno autoriza unha nova concesión ou unha prórroga da actual os socialistas o imos a sinalar a vostede como colaborador necesario e terá moi difícil acudir a unha manifestación ao ano cando puido axudar a tomar decisións para sacar iso de aí. Vostede pasará a historia, Sr. Alcalde, o asunto é como pasará, se como o que fixo todo o que puido para recuperar a ría ou o que se agochou e permitiu que a nosa ría siga a ser obxecto de aldraxe e degradación. Vostede elixe e ten a oportunidade de elixir, só ten que ser coherente, fágao, por favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

Seguidamente concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's.

**A Sra. Rey Martínez:** Bien, yo ya pregunté en su día al Partido Socialista cual era el coste de realizar esta consulta y vuelvo a hacerlo ahora, espero que me lo puedan contestar.

Por otro lado, entiendo que iniciar un proceso que debe de llegar, para su aprobación, al Consejo de Ministros, debe de ser, cuando menos, de mayor relevancia que la pregunta que plantean ustedes. Y si lo que quieren es consultar si "ENCE si o ENCE no" deberían de plantearla así.

Nosotros creemos en escuchar a los vecinos y hacer consultas populares pero serias, no gastar el dinero de los contribuyentes alegremente para que un grupo municipal venda su política.

Gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rey.

A continuación intervén don Luis Rei Núñez, en representación do grupo municipal Ma.Po.

**O Sr. Rei Núñez:** Moitas gracias.

Haberá que repetir algúns argumentos do debate anterior pero bueno, creo que a partir de que ENCE por unha concesión no ano 1958 se instala en Lourizán convértese no veciño máis incómodo de todos os pontevedreses e iso é algo que seguimos arrastrando na actualidade. Solicita licenza neste Concello no ano 1965 e non consta que dispoña desta licenza e a partir da Lei de Costas do ano 1988 étrase dunha fase na que estamos actualmente. Nesa Lei de Costas sinálase un límite de 30 anos para a fin das concesións outorgadas en precario, e esta é unha delas, e fálase de 30 anos porque se estima que é o tempo suficiente para facer rendible un investimento e de aí sae a data que todos temos en mente, dende hai moito tempo, de 2018 como fin da permanencia de ENCE na ría. Esa data é a que debería estar na operación de venda que se consuma no ano 2001 por un prezo que ten en conta que no 2018 remataría a actividade de ENCE na ría de Pontevedra e omítese a transferencia, nese momento, da concesión do ano 1958 e, ademais, sae un acordo entre José Luis Méndez, daquela todo poderoso en Caixa Galicia, e Fraga Iribarne, daquela na Presidencia da Xunta de Galicia, para consolidar o uso da parcela nos recheos gañados ao mar desprotexendo ese solo. Insisten na innecesariedade da concesión para tirar proveito especulativo deses recheos e Fraga promove a supra-municipalidade que lía todo un pouco máis e que se fai co ánimo de sortear os atrancos que puidesen presentarse dende os concellos.

Hai unha sentenza da Audiencia Provincial no 2002 que condena a ENCE por delito ecolóxico e aí xa se podería iniciar a esixencia da caducidade do expediente de concesión, non se fixo en virtude dun pacto entre os denunciante e os denunciados e seguiu a pleno rendemento a estratexia de Fraga Iribarne, entre outras cousas outorgando autorización ambiental integrada á planta coa coartada de que se instalaría alí tamén un fábrica de papel-tisú. Despois de moitas voltas e a instancia e a iniciativa en solitario do colectivo Salvemos Pontevedra, do que falou antes aquí o compañeiro Fernández, no 2005 iniciase unha última fase, que é na que estamos agora, e a Audiencia Nacional, seis anos despois, condena ao Estado a incoar expediente de caducidade da concesión. Entre as causas para ordenar a incoación dese expediente sinálanse a alteración do título concesional, cousa evidente ao instalar nos terreos que foran concedidos para unha fábrica de pasta de papel kraft da estación depuradora de Lourizán, das instalacións deportivas, da planta de coxeneración e do emisario submarino; Outra das causas para incoar ese expediente de caducidade é o cambio de titularidade que deixa a ENCE sen título habilitante dende o ano 2001, porque a normativa vixente non amparaba a transferencia da propiedade.

No 2014 o Tribunal Supremo da firmeza a sentenza da Audiencia Nacional pola que se inicia o expediente de caducidade, é dicir xa se poderían paralizar e pechar as instalacións pero Salvemos Pontevedra, que foi quen levou isto aos tribunais, non o pediu porque se fixaría unha fianza e inalcanzable para ese colectivo.

Xa que logo, se ENCE segue na ría e grazas a un cúmulo de trampas ao longo de todos estes anos e dende aquí quería emprazar aos compañeiros do PSOE, coa mellor das intencións, a que pensen se realmente procede, con estes antecedentes, someter isto a consulta. O propio Sr. Fernández dicía antes que aquí o que hai que pedir é que se cumpra a lei e que se cumpran as sentenzas.

De todas maneiras, se o acordo do Pleno é que se vaia adiante coa consulta popular debe evitarse unha pregunta capciosa, non se lle pode preguntar á xente se é partidaria de clasificar ou non como solo industrial o mar, que iso é que o que son



os recheos nos que actualmente está celulosas. O esforzo do Concello debe orientarse, máis ben, a pedir a execución da sentenza nos termos que sinala o expediente de caducidade e máis a busca de custo social cero, do que tamén se falou aquí, tras a fin da permanencia de ENCE na ría. En todo caso, se de aquí sae esa consulta, insisto, os pontevedreses merecerían unha pregunta máis clara, a pregunta máis clara de todas, que sería: quere que a celulosas saia da ría?

Dito isto, Marea Pontevedra non lle ten medo á democracia, que os veciños teñen dereito a opinar, sen intermediarios de ningún tipo, sen nós tamén, sobre os temas máis importantes isto conduce ao regulamento de participación, que neste concello é do ano 1999, foi aprobado sendo alcalde Juan Luis Pedrosa e xa choveu moito dende aquela. Anuncio que presentaremos unha proposta dun novo regulamento que regule, entre outras cousas, as consultas co ánimo de falcitalas, porque tamén debería ser motivo de reflexión de todos nós que dende o ano 1979 en que se restauran as corporacións municipais democráticas nunca ningún tema foi considerado de importancia suficiente para ser sometido a consulta polos cidadáns. De todas maneiras pensamos que o uso dese mecanismo debe atopar mellor causa e temos dúbidas de que esta que se plantea deba ser a que estree as consultas no noso concello, por iso imos a abstermos.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

Seguidamente, concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Esta moción presentada polo Partido Socialista é resultado de non seguir unhas pautas que nos propuxemos que deberían seguirse, por exemplo, se isto, realmente, o que lle preocupa porque o tenor da pregunta é que a xente opine sobre un aspecto determinado a regular no plan Xxral eu creo que temos que empezar polo principio e poñernos de acordo en que hai que poñer en marcha un novo plan xeral, posto que nesa tramitación todos os veciños de Pontevedra e todas as institucións terán un trámite, varios trámites, para facer alegacións e dentro dese trámite pois poderían alegar perfectamente sobre esta parcela. Polo tanto, nós propuxemos este acordo, non nos fixeron caso e o que queríamos evitar era precisamente o que está pasando, que un ven cunha moción para preguntar se a xente quere opinar sobre un aspecto do plan xeral outro ven con outra moción para poñer en marcha o plan xeral, co cal estamos dispersando o obxectivo e non nos estamos enterando e o plan xeral sigue sen facer. Creo que sería moito mellor para todos se houbera un acordo unánime, se fora posible, de toda a Corporación para poñer en marcha o plan xeral.

Faime grazas tamén que agora ao Partido Socialista, dous ou tres meses despois de estar no goberno, agora si lle preocupe reactivar un plan xeral, posto que cando estivo no goberno, e a pesar de que se aprobou co seu voto unha moción para poñer en marcha o plan xeral, non moveu un dedo por poñer en marcha o plan xeral. E agora isto parece unha pataleta, polo tanto, Sr. Alcalde eu o que lle pido é que meta ao Partido Socialista no goberno porque me parece que van a estar os catro anos chorando, levan dous plenos aquí chorando e o que importa é que realmente nos preocupemos polos veciños de Pontevedra, polo tanto faga o favor e métao no goberno porque el non atopa acougo na oposición.

Nós non lle temos medo a que xente fale e que a xente opine e alégrame que agora haxa outro partido que, por fin, se dea conta de que hai que escoitar aos veciños,

nós xa fixemos ese traballo nos últimos meses, estivemos consultando a moitísimos colectivos e veciños en particular sobre cal era a súa opinión sobre a ubicación de ENCE ou se ENCE debería de seguir aí ou non debería de seguir, que creo que esa é a pregunta que vostedes queren facer e como di, acertadamente neste caso ,o representante de Marea, e non creo que coincidamos en moitas máis cousas pero aquí ten razón, esta é unha pregunta trampa, non é unha pregunta directa e se, realmente, o que quere preguntar é se a xente quere que siga aí ou non pois fórmúleo directamente, porque se non o fai así será unha consulta popular viciada porque os veciños non van entender realmente o que se lle pregunta e creo que si aos veciños de Pontevedra lle preguntan: “está vostede de acordo en pagar a súa hipoteca?” pois creo que á maioría da xente lle gustaría dicir: “non me gustaría pagar a hipoteca”, porque creo que a ninguén lle gusta pagar, pero hai que pagar. Polo tanto, son preguntas capciosas que tratan de enganar ao elector, neste caso aos veciños de Pontevedra e se un quere facer unha consulta que vaia de forma transparente facendo a pregunta que realmente quere facer.

Eu creo que, polo tanto, non é acertada a mención do Partido Socialista, do portavoz, que di que a participación popular e socia é incompatible co Partido Popular, todo o contrario, nós somos os que avogamos, incluso cando vostede estaba no goberno, pola participación dos veciños e vostede non o entendía así, porque ocupaba outra sitio naquel momento e nós o entendemos sempre. Creo que aquí o importante é saber que creación de emprego é incompatible con Partido Socialista, esta é a realidade e, polo tanto, creo que eses son os termos nos que se debe desenrolar o debate porque dende logo que min tampouco me gustaría, non me gusta que sexa solo industrial pero tampouco me gustan outras cousas de Pontevedra que pasaron. Outro tema é que pasa co emprego que está funcionando aí.

Polo tanto, se me pregunta a min e se le pregunta á maioría dos veciños seguramente lle dirán que non queren que sexa solo industrial, pero iso que quere dicir?, a pregunta ten que ser máis directa. Creo que a pregunta, si realmente quere formula-la directamente creo que debería ser dicirlle aos veciños de Pontevedra si realmente están de acordo en favorecer a creación de emprego, as melloras económicas e sociais de Pontevedra para que Pontevedra empece a atopar signos de recuperación económica, esa é a pregunta correcta que creo que lle habería que formular aos veciños de Pontevedra. Todo o demais é palabrería barata e, insisto, se o que busca é un hueco no goberno, Sr. Fernández Lores faga o favor e métao no goberno porque senón vai a estar chorando os catro anos seguintes.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

A continuación concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Gracias, Sr. Alcalde. Vou a intentar ser moi breve e agardo conseqüilo.

Hai dúas cousas, dous feitos incontestables que creo que nos deben centrar o asunto. Primeiro, acaba de haber unhas eleccións municipais nas que, con todas as cautelas e garantías democráticas, a poboación opinou, votou, e resulta que nesta Corporación, sexa en número de concelleiros sexa en número de votos, as forzas políticas que estamos claramente decantadas porque ENCE se vaia de aí somos maioría clarísima. Polo tanto, reiterar agora e preguntar outra vez se estamos a favor ou en contra pois se pode, evidentemente, onde fora, en Dinamarca cando fora



o da UE pois fixeron catro veces o referendun ata que fan o que querían, bueno tamén podemos facelo vinte veces e ver se tal e se non nos gusta o volvemos a montar. Creo que si hai un momento máis inoportuno que este hai que rebuscar para atopalo.

En segundo lugar, con respecto á pregunta, volvemos outra vez a esquecernos: considera adecuado que no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal os terreos que na actualidade ocupa ENCE...?, oiga, hai un acordo da Corporación por unanimidade no que os terreos de ENCE van como protección de costas e zona verde, e foi a Santiago en informárono, polo tanto a vontade da Corporación está clarísima, ben sexa representativa ou sexa directa o que pasou nas últimas eleccións, cal é o problema?, a trampa da pregunta non está aí, está aí pola redacción pero está en que ten que ser un asunto de competencia municipal e ENCE non é un asunto de competencia municipal porque hai un proxecto, depende de Costas, da prórroga e hai un proxecto sectorial que a Xunta entende que está en vigor, polo tanto, claramente o que é a incidencia municipal.

Eu entendo a pregunta, non é só que a entenda e que nós propuxemos, cando no había o proxecto sectorial, algo parecido que non foi aceptado no seu momento e naquel momento si porque tiña a competencia, pero neste caso pasaron moitas máis cousas, tiña a competencia o Concello, porque non había un proxecto sectorial e, repito, no plan que se mandou a Santiago a informe e despois que se refixo e despois que se volveu a mandar pero xa non formalmente, porque xa dixeron que non o querían nin ver diante outra vez, ía ENCE como verde ou industrial e a Xunta dixo que é a súa competencia e que podemos propoñer o que nos de a gana.

Por eses dous motivos está claro que isto non ten, polo momento, oportunidade, creo que está claro e non lle vamos a estar preguntando aos cidadáns todos os días. E segundo porque non é competencia municipal. Si resulta que a Xunta anula o proxecto sectorial e o Concello queda coa capacidade de decidilo pois obviamente preguntárase pero case prefería non preguntar o que xa acordamos todas as forzas políticas, incluído o PP, poñer ENCE como verde e tal, é o que está no plan que se mandou a Santiago a informar, polo tanto o Concello xa fixo todo o que tiña que facer; e tamén a opinión dos cidadáns reflectida na composición da Corporación e na proposta de cada quen tamén está, que a Xunta ou o Estado non lle fan caso pois porque non queren facerlle caso pero ese é outro motivo, outro problema que non o vamos a arreglar agora que todos sabemos, por outro lado, que tramitar isto a parte do traballo que poida dar todos sabemos que o horizonte de que a Xunta ou o Estado lle vaian a dar para adiante sabemos que é cero, directamente cero, porque nos estamos metendo en competencias cunha pregunta oblicua, ou o que sexa, e todo iso e o queremos tramitar e podemos darlle as voltas que sexa.

Creo que está clarísima a situación, polo tanto a pesar deses alegatos de isto supón non lle dar a opinión aos veciños, que sempre queda moi mono, sobre todo cando se pon en sentido oblicuo, nada claro, é dicir, pregúntelle aos veciños se quere que se arregle o que realmente depende deles que é o que temos que facer, pero é que isto non depende, non depende do Concello, por desgraza, aquí se rexeitou o proxecto sectorial e o de costas, se fora polo Concello de Pontevedra non habería proxecto sectorial, se fora polo Concello de Pontevedra non había avaliación ambiental integrada, se fora polo Concello de Pontevedra ENCE estaba fora, o que pasa é que nos sacaron do medio facendo un proxecto sectorial, con costas, sacaron do medio. E a opinión está clara, clarísima, non sei exactamente aquí si alguén enganou, grupo PP máis ou menos está a favor, Ciudadanos está a favor, e o resto,

dezasete, máis do dobre estamos en contra, esta clara a opinión, xa non sei que máis opinión hai que pedir.

Por istos motivos nós non vamos a aceptar a tramitación desa consulta.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moquera.

Sr. Fernández González, ten a palabra.

**O Sr. Fernández González:** Vamos alá, con brevidade.

A min me sorprende que unha persoa versada en dereito como o Sr. Moreira fale de que a pregunta é inadecuada, que non debía ser esa pregunta ou que deberíamos facer outra pregunta. O Sr. Moreira sabe que unha das cuestións ineludibles para que se poda facer unha consulta popular é que o asunto a debater ou a plantexar sexa un asunto de estrita competencia municipal, é dicir, non podemos preguntar si queremos que ENCE estea aí ou non estea aí porque esa sería unha cuestión que excede de lo municipal e, polo tanto, non se pode preguntar. Polo tanto, hai que buscar unha pregunta que nos permita facer a consulta e establecer que queremos que sexan eses terreos no futuro, que é tanto como dicir si queremos que ENCE siga aí ou non siga aí, o que ocorre é que hai que darlle un formato de competencia municipal, eu imaxino que vostede lería o informe emitido polo Secretario municipal nese sentido, onde en dezaseis páxinas explica claramente o concepto de consulta popular, o que non leu o informe foi o Sr. Mosquera, non leu o informe e segue insistindo en que non é unha competencia municipal, que non sei que da supramunicipalidade e tal cando o Secretario da administración municipal, que se supón que algo sabe disto, incluso pode algo máis que o Sr. Mosquera, non o sei, establecer claramente que as competencias en materia de ordenación urbanística son municipais e, polo tanto, a pregunta que se formula é unha pregunta absolutamente coherente coas competencias municipais e, polo tanto, pódese celebrar a consulta popular con esa pregunta e esa pregunta o que encerra é que os veciños decidan non sobre o 2018 senón sobre o futuro despois do 2018, porque o Partido Popular abriu a espita do que pode ser unha prórroga da concesión ou unha nova concesión por décadas a ENCE. Evidentemente esta consulta popular ou esta proposta de consulta popular non tería sentido se tiveramos claro que no ano 2018, en xullo de 2018 remata a concesión e ENCE tense que ir das marismas de Lourizán, pero é que agora o escenario é distinto e é distinto porque o PP o fixo distinto, unilateralmente, sen contar con ninguén, fixo distinto e por iso é necesario que os veciños falen.

Eu me pregunto se o Sr. Mosquera e o BNG votaron ou non a favor do regulamento de participación cidadá no ano 1999, eu creo que si, non recordo, pero en todo caso non o cambiaron en dezaseis anos, non o cambiaron, e no regulamento aparece establecida a consulta cidadá, esa a que agora din “non fai falta porque xa nos votaron a nós e como xa nos votaron a nós xa non fai falta a consulta popular”, e que son cousas distintas, e que non se pode equipara o voto nunhas eleccións cunha consulta popular para a decisión dun tema. Por certo, non estamos falando aquí de consultar onde queremos que instalen unha ou dúas farolas, estamos falando do tema de máis interese xeral para os cidadáns de Pontevedra de todos os que se poden debater, de todos, polo tanto creo que si algo merece unha consulta cidadán é o tema da continuidade de ENCE e para iso hai que buscar un mecanismo que nos leve a iso, e eu pregunto: pero que medo temos a que falen os cidadáns?, entón para que poñemos a consulta cidadán no regulamento de participación cidadá, para que está aí?, se non fai falta, se todos imos a decidir co noso voto aquí, nunha



Corporación municipal, para que temos a consulta cidadán no regulamento?, qui-témola. Supoño que no seguinte procedemento de regulamento que está aberto agora polo compañeiro García Legísima se quitará do regulamento de participación cidadá a consulta cidadá, porque para que, se non vale para nada para que a temos aí.

Polo tanto, hai que ser máis serios e máis rigurosos cos plantexamentos e coas xustificacións. Eu penso que non hai ningunha xustificación para evitar que os cidadáns voten nun tema como este, ou é que pensamos que os cidadáns son parvos e non saben o que queren votar?, os cidadáns saben moi ben o que queren votar e entenden moi ben a pregunta e lle digo outra cousa, Sr. Moreira, vostede falaría con moitos colectivos e coñecerá moi ben o que desexan moitos colectivos pero me parece que nas eleccións municipais os colectivos moito caso non lle fixeron, moito caso non lle fixeron, polo tanto igual é bo consultar con eses colectivos a ver que é o que queren. A min non me da medo que os cidadáns voten, onde está o medo?, pero que son esas excusas de que si non é competencia ou é competencia ou deixa de ser competencia, claro que é competencia!, a ordenación urbanística é competencia do Concello de Pontevedra, o di o informe do Secretario, non se poden escudar vostedes detrás de que isto non é competencia nosa, claro que é competencia nosa!, é máis, é unha obriga nosa consultar cos cidadáns sobre un tema de tanta transcendencia, ou vamos a deixar isto en mans da Xunta de Galicia e do goberno de Madrid sen intentar por todos os medios posibles condicionar a postura de Madrid e da Xunta de Galicia?, ou vostedes realmente cren que si este asunto chega, despois dunha consulta popular onde os veciños de Pontevedra rexeitan a presenza de ENCE aí, cren que si eso sucede Santiago ou Madrid van adoptar unha postura contraria aos veciños de Pontevedra?, vostedes queren prescindir dese mecanismo?, aínda que sexa difícil, sexa farragoso, porque claro, me di o Sr. Mosquera, é que iso ten poucas posibilidades de saír adiante, home, se vostede non o apoia ningunha, deixe que sexan outros os que digan que non vai a saír adiante, deixe que sexan outros, pero vostede apóieo aquí, cumpra con iso que di nos seus programas da participación cidadá, que non sexan só palabras, que non sexa só boquilla, deixe que falen os cidadáns, que medo teñen?, si somos maioría como vostede di, somos maioría, que medo teñen?, eu non lle teño ningún medo eu teño claro o que vai a defener o Partido Socialista e vai a defender que os cidadáns voten e vamos a facer unha campaña nese sentido, para que voten e para que voten que ENCE se ten que ir de aí no ano 2018, aproveitando a posibilidade que nos da a ordenación urbanística do plan xeral de ordenación municipal. Iso é o que pretendemos nós. E a min me estraña que vostedes, que levan anos manifestándose en contra diso aí agora boten pola borda unha posibilidade política, política, de facer forza ante Madrid, ante unha situación que se vai a dar nos próximos meses, me estraña moitísimo e non a entendo, eu non sei se os seus votantes a entenderán pero eu creo que tamén vostedes deberían consultar cos seus votantes e cos seus militantes a ver si lles teñen medo a falar. Acaso hai algún tema máis importante que ENCE para falar diso?, coñece vostede algo no que se poida aplicar a consulta popular que está recollida no regulamento de participación cidadá que sexa máis importante que ENCE?, como vai a explicar vostede cando vaia o ano que ven na manifestación de defensa da ría que vostede non quixo que os demais votasen?, vaise escudar en que xa me votaron a min?, pero vostede se cre que cando un cidadán o vota a vostede o vota polo conxunto do seu programa?, haberá votantes do BNG como hai votantes do Partido Socialista que estean a favor de ENCE ou en contra de ENCE, igual que no Partido Popular, igual, pero eu lle digo: este pobo xa é maior de idade,

e nós temos que ser, tamén, maiores de idade na política, temos que deixar de pensar na política de antes e pensar na política de agora, cando logo falamos de desafección da xente, dos cidadáns, de que os cidadáns non nos consideran, de que só van a votar unha vez cada catro anos, de que non participan, de que non cren nos políticos, ao mellor é por estas cousas. Fagamos nova política e deixemos que eles falen, por que non?, sen ningún medo, sen ningún medo, atrévanse, cumpran cos seus compromisos, cando falan de participación cidadá cumpran, Sr. Alcalde, cumpra vostede cos seus compromisos, cumpra, sexa valente, o mesmo que defende na rúa, o mesmo que lle dis aos cidadáns: “maniféstate contra ENCE”, fágao aquí, sexa valente, aproveite este momento para ser Alcalde de verdade e para que se lle recorde no futuro como o Alcalde que iniciou un proceso que levou a que ENCE saíra da rúa. Acórdese diso, porque se non o fai e ENCE segue aí alguén lle recordará que vostede puido facer máis do que fixo, puido facer máis do que fixo e non quixo, e sempre quedará aí, e a min me gustaría que a vostede lle recordarán no futuro porque vostede é o Alcalde que fixo todo o que puido para que ENCE saíra de aí no ano 2018. Por iso lle digo: atrévase, sexa valente e aprobe esta moción.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Para rematar. Houbo un período de consultas, cano foi o avance do plan, e ninguén alegou ou sexa que foi para a Xunta o avance do plan sin que ninguén, máis ben a favor.

Eu propóñolle un método moito máis rápido, moito máis brillante e infinitamente máis efectivo, que é que no programa das eleccións xerais logren vostedes que o PSOE, en Madrid, leve que se levanta de aí ENCE e que vai a modificar a Lei de costas expresamente. Vai ser moito máis rápido que facer un, facer un e que efective, por isto iría para anos, volta para arriba e para abaixo e repito, sobre algo sobre o que o Concello, por desgraza, non ten competencia porque foi declarado supramunicipal. Polo tanto, apliquen iso e xa está porque preguntarlle a xente e tomarlle o pelo, a ver se imos facer como os gregos: vostede está en contra?, si, pois agora máis que iso, oiga iso é tomarlle o pelo a xente. Dicirlle: opine vostede pero despois a Xunta non me deixou, mire, iso é tomarlle o pelo á xente. A opinión está manifestada por escrito e con documentos tramitados, como foi o plan que foi para Santiago e a Xunta dixo que lle parecía moi ben que toda a Corporación, daquela tamén o PP, puxera iso como zona verde, lle parecía bárbaro pero que non tiñamos competencia, que por pintar pintemos o que queiramos pero quen decidía era ela. Polo tanto, non ten moito sentido.

Sr. Alcalde, creo que tócalle a el rematar e proceder á votación.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Sr. Fernández, ten a palabra.

**O Sr. Fernández González:** Si, trinta segundos.

Primeiro, por favor, non insista en dicir unha cousa que non é, é competencia nosa, o di o Secretario da Administración Municipal, entón como é competencia nosa non





insista vostede en dicir e repetir machaconamente que non é competencia nosa porque o informe do Secretario o deixa ben claro. En segundo lugar, non se escude vostede nas competencias e na responsabilidades doutros noutras administracións, actúe vostede na súa propia competencia, non se esconda, non se esconda en que fará non sei quen, hai que facelo agora, hai que facelo agora, o que fagan outros xa se verá pero vostede non se escude niso para non votar a favor desta consulta popular porque vai a quedar moi mal, Sr. Mosquera.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria sobre o ditame desfavorable emitido pola Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á realización dunha consulta popular sobre a cualificación urbanística, no futuro PXOM, dos terreos ocupados pola empresa ENCE nas marismas de Lourizán e a súa repercusión na permanencia de ENCE máis aló do ano 2018, coa corrección efectuada polo portavoz do grupo propoñente no punto primeiro da proposición.

Votos a favor do ditame 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).

En contra 3 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE).

Abstención 10 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 2 do grupo municipal Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

#### **10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA DE PONTEVEDRA INSTANDO A RETOMAR O PROCESO DE REDACCIÓN, APROBACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (en contra o grupo municipal do BNG), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 14.07.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po instando a retomar o proceso de redacción, aprobación e posta en marcha dun Plan Xeral de Ordenación Municipal. Esta proposición foi ditamina xuntamente coa emenda presentada pola concelleira do grupo municipal propoñente, dona Paloma Castro Rey.

Na mesma sesión ditaminouse, por maioría, (en contra os grupos municipais do PP; PSdeG-PSOE e Ma.Po e abstención grupo municipal Mixto-C's), a proposta presentada na comisión polo grupo municipal do BNG.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po, é do teor literal seguinte:

“O incremento da superficie construída levou á destrución e deterioración de áreas de alto valor natural. Entre 1987 e 2000, a superficie artificializada aumentou un 20 por cento en Galicia, mentres a poboación baixaba significativamente no mesmo período. Entre 1990 e xaneiro de 2007, os anos da burbulla inmobiliaria, construíronse 380.056 novas vivendas na nosa terra. Esta intensa e impactante actividade edificatoria serviu para o enriquecemento duns poucos, mais non se traduciu nun mellor acceso á vivenda das persoas con menores ingresos.

O modelo urbanístico baseado na reclasificación de solo e na nova construción, ignorando as necesidades da maioría, favorece a corrupción e fai necesario implantar unha nova cultura do territorio, planificando o seu uso de acordo coas necesidades

reais da poboación.

O grupo de goberno nas últimas catro corporacións do concello pretendía o visto e prace para un crecemento residencial de máis de doce millóns de metros cadrados nun período de doce anos (a razón de 2.142 vivendas por ano). A resposta do concelleiro responsable, señor Mosquera, ao “non” da Xunta a iso foi paralizar de vez o PXOM hai máis de tres anos, un despropósito que pode custarlle ás arcas do concello (outros) 218.000 euros.

O día 20 de abril do presente ano Consultora Galega presentou no concello un escrito para dar por liquidadas as obrigas adquiridas polas dúas partes no contrato asinado en 2004 para a redacción do novo PXOM e da Axenda Local 21.

A petición do equipo redactor chegou despois de que o concello paralizase eses traballos o 20 de xaneiro de 2012: “Ata que a Xunta cambie a lei ou abra a man”, segundo o concelleiro responsable.

Logo diso, o equipo redactor reclamou 105.210 euros por traballos pendentes de cobro; outros 59.140 como indemnización polo 10 por cento do beneficio dos traballos deixados de realizar; e outros 54.232 como devolución de garantías.

É dicir, 218.000 euros aos que deben sumarse os 779.000 que o concello leva pagados nun PXOM sempre posposto. En total, preto dun millón de euros. Máis de tres cuartas partes, por tanto, dun contrato que chegaba a 1.355.000 euros.

A existencia dun PXOM é clave para ordenar o territorio cunha certa planificación pero tamén para dar seguridade xurídica aos veciños e veciñas, aos propietarios de fincas, aos de vivendas xa construídas e aos de posibles construcións futuras.

Pero ademais, como afirma César Portela, o noso máis ilustre urbanista, de recoñecido prestixio internacional: “A Cidade en cada época transfórmase en función da poboación que a habita e das súas circunstancias: crecemento poboacional, necesidades, desexos. . . Esa transformación hai que controlala, ordenala e dirixila de acordo coas posibilidades e os desexos da propia poboación. E todo iso debe concretarse elaborando un Plan de Ordenación que recolla o punto de partida, o que é hoxe esa Cidade e o seu Termo Municipal, e mais cara a onde se quere ir. É como a Folla de Ruta dunha Viaxe, que debe pretender mellorar a habitabilidade da Colectividade.

Elaborar ese Plan Xeral é labor de Técnicos e Políticos pero, sobre todo, da Cidadanía. Para que recolla o mellor posible a vontade dos cidadáns e quede esta plasmada nuns Planos e unha Normativa que todos coñezamos e en cuxa elaboración participemos todos, logrando coa súa realización unha mellora da Calidade de Vida e os intereses non duns poucos, senón do conxunto da Sociedade.

Os mesmos que levan 16 anos gobernando o concello e non foron quen de elaborar e aprobar un Plan Xeral de Ordenación, refírense constantemente ao Modelo de Cidade. Cal é ese Modelo? O que improvisa día a día a Corporación? O que nos levou á actual situación de caos urbanístico, en toda a cidade e a súa contorna? Caos urbanístico do que só se salva, e en parte, o Centro histórico, é dicir o menos atribuíble ás últimas Corporacións.

Nas últimas décadas destruíronse partes esenciais da Cidade Histórica como eran o Barrio do Burgo e a Moureira e densificouse excesivamente o Ensanche do século XIX e de primeira metade do XX.



Segregouse e afastouse a Cidade do Río Léz, cuxas augas están contaminadas.

Fíxose desaparecer, soterrándoo, o tramo urbano do Río dos Gafos. Ocultouse de tal forma o Río Alba que moitos pontevedreses xa nin o coñecen. Construíuse desordenadamente a case totalidade da Xunqueira do Léz, ocultouse a Xunqueira da Alba, contaminouse a Ría e tamén se segregou esta da Cidade e dos seus Cidadáns, ocupándoa con Industrias contaminantes, Redes Viarias mal trazadas. . .

Tamén se segregaron e afastaron, en lugar de buscar a súa mutua integración, a Cidade e as Parroquias do Rural. . .

E na Cidade non se coidaron o máis mínimo nin os volumes nin as formas das edificacións. Non hai mais que observar fotografías panorámicas de hai poucas décadas e comparar a silueta que ofrecía entón, na que se podía apreciar claramente a hexemonía dos Monumentos de Santa María, San Francisco, San Bartolomé ou a Peregrina sobre o Caserío e os seus tellados, e o mesmo pode dicirse do proceso de agresións ao Centro histórico e o Barrio da Moureira, aos edificios do Ensanche ou aos arboredos dos Parques Públicos da Alameda e das Palmeiras. Fronte a iso, na actualidade impera o caos produto da especulación, a ignorancia e o mal gusto de quen construíron, autorizaron e consentiron isto.

Para MAREA PONTEVEDRA este cúmulo de despropósitos non pode prolongarse, e non son de recibo as últimas declaracións da Concelleira de Urbanismo, Carmen da Silva, anunciando que o noso PXOM vai ter que esperar.

MAREA PONTEVEDRA entende necesario un novo PXOM, que asegure:

- Unha planificación racional e ordenada da construción destinada a uso residencial.
- Unha provisión suficiente de solos para os demais usos.
- Unha integración axeitada das parroquias da periferia, dotándoas dos servizos básicos.
- Unha recuperación integral da ría, devolvéndolle a súa liña marítima orixinal e impedindo que se invada e utilice de xeito insustentable.
- Unha protección eficiente da contorna con valores históricos, forestais ou paisaxísticos, especialmente do monte da Fracha.
- Unha rede de transporte público.

Xa que logo, faise necesario aprobar un Plan Xeral de Ordenación Urbana, que deseñe a cidade futura a partir das necesidades detectadas en estudos técnicos e que impida que o crecemento siga sometido aos criterios arbitrarios dos políticos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta a seguinte PROPOSICIÓN

Abrir, durante os dous meses posteriores a este Pleno, un prazo para buscar un acordo co equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal que permita aproveitar o investimento e os traballos realizados ata agora. Se transcorrido ese prazo non hai acordo, instamos ao Goberno Municipal a que resolva o contrato de redacción do PXOM e redacte os pregos técnicos e administrativos dun novo concurso que, antes do remate de 2015, se resolvería adxudicándolle a redacción dun novo PXOM ao equipo que resulte gañador.”

A emenda presentada a esta proposición pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE e sometida a ditame xuntamente coa proposición anterior, copiada literalmente di:

“Crear a tal fin unha subcomisión desta comisión, integrada por un representante de cada grupo municipal, con voto ponderado, e presidida por Marea Pontevedra por ser quen formula a proposta, e habilitar unha cantidade económica suficiente para levar a cabo os traballos e liquidar a débeda con fin de continuar do Plen Xeral iniciado.”

A proposta presentada na comisión polo grupo municipal do BNG é do teor literal seguinte:

“Que os demais grupos políticos, con tempo por diante, elaboren e fagan propostas en función da documentación existente para poder dar cumprimento ao que a Xunta ten dito. Indica que os técnicos municipais entenden que o plan xeral elaborado cumpre a normativa e, polo tanto, reitera a proposta de que se estuden os informes que hai e se fagan as propostas ao respecto que se estimen oportunas”.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Luis Rei Núñez, en representación do grupo municipal Ma.Po.

O **Sr. Rei Núñez**: Moitas gracias.

Non estaría de máis empezar recordando que todos os grupos levabamos no programa electoral do 24 de maio o compromiso de sacar adiante un PXOM, todos agás o Bloque porque non resultaría crible que fixese esa promesa despois de dezaseis anos ostentando esa responsabilidade sen logros nin reais nin aparentes. Ademais o Bloque tivo a ben confirmar que nestes catro vindeiros anos tampouco non estima prioritario o traballo de dotar ao Concello de Pontevedra dun novo planeamento urbanístico e aclarou que a súa aposta é esperar sentados a que o tempo coloque, na Xunta de Galicia un goberno amigo que abra a man. Nós cremo que catro anos debe de ser tempo abondo para culminar un camiño que leva iniciado xa dende o 2004, cando se asinou un contrato con consultora galega, que leva consumido xa preto dun millón de euros de recursos públicos.

Marea entende necesario un novo PXOM que asegure unha planificación racional e ordenada da construción destinada a uso residencial, unha provisión suficiente de solos para os demais usos, é dicir, comerciais, industriais, etc., unha integración axeitada das parroquias da periferia dotándoas dos servizos básicos, unha recuperación integral da ría, unha protección eficiente da contorna con valores históricos, forestais ou paisaxísticos e, tamén, unha rede de transporte público que é unha das materias pendentes neste Concello. Xa que logo, faise necesario e imprescindible aprobar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que deseñe a cidade futura a partir das necesidades detectadas polos equipos técnicos e que impida que ese deseño do crecemento siga os criterios arbitrarios dos políticos, por eso pedimos abrir durante os dous meses posteriores a este Pleno, se así o acorda o Pleno, un prazo para buscar un acordo co equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal que permita aproveitar o investimento e os traballos realizados ata agora; se transcorrido ese prazo non hai acordo instamos ao goberno municipal a que resolva o contrato de redacción do PXOM actual e redacte os pregos técnicos e administrativos dun novo concurso que, antes de que remate 2015, se resolverá adxudicándolle



a redacción dun novo PXOM ao equipo que resulta gañador dese concurso.

A nosa proposición ven ditaminada favorablemente pola correspondente comisión do Pleno onde prevaleceu o compromiso dos catro grupos que levabamos isto no noso programa electora sobre a intención dun grupo, do outro grupo. Esa posición maioritaria permitiu, tamén, enriquecer a proposta da Marea coa creación, dentro da Comisión de Urbanismo, dunha subcomisión específica do PXOM presidida polo representante da Marea. Aproveito para dicir que é unha honra recibir esa confianza que espero que este Pleno ratifique e que confío en que a redacción do plan poida retomarse en breve e a bo ritmo e tamén debo dicir que o camiño que temos por diante non será posible percorrelo sen manter a vontade de consenso que agora amosan a maioría dos grupos e que é obriga de todos nós ir contaxiando aos diferentes axentes sociais, veciñais e urbanísticos esa vontade a través do único e mellor instrumento para iso que é o da participación popular.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Iván Puentes Rivera, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Puentes Rivera:** Moitas grazas, Sr. Alcalde.

Cinguireime ao tema da cuestión, para que non me abronque a Sra. Rey pero, en todo caso, permítanme que inicialmente, para poñernos en contexto, creo que é bo que nos retrotraíamos ao país do ano 1989, un ano no que, como todo o mundo sabe, cae o muro de Berlín, os Estados Unidos e a Unión Soviética firman por fin ou dan por finalizada a guerra fría, na China teñen lugar as revoltas e as protestas da praza de Tiananmen, en España dáse un fito nos medios de comunicación e créanse as televisións privadas, nos cines triunfaba “Mujeres al borde de un ataque de nervios” de Almodovar, nos Cuarenta Principales o número un era “Mil calles llevan hacia ti” de la Guardia, o coche máis vendido do ano foi o R-19 que creo que xa non queda ningún, practicamente, polas rúas deste país, os nenos e nenos que na escola queriamos estar á última aprendiamos mecanografía en máquinas de escribir coas letras tapadas con cinta aislante para poder aprender ben aquel demonio de teclado e o gran avance do país era o paso dos teléfonos de ruleta aos primeiros teléfonos con botóns, que eran o último.

No contexto político, Felipe González gañaba as súas terceiras eleccións, aínda lle quedarían dúas lexislaturas máis como presidente do goberno. Fernando González Laxe era o Presidente da Xunta de Galicia, un Lozano Manuel Fraga Iribarne aterrabá neste país e gañaba as eleccións e era elixido para a súa primeira das catro lexislaturas ao fronte da Xunta de Galicia e Rivas Fontán era Alcalde de Pontevedra.

Nese país en branco e negro, en fin, igual é moi esaxerado dicir en branco e negro pero nese país cunha cor aínda difusa foi cando se aprobou o actual plan de urbanismo do Concello de Pontevedra e tamén nese país, cunha cor aínda por definir, un concelleiro desta Corporación de nome Miguel Anxo e de apelido Fernández Lores levaba xa dous anos sendo membro da Corporación municipal de Pontevedra; e cando se aprobou e se trouxo ao Pleno a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, moi atinadamente, teño e temos que dicilo, votou en contra dese plan de urbanismo, con argumentos ademais que si un os le hoxe son absolutamente extrapolables ao presente e que respaldaríamos creo que calquera das persoas que

nesta Corporación municipal apostamos porque esta cidade teña un plan de urbanismo diferente ao que ten; pero o máis importante é que cando estaba na oposición, naquel ano 1989, comprometeuse a modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal se algún día era Alcalde deste Concello.

É certo que os cidadáns tardaron dez anos pero no ano 1999 déronlle a confianza para ser Alcalde do Concello de Pontevedra e, polo tanto, a oportunidade de poder facer realidade aquela promesa do ano 1989. A realidade é que non o fixo e a realidade é que, dezaseis anos despois, este Concello segue co Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 89 e co Plan Xeral de Ordenación Municipal de Rivas. O único avance que se ten producido, dicía o Sr. Moreira, que foi capaz de dicir nunha mesma frase que o PSOE non fixera nada e, ao mesmo tempo, recoñecer que o mandou a Xunta de Galicia para información despois de que este Pleno así o tivese acordado co voto favorable do PSOE, pois realmente ese foi o único, practicamente, avance que se fixo neste tempo de cara á aprobación dese novo plan de urbanismo.

É certo que que nós, sendo críticos coa actuación do goberno municipal e, concretamente, do grupo municipal do BNG nós tampouco cremos na boa vontade da Xunta de Galicia, é dicir, nós asistimos a un pim pam pum, a un torneo de ping pong no que a pelota vai lanzándose de tellado a tellado e nó que parece que as dúas partes viven dun xeito un tanto apacible. Nós, dicía, que non cremos na vontade da Xunta de Galicia porque, dende logo, non estamos de acordo con cuestións que plantea, nós non queremos, como é público e notorio, un novo hospital en Montecarrasco, nós non queremos que os terreos de ENCE sexan, e o falabamos no punto anterior, sexan practicamente sentenciados como de uso industrial para que a industria e neste caso a pasteira poda continuar alí máis aló da data de caducidade desa concesión. Pero iso no pode servirnos de escusa para ter paralizado un plan de urbanismo durante dezaseis anos, e non pode servirnos de escusa para negarlle aos veciños e veciñas de Pontevedra o dereito a ter unha ferramenta deste tipo. Polo tanto, o que nós planteamos cando aprobamos esta moción, que aprobaremos e que votaremos a favor neste Pleno, como xa fixemos na comisión informativa, o que planteamos é acosar á Xunta de Galicia con toda a forza deste Concello para que as excusas non existan pola súa parte e, por suposto, tampouco por parte do goberno municipal, para que poidamos resolver todo aquilo que podan ser atrancos neste momento e, polo tanto, o Plan Xeral de Ordenación Municipal poda saír adiante.

Diciamos que non sirva tampouco como coartada ao goberno municipal porque nos cremos que o grupo municipal do BNG vive un tanto ben nesta situación, non sei se é por temor a que a aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal lle reste apoio popular, por aquilo que sempre se di de que quen aproba un plan municipal non repite como Alcalde habitualmente ou, en fin, ten un certo, custo, non sei se é por iso pero o certo é que non vemos unha actitude clara para poder sacar adiante isto, non vemos unha resolución clara, non vemos un traballo claro específico e concreto que supoña dalo todo para poder ter, por fin, aprobado ese Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Que pasa mentres tanto?, pois mentres tanto temos corenta modificacións puntuais do actual Plan Xeral de Ordenación Municipal, uns tres millóns de euros gastados neste tipo de modificacións, é dicir, o que temos é facer un Plan Xeral de Ordenación Municipal a golpe de remendo, a golpe de ocorrencia e a golpe do que un día nos pareza ben facer nunha zona determinada do cidade porque entendemos que é



moi bonito e que queda moi ben. Pero dende logo non hai o fundamental, que é un deseño de cidade a longo prazo, non hai un documento, un Plan Xeral de Ordenación Municipal que permita ter claro, concreto, aprobado, redactado, escrito, como ten que ser esta cidade a medio e a longo prazo.

Por iso, como dicía, respaldaremos esta moción e a respaldaremos ademais con máis énfase e con máis fervor todavía despois de ter sido aceptada a emenda que o Partido Socialista presentaba na comisión informativa para crear esa subcomisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal dentro da Comisión de Urbanismo, como dicía o portavoz do Marea, integrada por un membro de cada grupo político con voto ponderado e presidida, neste caso, polo representante de Marea Pontevedra.

Por que entendemos que é necesario isto, porque temos medo a que unha mera moción que se poida aprobar no Pleno non pase dunha declaración de intencións, non pase de dicir, pois si, o Pleno, neste caso a oposición está unanimemente a favor de que os traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal se retomem pero a partir de aí que?, temos que confiar novamente no grupo municipal que leva deza-seis anos sen sacar adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal para que agora si escoite ao Pleno e se poña as pilas?, bueno, nós cremos que precisamente o sentido que ten esta subcomisión e garantir que o acordo plenario se leve a boa fin e que, efectivamente, o Concello cumpra co que hoxe aquí se acorde; para que?, pois para tomar decisións como as que se dicían de convocar ao equipo redactor do plan e poder averiguar e saber realmente como está a situación con eles neste momento pero tamén, por exemplo, para propoñerlle a este Pleno que no momento no que haxa remanentes de crédito podan ser destinados a avanzar neses traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal e non noutras cuestións. Unha subcomisión que, como dicía ao principio, busque por enriba de todo o acordo necesario coa Xunta de Galicia que parece ser que é atranco, as cuestións que a Xunta de Galicia lle plantea ao Concello de Pontevedra, pois que busque ese acordo e se non o hay que o denuncie pero que non sexa por falta de iniciativa ou por falta de traballo do Concello que iso non se poda sacar adiante e que poña todas as vías enriba da mesa para poder solventar eses atrancos que tanto no caso de Montecarrasco como no caso de ENCE creo que hai puntos intermedios nos que se pode solventar perfectamente a situación sin que esas cousiñas concretas impidan, por moi importantes que son, que son das máis importantes que ten o concello, impidan que o resto do concello poda ter unha ferramenta como o Plan Xeral de Ordenación Municipal á súa disposición. Unha subcomisión que lle meta ao goberno municipal toda a presa que a situación e toda a responsabilidade que os veciños demandan neste tema, en definitiva, que se evite, e llo teño que dicir á compañeira de urbanismo, que se evite converter en realidade unha cousa que a min me parece tremenda e que anunciou nos medios de comunicación estes días que foi practicamente dicir que vai deixar catro anos máis o plan de urbanismo nun caixón porque a Xunta se nega a que os terreos de ENCE non sexan cualificados como chan industrial, por certo, empato co punto anterior, tería sido unha oportunidade magnífica celebrar esa consulta popular para obrigar á Xunta a que eses terreos efectivamente non fofan chan industrial.

Polo tanto se trata de evitar, con esta subcomisión, que se pospoña un mandato máis o dereito dos veciños e veciñas de Pontevedra a poder saber como queda calificado cada anaco de terreo deste concello; que podan saber claramente que servizos lle pode prestar o seu concello e onde, en función da calificación deses terreos, cara onde se expande a cidade; onde van a estar as zonas verdes do futuro de Pontevedra; onde vai estar ubicado o chan industrial desta cidade, fundamental

para solventar a sangrante taxa de paro que temos; por onde se van facer os carrís bici, que rúas hai que blindar dende o punto de vista peonil e cales non; onde se ubicarán, en definitiva, equipamentos.

Sabemos, pola experiencia destes anos e desas tantas modificacións puntuais do plan de urbanismo, que a imaxinación do goberno neste caso é infinita case e podémonos despertar calquera mañá ocorréndosenos peonalizar medio cacho de Loureiro Crespo, non sabemos moi ben para que, facer carrís bici que non levan a ningún sitio nin saen de ningún sitio, máis que de estrada a estrada, pero, dende logo, nós preferimos que isto se plasme por escrito e que quede planificado con antelación nun Plan Xeral de Ordenación Municipal, que é o que fan os concellos serios.

Por último, falando do contexto xeral, había unha dificultade, que eu aí si entendo, que era o trámite na Xunta de Galicia, no Parlamento de Galicia da nova Lei do solo, que si que, evidentemente podería facer que estivésemos parindo un plan de urbanismo que nacesse caducado, practicamente, por esa modificación da Lei do solo, pero parece que a maioría absoluta, neste caso do Partido Popular e esa é a súa intención na Xunta de Galicia, vai determinar que esa Lei do solo pois estea aprobada, con todas as discrepancias que podamos ter sobre a mesma, que estea aprobada a finais de ano, segundo avanzaban esta semana. Iso vai permitir vencer a inseguridade xurídica que poderíamos ter de cara a aprobación do novo plan de urbanismo pero tamén nos vai meter presa e nos vai fixar novos prazos e o horizonte que a lei contempla e que a Xunta de Galicia contempla é que no ano 2020 todos os concellos de Galicia teñan plans de ordenación municipal adaptados á Lei do solo. Sabemos que iso non vai ser así, probablemente, tamén a actual lei contemplaba un horizonte que se rebasou por todas partes pero, dende logo, o que podan facer pequenos concellos, que teñen máis dificultades, non pode ser excusa para que unha capital de provincia, como é Pontevedra, no poda ter no ano 2020 un Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado xa a esa Lei do solo, máis cando está practicamente rematado ese plan de urbanismo, cando está xa redactado.

Polo tanto, sexamos capital de provincia en todos os sentidos, sexamos unha cidade que deamos exemplo tamén na ordenación do noso territorio e poñámonos as pilas para aprobar este Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Dende logo os concelleiros socialistas non temos, porque non nos corresponde, porque non temos a mesma representación e porque, ademais, se nos infrarrepresentou no acordo plenario de organización desta Corporación, non vamos ter os mesmos recursos que o grupo municipal do BNG e, por suposto, que o goberno municipal, pero dende logo o que si teremos é toda a disposición do mundo, toda a vontade do mundo e as ganas infinitas de poder colaborar para sacar este plan adiante e para darlle aos cidadáns de Pontevedra unha ferramenta que necesitan e das que máis necesitan, ademais, neste momento.

Non sei se o goberno fará, se o goberno, a partir de agora, enganchará e empezará a traballar nisto pero, dende logo, se non o fai o goberno estou seguro de que o fará a oposición e que en 2020, como moi tarde, Pontevedra terá que ter ese plan de urbanismo que todos os cidadáns demandan e que parece que a maioría desta Corporación tamén demanda e tamén entende como necesario. Polo traballo do PSOE e polo compromiso do PSOE dende logo que non vai ser.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Puentes.





Seguidamente, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Moitas gracias. Brevemente, Sr. Presidente.

Nós levamos falando moito tempo, moitísimos anos, da necesidade dun plan xeral e celebro que o Partido Socialista, agora que non está no goberno, considere tamén que un plan xeral é moi importante para Pontevedra e celebro que lean o noso programa electoral, como parece evidenciarse do que aquí se escoita e, polo tanto, non tería máis que ratificar as súas palabras porque parecía que falara o concelleiro do Partido Popular. En todo caso, creo que tiveron tempo dabondo, cando estaban no goberno aquí se aprobou un acordo, como dixen antes, para poñer en marcha o plan xeral, se deixaron liar vostedes coa creación dunha subcomisión, que foi o camiño que o Sr. Mosquera tivo para facer que non se fixera nada, se volveron deixar liar outra vez coa creación dunha subcomisión, ou sexa, dúas veces tropezando na mesma pedra, falta unha terceira, pero, en todo caso, calquera paso, por curto que sexa para mover o plan xeral o imos apoiar, cremos que era mellor poñer en común un acordo entre todos os grupos para sacalo adiante pero, mire, se queren poñerse vostedes dende Marea ou dende o Partido Socialista unha medalla a nós a medalla que a poña quen queira, o que queremos é que se poña en marcha o plan xeral, e si consideramos necesario, como dicía o texto inicial da moción de Marea, que se retomen os traballos, que se fale coa empresa, porque o traballo está feito o que pasa é que hai que revisalo; non ten sentido que os políticos nos poñamos a revisar ese traballo porque iso está feito por técnicos e creo que son os técnicos os que o deben recuperar e actualizalo.

Levamos dez anos tramitando un plan xeral, dende que se contratou o plan xeral, levamos 1.300.000 euros investidos e ao final eses cartos están nun caixón, o traballo feito con eses cartos está nun caixón. Nós avogamos por facer útil ese traballo e por facer útiles ese 1,3 millóns de euros e é verdade que agora se vai a iniciar o procedemento para tramitar un proxecto de lei dunha nova Lei do solo, ben, que me temo eu?, que nos vai pillar o touro outra vez porque nos foron pillando reformas lexislativas unha tras outra e, por iso, tiveron a escusa perfecta dende o goberno para non sacar un plan xeral. Pero se nos apresuramos a facer a aprobación inicial antes de que entre en vigor a nova lei pois estaremos eximidos de ter que aplicar a nova regulación. Polo tanto, se nos poñemos as pilas, se o goberno se pon as pilas e se pon xa a traer o documento que había, o actualizamos e o traemos para aprobación inicial no Pleno pois xa non nos afectará ningunha reforma lexislativa, do contrario podemos estar outros catro anos, como ben dixo a concelleira de urbanismo, sen ter un plan xeral. Ela parede que o manifestou xa como unha intención política, eu o manifesto como un temos e, polo tanto, espero que non pasen catro anos sin ter un plan xeral e creo que sería bo que a Concelleira de urbanismo o primeiro propósito que fixera público non fora dicir que van pasar catro anos sen un plan xeral senón todo o contrario, dicir que vai poñer todos os seus esforzos en facer posible que en catro anos teñamos un novo plan xeral. Creo que iso sería o responsable.

Nada máis e moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Moreira.

A continuación, concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do BNG, responsable da área de Urbanismo, protección cidadá, servizos e festas, dona María Carmen da Silva Méndez.

**A Sra. Da Silva Méndez:** Gracias, Sr. Presidente. Moi boas tardes.

Neste mandato parece que vamos disfrutar polo menos dunhas intervencións, tanto en calidade como en cantidade, floridas e que nos van a alegrar a todos estas horas de debate, o que é moi moi de agradecer.

Ao respecto do punto da orde do día no que estamos, para abreviar e facilitarlle o traballo aos funcionarios e funcionarias que fan o traballo de actas, voume remitir a acta do 27 de maio de 2013 onde se debateu este asunto, tamén se acordou crear esa subcomisión e os grupos que votaron a favor de crear a subcomisión ningún deles quixo presidir a subcomisión esa, por iso agora na emenda xa din claramente que a ten que presidir Marea, para non verse no lío do pasado mandato no que se crea unha subcomisión pero ningún dos grupos propoñentes quería presidir esa subcomisión.

Ao respecto do plan, enviouse á Xunta un documento aprobado por unanimidade de todos os membros da Corporación, de todos os membros que estaban na comisión, é un documento unánime que reflicte a vontade unánime da Corporación municipal. Ese documento, que foi remitido á Xunta en xuño de 2009, deu lugar a un informe, en xaneiro, de 2010 absolutamente demoledor, entón eu o que lle pregunto a todos os membros que con tanto entusiasmo, porque algúns deles ao mellor é que non coñecen ben toda a traxectoria que leva este planeamento, o que lle pregunto é, exactamente dos núcleos rurais que lle vou ler a continuación, porque están tocadas todas as parroquiais e practicamente o cen por cen dos núcleos rurais, en cales van recortar? Clasificación do solo de núcleo rural, hai problemas en Sobral, en Carabelos, en Santa Cruz, e sigo lendo porque isto..., A Devesa, Lampreeira, Gavián, Bordela, Abelleira, Verducido, Outonovo, Bispo, Galiana, Moldes, Corredoira, Sabarria, Piñeiro, Pedreira, Carballal, Campañó de arriba, Ferreiros, Barra, O Cochón, Cabaleiro, Barragáns, Parada de arriba, Parada de abaixo, Os Muiños, o Cachapal, Banqueira, Casal do Rei, Pidre, Gusilde, Touceda, Meán, Pontecabras, Castelo, A Piolla, Casal Novo, Cinbelo, Couso, Castelo, Outeiriño, A Igrexa, Gatomorto, Frieiro, Santa Cruz, Filgueira, Sobral, O Couso, outra vez, Cons, O Paxo, Carabelos, Eirós, As Pontes, Bouza, Mourente, A Raxeira, Leirados, O Teso, O Tombo, O Quinteiro, A Cardosa, A Barcia, Ría de arriba, Vilafranca, Pazos, A Hermida, Pintos, Baladares, e podo seguir así porque están absolutamente todos, exactamente cales deses núcleos propoñen recortar?, porque iso é o que hai que facer, iso é o que hai que facer. Non, non, non, o que cuestiona o informe da Xunta son os núcleos. E ao respecto do que dixó de expandir a cidade, é que o informe da Xunta o que di é que hai que recortar edificabilidade no urbano, tamén, tamén no urbano.

Entón eu aconséllolle que lean os catorce folios de informe da Xunta, que supoño que xa os lerían porque está a disposición de todo o público, é unha información que non hai que ser concelleiro para ter acceso a ela, pode acceder a ela quen queira, e despois fagan propostas concretas para resolver ese problema. E isto, Sr. Rei, non é un problema de gobernos amigos ou de gobernos inimigos, xa o dixó vostede na comisión, o plan hai un problema coa lexislación vixente e obriga a recortar a edificabilidade e obriga a recortar os núcleos e obriga a recortar a edificabilidade urbana. E tamén hai un problema da lexislación co modelo que neste momento está desenvolvendo Pontevedra e que é un referente, ese é o problema real, e non se trata de gobernos amigos que iso, a verdade, é que facer afirmacións dese tipo é moi preocupante porque é supoñer que a Xunta de Galicia informa negativamente un plan en función da cor política do Concello que llo traslada; iso é terrible e afirmar iso así, vouno atribuír ao descoñecemento, lease vostede todos os



informes que hai na páxina ao respecto dos distintos plans e verán como é un problema de como está a lexislación neste momento. E Pontevedra ten ademais outro problema e non é de competencia municipal, porque o plan o aproba definitivamente a Xunta, a ver si tamén niso pois vamos entendendo que a aprobación definitiva é da Xunta, non do Concello. E tamén hai outro problema, os proxectos sectoriais en vigor hai que recollelos obrigatoriamente no planeamento, hai que recollelos obrigatoriamente.

Aquí o que pasa, no fondo, é que hai un modelo que se está desenvolvendo a pesar de ter un plan antigo, hai un modelo que se desenvolveu e que é un exemplo, a nivel mundial, e un referente neste momento, non só no Estado senón fora do Estado, a nivel internacional, de como se poden facer cidades de calidade, e ese é o problema, ese é o problema de fondo. Estamos intentando, e eu pensei que era unha cousa así das eleccións, en campaña electoral, estamos intentando querer trasladarlle á sociedade que Pontevedra non pode ter ese modelo referente porque non ten un plan adaptado a lexislación actual, non é certo, e que un plan adaptado á lexislación actual imposibilitaría que ese modelo se puxese en práctica, e iso é o que estamos discutindo no fondo. Eu, tal e como fixemos na comisión, a proposta ditaminouse en comisión, fagan propostas concretas que resolvan os atrancos que plantexa o informe da Xunta.

Ao respecto dos traballos da empresa, os traballos efectuados pola empresa e entregados no concello son de propiedade municipal, a non ser que se veña aquí a defender, que é lexítimo, intereses da empresa non hai que negociar nada coa empresa para aproveitar os traballos feitos, son traballos de propiedade municipal, que ademais xa se remitiron á Xunta e que todos os técnicos municipais son quen de facer os traballos necesarios sobre eles. Porque neste Concello, cando se lles fai caso aos xuristas municipais non temos problemas, nunca temos problemas, só cando se saltou aos funcionarios responsables de urbanismo apareceron problemas como Veteris ou Michelena 24. Polo tanto, non entendo moi ben o de o acordo coa empresa, non entendo moi ben que non se fagan propostas concretas para levantar os problemas que pon a Xunta e que vaíamos a crear unha subcomisión, home esta vez, polo menos, xa se sabe quen a vai presidir, que iso xa é un avance importante.

No que respecta as cuestións que se plantexaron aquí sobre que non se quere traballar no plan, que non se traballa, vamos a ver, fíxose un traballo enorme, enorme, con participación de todo o mundo, para chegar a un documento que se aprobou por unanimidade de toda a corporación, ese é o plan do Concello de Pontevedra. Querer seguir para adiante é levantar, como dicía, os atrancos nos núcleos, en solo industrial, en solo urbano e en todo o que pon a Xunta. Fagan propostas concretas, deixemos o postureo este que no fondo o que está cuestionando é o modelo e fagan propostas concretas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias. Algunha intervención?

Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

**O Sr. Rei Núñez:** Sobre as propostas concretas, nós non somos técnicos en urbanismo e non temos porque facer propostas concretas, nós podemos dirixir politicamente uns traballos en beneficio da maioría social de Pontevedra.

Sobre o acordo coa empresa, lémbrolle que o día 20 de abril deste ano a empresa

que tiña o cometido de redactar o PXOM pediu a rescisión do contrato porque nos últimos anos non se fixera absolutamente nada nin se movera ningún papel ao respecto.

Tamén quería dicir que escoito agora esa enumeración que facía vostede de lugares do rural onde habería problemas para este plan. Anteriormente falou vostede tamén do contencioso dos terreos que actualmente ocupa ENCE en Lourizán. O seu compañeiro de grupo que anteriormente levaba a dirección deste asunto dende o goberno municipal invocaba tamén as diverxencias sobre o crecemento para vivendas que deseñaba o plan entre os intereses do goberno de Pontevedra e da Xunta de Galicia. Tamén se invocaron problemas ao respecto de Montecarrasco. Bueno, se poden invocar moitos problemas, o caso é que Pontevedra non é a única cidade, non é o único Concello que ten problemas e que ten contenciosos á hora de redactar un Plan Xeral de Ordenación Municipal, vanse resolvendo, ás veces tardan máis ou tardan menos pero non impiden, eses problemas dos demais concellos, que moitos deles teñan planeamentos urbanísticos actualizados, cousa que en Pontevedra no hai. Parece que un plan que data do ano 1989, como enumeraba o compañeiro Puentes anteriormente, sucederon moitas cousas no país dende o ano 1989 e tamén en Pontevedra, dende o ano 1989, e parece que a cidade necesita actualizar o documento que defina o seu crecemento no futuro e o tempo consumido ata agora, eses 16 anos que levan vostedes no goberno, parece que é un tempo suficiente se existe a vontade e o ánimo de sacar adiante un documento deste tipo para ir resolvendo os escollos que se vaian presentando.

Non sei a razón pola que no anterior mandato municipal os outros grupos non aceptaron presidir a subcomisión do PXOM, eu acepto esa responsabilidade, espero que non se poñan atrancos para a constitución desa comisión, creo que é importante que estean representados todos os grupos, tamén o do Bloque, aí e que ese traballo se encauce e que ao longo dos próximos catro anos pois se poida, polo menos presentar un novo documento á aprobación inicial.

Os atrancos que vostedes aducen ao respecto da Xunta de Galicia tamén os teñen outros concellos de distinto signo da Xunta actual e os foron resolvendo, en todo caso tamén lémbrolle que vai a haber unhas eleccións ao Parlamento Galego o ano que ven que poden modificar o panorama político de Galicia e que, supostamente, pode atoparse máis receptividade as propostas do Concello de Pontevedra dende un goberno distinto ao que actualmente está na Xunta de Galicia.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Rei.

Sr. Puentes Rivera, ten a palabra.

**O Sr. Puentes Rivera:** Gracias, brevemente.

A intervención que acabamos de escoitar resume perfectamente a actitude do goberno municipal durante este tempo, como a Xunta de Galicia me pon atrancos díganme vostedes que fago, me cruzo de brazos e non fago nada, e mentres tanto Pontevedra segue tendo un Plan Xeral de Ordenación Municipal sen aprobar, e esta cidade segue sen planeamento urbanístico en vigor, actualizado. Polo tanto, é iso o que nós queremos combater e iso é o que nós denunciemos cando dicimos pasividade, falta de compromiso ou falta de iniciativa por parte do goberno municipal á hora de dotar dun Plan Xeral de Ordenación Municipal a esta cidade.

É certo, ninguén dixo que fora fácil, unha tramitación dun Plan Xeral de Ordenación



Municipal é difícilísima, en primeiro lugar porque require dunha capacidade de escoitar, de participar e de aunar sensibilidades case imposible porque hai moitos intereses creados en torno a ese Plan Xeral de Ordenación Municipal, en segundo lugar porque, ademais, é unha competencia compartida, os Concellos aproban, propoñen, formulan e a Xunta de Galicia aproba ese plan definitivamente e, claro, hai que ter capacidade de entendemento tamén con outra administración que ademais, neste caso, é complicada e nós entendemos e aseguramos ademais, polo trato que lle dispensa a Xunta de Galicia habitualmente a Pontevedra, que é complicada, pero a solución non pode ser quedarse de brazos cruzados esperando non sei a que, a se virá outro goberno ou a se algún día se ilumina Feijoo e decide tragar con todo o que este Pleno, con todo o criterio e todo o valor do mundo, lle propoña. Haberá que buscar cauces de entendemento, ver si os hai, haberá que buscar solucións pero non quedarse de brazos cruzados e iso é o que pretendemos coa subcomisión esta que propoñemos crear emendando a moción de Marea Pontevedra.

Por último, eu agradezo de verdade as súas leccións de urbanismo e ademais, como concelleiro recen chegado a esta Corporación o agradezo especialmente, se algún día fai un máster para que poidamos comprender a postura urbanística do BNG eu apuntareime, porque me encantaría comprendela, pero permítame, con toda a humildade do mundo que tamén lle dea unha pequena pista básica en materia urbanística, vostede pode ter o plan de urbanismo máis bonito do mundo e o que máis lle guste, que parece que o de Rivas agora lles gusta moitísimo, este do ano 89, porque o queren perpetuar, pode ter o mellor plan de urbanismo e pintar neses planos o que vostede queiran pero a Lei do solo está por enriba do plan de urbanismo e como a Lei do solo de Galicia diga A pode dicir o plan de urbanismo B que o que prima é o que diga a Lei do solo de Galicia, polo tanto pode vostede pretender ou dicir que non aprobamos un plan de urbanismo novo porque non nos gusta o que a Xunta de Galicia nos pide e nos recomenda, nos informa que teñamos que dicir ou que adaptar, pode poñer e pintar toda a edificabilidade do mundo en todos os núcleos de Pontevedra que vostede queira que como non cumpran a lei, vostede pode pintala e a xente pode crer que pode edificar pero cando pida a licenza non poderá edificar nesa parcela. Polo tanto, é máis urxente aínda poder aprobar ese novo planeamento e que se diga claramente onde se pode edificar e onde non, e onde se poden facer servizos e onde non, onde se peonalizar e onde non, onde se pode facer un carril bici e onde non, e a edificabilidade que cuestiona a Xunta de Galicia é unha edificabilidade xeral no termo municipal de Pontevedra e se decidirá se esa edificabilidade se ten que recortar no casco urbano ou se recorta en determinados núcleos de poboación. En todo caso o que fai falla é valentía e ganas de traballar.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Puentes.

Sra. Da Silva, ten a palabra.

**A Sra. Da Silva Méndez:** Moi breve, porque o tema non é que estea suficientemente debatido hoxe, é que leva moitos anos estando suficientemente debatido.

O plan de Pontevedra é un plan recente, comparado co plan de Barcelona, que é do ano 1954, supoño que a Sra. Ada Colau estará a correr para cambiálo, e parece que o plan de Barcelona lles funciona, non sei, e que iso da antigüidade dos plans é unha cousa curiosa. O plan de Pontevedra tivo numerosas modificacións durante estes anos, moitísimas, practicamente todas aprobadas por unanimidade, polo tanto

dicir que as modificacións son ocorrencias, pois son ocorrencias unánimes da Corporación de Pontevedra. Vánsenos ocorrendo cousas, ímolas aprobando por unanimidade e as vamos sacando adiante e Pontevedra se converte nunha cidade que é referente en calidade urbana no mundo, porque iso non o negarán, é que ese é o problema, insisto, ese é o problema.

As competencias en urbanismo os concellos e a Xunta non as teñen compartidas, as teñen tuteladas, que é distinto, o Concello propón e a Xunta dispón, porque así o dixó, como vostede moi ben di, a Lei do solo, que como vostede dixó está por enriba das propostas que se fagan, tamén o está a Lei de ordenación do territorio, esa esquecéuselle que é a dos proxectos sectoriais. Polo tanto, eu insisto, non son técnicos pero son os concelleiros e concelleiras que teñen que ditaminar e, polo tanto, teñen que ter criterio para dicirlles a todos estes veciños dos núcleos que núcleos se van recortar, teñen que ter criterio para decidilo, iso non o van decidir os técnicos. Polo tanto, insisto, fagan propostas concretas para resolver porque, segundo a lexislación vixente, segundo o informe da Xunta, todos estes núcleos están condenados, no actual plan non, non actual plan están delimitados e neles se pode edificar. Polo tanto, fagan propostas concretas, teñan o valor de parcelas e non seguir co posturo de comisións e subcomisións e logo tamén defendendo como dicía, é lícito, pero estamos aquí para defender os intereses municipais, non os de ningunha empresa.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria sobre a proposición presentada por Ma.Po coa emenda introducida polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno do Concello, por maioría, co foto favorable de 13 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal de Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's) e o voto en contra de 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG) e de conformidade co ditame emitido pola Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, acorda prestar aprobación á proposición do grupo municipal Marea Pontevedra instando a retomar o proceso de redacción, aprobación e posta en marcha dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, coa emenda presentada pola concelleira dona Paloma Castro Rey.

Seguidamente, sométese a votación a proposta do grupo municipal do BNG, sendo o seu resultando o seguinte:

Votaron a favor da proposta 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).

En contra 12 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 2 do grupo municipal de Ma.Po).

Abstención 1 concelleira (1 do grupo municipal Mixto-C's).

Producido empate na votación repítese co mesmo resultado polo que decide o voto de calidade do Presidente e, en consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame emitido pola Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, acorda aprobar a proposta presentada polo grupo municipal do BNG.

**11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA DE PONTEVEDRA INSTANDO A QUE NON SE ASINE O CONTRATO DE CESIÓN DE USO DA PRAZA DE TOUROS PARA ESPECTÁCULOS NON TAURINOS NIN OUTROS**



### **SIMILARES QUE FAVOREZAN O MALTRATO ANIMAL.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame desfavorable, por maioría (en contra os grupos municipais do BNG e do PP e abstención o grupo municipal Mixto-C's), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 16.07.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra instando a que este ano non se asine o denominado contrato de cesión de uso da praza de touros para espectáculos non taurinos nin outros similares que favorezan o maltrato animal.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po, é do teor literal seguinte:

“O espectáculo de sacrificar reses bravas diante de público adulto é, de momento, legal en España, e Pontevedra conta no seu termo municipal cunha praza de touros permanente dedicada a iso e explotada pola empresa “Plazas y Toros“, cuxos titulares rexistrados son os irmáns Lozano Martín.

O concello de Pontevedra adquiriu o que xa é o costume de asinar con esa empresa un Contrato de cesión de uso sobre a utilización da Praza de Touros para espectáculos non taurinos (de vixencia anual, o último asinado o 25 de xuño de 2014).

En virtude dese contrato, o concello comprométese a pagarlle á devandita empresa a cantidade de 47.500 euros (IVE engadido), á parte destoutros compromisos igualmente moi vantaxosos para a empresa:

- Correr co importe dos gastos orixinados pola organización dos actos,
- Satisfacer todos os impostos, arbitrios, taxas, contribucións e tributos que graven eses actos (en particular, o canon á Sociedade Xeral de Autores de España e o IVE),
- Entregar á empresa as localidades do Palco (30, destinadas a invitacións para “atencións persoais”),
- Ceder a explotación do servizo de bares e bebidas dos espectáculos que organice o concello, que será por conta, a cargo e beneficio da propiedade da praza.

A empresa, ademais, resérvase o dereito a bloquear, por dereito exclusivo e preferente, as datas da primeira quincena de agosto nas que organiza as corridas de touros da Feira da Peregrina.

Pola súa banda, o concello obtén, se así o solicita, a cesión da praza para actividades nas festividades de Reis, Entroido, Feira Franca, Festas de verán e Ruta Cabalar. Na práctica, o uso principal que o concello lle está dando ao coso pontevedrés é nunha pequena parte do programa da Feira Franca.

MAREA PONTEVEDRA entende que este contrato é, en realidade, unha subvención encuberta, e en condicións moi favorables para a empresa, das corridas de touros, un espectáculo por cuxa desaparición avoga boa parte da opinión pública e, por suposto, tamén a propia MAREA.

MAREA PONTEVEDRA entende tamén que a única xustificación posible para o gasto que ese contrato lle reporta ao concello é a cesión da praza; unha cesión, por certo, que non é imprescindible para ningunha das finalidades aducidas. Abonda, a este respecto, o exemplo da Feira Franca: feiras medievais hai moitas na xeografía galega, e gran parte delas inclúen espectáculos con animais, porén, en ningún outro lugar de Galicia dispoñen dunha praza de touros. É dicir, a eses espectáculos podería buscárselle tamén en Pontevedra un emprazamento alternativo (e mesmo

máis próximo ao centro urbano).

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte PROPOSICIÓN:

1. Non volver a subscribir o denominado Contrato de cesión de uso sobre a utilización da Praza de Touros para espectáculos non taurinos.
2. Instar ao Goberno Municipal a iniciar os trámites administrativos para a suspensión do mesmo.
3. Declarar o de Pontevedra “concello amigo dos animais”, e adquirir o compromiso de non subvencionar nin directa nin indirectamente ningún tipo de espectáculos que supoñan maltrato animal.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra, don Luis Rei Núñez.

O **Sr. Rei Núñez**: Moitas gracias. Traemos as nosas iniciativas ao Pleno co convencemento de estarmos facendo un servizo ao ben común de Pontevedra e dos pontevedreses, que é un ánimo que supoñemos tamén nos demais grupos e por iso aspiramos á unanimidade nos apoios ás propostas e tamén neste. Ocorre, neste caso, que estamos especialmente interesados en obter o apoio do Bloque Nacionalista Galego ao que lle ofrecemos a posibilidade, coa nosa proposta, de ser el mesmo. Explícome con tres exemplos, aínda que podería escolmar moitos máis: un do ano 2012, en agosto, o Sr. Lobeira, daquela parlamentario do Bloque na cámara autonómica pediulle explicacións á consellería de cultura polo patrocinio dunha corrida en Muiños, Ourense, e dicía, con razón, o Sr. Lobeira que é un caso de tortura ata a morte. En abril de 2013 o portavoz do Bloque no parlamento galego, o Sr. Jorquera, presentou unha iniciativa para reformar a Lei de protección de animais, avogaba por prohibir as corridas de touros en Galicia, onde non teñen arraigo, dicía Jorquera, tomando como exemplo o caso catalán, e afirmaba Jorquera: “en Galicia non existen menos motivos que en Cataluña para prohibilas”; en marzo de 2014, o ano pasado, o grupo municipal do Bloque no Concello de A Coruña pediu a supresión definitiva na cidade das corridas de touros por consideralas un espectáculo violento e sanguento que nada ten que ver coa tradición de Galicia. Con ese mesmo espírito Marea Pontevedra propón non volver a asinar o contrato polo que o Concello lle entrega á empresa da praza de Touros a cantidade de 47.500 euros cada ano. Acódese a escusa de que é por unha cesión de uso pero na práctica nin se chega a usar cunha frecuencia que faga rendible a cesión nin é estritamente necesaria, nin sequer para a Feira Franca. En Galicia hai moitas feiras medievais, algunha tamén moi importante ou case tan importante como a nosa pero en ningún outro lugar contan cunha praza de touros permanente e estable e iso non impide que tamén na programación desas feiras medievais inclúan espectáculos con animais. Reitero, o Concello debe empregar mellor eses 48.000 euros que son, por exemplo, o dobre dos cartos dun premio de Dubai que se repartiu entre uns cantos colectivos sociais. Con esta moción estamos pensando especialmente no Bloque, xa llo dicía ao principio, ao que lle brindamos a oportunidade de expiar o fariseísmo, só ten que facer en Pontevedra no resto do país e sumar os seus doce votos aos de Marea Pontevedra. Moitas gracias.

Incidencias. - Sendo as 13:51 horas auséntase o Sr. Alcalde asumindo a Presidencia a primeira Tenente de Alcalde.





A continuación a **Sra. Presidenta** concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's.

A **Sra. Rey Martínez**: Evidentemente si el contrato de cesión supone más de 40.000 euros al año para la utilización de la plaza de toros una mañana al año consideramos que es una barbaridad. Si, como afirma Marea, es una subvención a los empresarios nos oponemos también totalmente. Por ello vamos a apoyar en esos dos puntos la moción presentada por Marea.

Seguidamente, a Sra. Presidenta concede o uso da palabra a dona Paloma Castro Rey, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A **Sra. Castro Rey**: Gracias.

Nós, o grupo municipal socialista, vamos a votar tamén a favor da proposta de Marea instando a que non se asine o contrato de cesión de uso da praza de touron. É verdade que dende o Concello non se outorgan as axudas directas as touradas pero tamén é radicalmente certo que se asina coa empresa propietaria da praza de san Roque un convenio anual para uso do coso para determinadas actividades, relación contractual que arrancou no ano 2000 cunha contraprestación de 36.000 euros e que na actualidade é de 47.500 euros. Contrato que, a maiores, contén uns compromisos moi ventaxosos para o empresario que semellan máis unha subvención, así, entre outros beneficios, está o de ceder a explotación do servizo de bares e bebidas que organice o concello que serán por conta, cargo e beneficio da propiedade, o que produce entre outros que os beneficios que o torneo medieval reporta, que non son poucos, na praza vaian ao empresario propietario do lugar.

Entendemos que estase a producir unha subvención encuberta das touradas e que a postura do Concello non é clara neste aspecto. O PSOE posiciónase no sentido de opoñerse a que dende o Concello se subvencionen espectáculos que teñan por obxecto o maltrato animal, por iso entendemos que este contrato, da forma na que está plantexado, debe rescindir-se, sen prexuízo de que poidan asinarse con esta empresa outros contratos de aluguer da praza para eventos concretos, e falo, por exemplo do torneo medieval da Feira Franca, que non podemos negar que a aceptación que ten entre os pontevedreses é moita e que é a praza de touros un lugar moi axeitado para facelo, ou, se cadra, algún espectáculo de carácter social o cultural concreto, pero eso si, sempre que os criterios de contratación sexan claros, concretos e sen privilexios.

O PSOE non adoita a facer prohibicións, é por iso polo que persoalmente penso que temos unhas festas da Peregrina que poden ser explotadas ao marxe das touradas, sen que perdan nin un ápice da súa aceptación social, e só con medidas do concello orientadas neste sentido lograrase que dentro duns anos as touradas sexan tan residuais que desaparezan sen ter que recorrer a unha prohibición directa, como pasou noutras cidades de Galicia.

Por outro lado e para finalizar, entendemos que Pontevedra ten que seguir o exemplo doutras cidades galegas e declararse Concello amigo dos animais e adquirir o compromiso de non subvencionar nin directa nin indirectamente ningún tipo de espectáculo que supoña un maltrato animal.

A **Sra. Presidenta**: Gracias, Sra. Castro.

Seguidamente, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Ja-

cobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, Sra. Presidenta.

Nós coincidimos en que, realmente, este convenio é unha subvención encuberta e ten que ser unha subvención encuberta porque o texto do convenio é o mesmo que se asinaba no 2001, no que se dicía exactamente que se subvencionaban as touradas das festas da Peregrina, logo se cambiou esa frase, supoño que por estética, dende o BNG, que non quedaba moi ben que se notara claramente, que quedará grafiado, que se estaban subvencionando os touros.

Dou por feito que, efectivamente, é unha subvención encuberta porque, dende logo, se é para o aluguer do local da praza de touros para actos do Concello dende logo é unha estafa, é bastante caro. Ademais non ten moito sentido que o convenio teña vixencia de xullo a 31 de decembro e sexa para utilizar o recinto da praza de touros para o día de reis, para a cabalgata de reis, cando resulta que, que eu saiba, a cabalgata de reis é despois do 31 de decembro, data na cal non ten vixencia o convenio. Co cal é evidente que é unha subvención encuberta, nós estamos de acordo con que se lle dea unha subvención o que non estamos de acordo é coa falta de transparencia, Sr. Fernández Lores, se é unha subvención para a praza de touros hai que poñer, como poñía vostede no ano 2001 nese convenio, que é para subvencionar a feira da Peregrina, creo que non hai que ocultar o que un está facendo. Polo tanto, nós, nese sentido, estamos de acordo con vostede en darlle cartos para subvencionar as corridas de touros pero no que non estamos de acordo é na falta de transparencia, hai que dicir as cousas claras e dicirle aos cidadáns que o que se está pagando é o que se está pagando.

Eu, en particular, non son aficionado aos touros, pero creo que como realidade para Pontevedra é moi importante o fluxo de cidadáns de todas as partes de Galicia e do resto de España que veñen a Pontevedra a ver a feira da Peregrina, cunha media de asistencia de 5000 persoas por cada corrida, polo tanto, me parece que en termos económicos me parece bastante bo porque creo que iso, si son 5000 por cada evento nos poñemos en 20.000 persoas, dígame vostede que concerto en Pontevedra dun grupo de música calquera, que custa moitísimos máis algúns que este, recordo un que custara 120.000 euros, de Miguel Bosé, que inversión con corenta e pico mil euros atrae a Pontevedra 20.000 persoas en catro días. Polo tanto, nós somos transparentes, dicímolo claramente, para Pontevedra é bo que se manteñan os festexos taurinos, é no e se non preguntelle aos hostaleiros, aos comerciantes e ver as rúas cheas de xente eses días, iso é positivo para Pontevedra, independentemente do sentimento particular que cada un teña con respecto a ese tipo de eventos que a min, particularmente, non son moi pro corridas de touros pero tamén hai cousas en Pontevedra das festas que non me gustan e non me atraen pero entendo que hai xente ás que lle gustan, teñen que ser festas para todos e, polo tanto, hai que investir en eventos para todo o mundo, hai que ter a maior variedade posible.

Polo tanto, nós imos a votar en contra desta moción polo que acabo de dicir pero si, Sr. Fernández Lores, sería bo que vostede deixara de facer unha subvención encuberta porque as subvencións deben ser perfectamente descubertas, con luz e taquígrafos e os cidadáns teñen dereito a saber en que se inviste cada euro dos cidadáns.

Nada máis e moitas gracias.



Incidencias. - Sendo as 13:56 horas reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde asumindo a Presidencia.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: Gracias, Sr. Alcalde.

É unha pena que o Pleno sexa tan longo porque isto, francamente, dá para falar e moito. É admirable que a primeira forza política, grupo municipal, que se opuxo frontalmente as touradas foi o BNG de Pontevedra e non só o fixo senón que o executou e inténtao sempre, por exemplo, este ano vai a ser a primeira vez que a Deputación no vaia, e que eu saiba aquí tivemos compañeiros da Corporación do grupo socialista que ían a presidir barbaramente e o estaban defendendo, algo teremos que ver. Curiosamente que ían a presidir e non sei cantos e o inimigo era un concelleiro do BNG que asistía, está claro cal é a intención, está claro a que andamos. Pero bueno, foi a primeira forza política, por exemplo, que non foi as procesións, agora outros andan dudando se van ou non van, calquera día resulta que vamos a atacar por outro lado porque vaise ao corpus a tomar a caña, isto é algo parecido, ou a raíña das festas ou etc. Entón como non hai xa por onde enganchar, bueno si, no Pleno pasado anunciaron que ían traer aquí unhas sinaturas para que baixáramos os salarios que eran moi altos, ah, pero resulta que en Santiago os puxeron máis altos para os concelleiros, do que temos aquí. Anunciástelo aquí, eh!, anunciastes que íades recoller esas sinaturas e traelas aquí. Entón, estamos chegando tarde a case todo e buscamos onde non hai.

Levamos anos, anos, mirando algunha alternativa á praza de touros, e se quere ensino os orzamentos. Unha estrutura metálica, con gradas e demais, sen que chegue á capacidade da praza de touros por montala un día e desmontala anda entre cento cincuenta e douscentos mil euros. Entón resulta que usar a praza de touros con estas condicións é moitísimo máis barato, ou se non nos cargamos as xustas medievais da feira franca, ou facermos algo para mil persoas ou cincocentas cando van oito mil en dúas sesións. Levamos ano mirando, anos. Non se nos busque a nós, xa é o que faltaba, que defendamos as touradas. Agora como non hai por onde coller pois enganhamos con ese contrato. Mire, é un problema de responsabilidade e calquera, se vostedes queren, se hai algo que se enche e vai a xente e saía máis caro, pídanos persoalmente, son públicos, se quere pódelle pedir a calquera empresa que monte unha e demais, máis outras actuacións que se poden facer, uns anos máis e outros anos menos.

Está claro, praza privada, competencia sobre espectáculos públicos deste tipo da Xunta, o Concello non colaborou, dende que estamos nós, nin vai colaborar. Nin foi a presidir ninguén de nós, na Deputación desaparece este verán e supoño que todos pensaredes que algo que ver tivemos nós en que desaparecera, supoño. Polo tanto, aí non se nos pode dicir nada.

O outro, non hai ningún problema, se alguén topa, deixemos outras actividades, se alguén topa onde facer as xustas, xa non coas 8000 persoas, para 3000, en dous ou tres turnos, polo que custa a praza, problema resolto, xa está. E se non díganos claramente, nos queremos cargar el torneo medieval e outras cousas que son na praza e punto, é así de fácil, traian un orzamento, a parte de onde se colocaría, pero bueno. Pero que se diga: “é que hai outras feiras medievais”, claro!, que xuntan 50 o dúas 200, claro, pero 8000 e máis outros 8000 e cola, temos eso.

Non use subterfuxios sutís, Sr. Moreira, non se están subvencionando os touros,

non, ao principio houbo aquel convenio e demais, vaise axustando todo o que se pode e ese é o único motivo. Obviamente, si do concello dependera a postura estaría clara, pero é que non depende, que lle imos a facer, entón dámoslle a volta, pegamos un triple salto mortal e como hai touros en Pontevedra a culpa é do goberno local, claro, e tamén hai quen lle está dando voltas e din como ENCE está en Pontevedra a culpa é o do goberno local, e como temos o corpus e hai caña a culpa é do goberno local que vai a un acto relixioso. Inventos. A traxectoria está clariña e algún agora, 20 anos despois, que os touros nós empezamos no 1995, non no 99, xa non 95, que non foi cando chegamos ao goberno, despois o efectivizamos, algúns están descubrindo agora o que nós fixemos hai 20 anos e le parece que é a gran novidade e non o podemos facer, pois si, fixémoslo e está aí e punto. O demais é gana de liala.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Mosquera.  
Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

**O Sr. Rei Núñez:** A min gústame cinguirme aos asuntos que se debaten cada momento, pero xa que reabriu o debate organizativo, Sr. Mosquera, eu quería pedir-lle que o trato que recibe o Bloque no Concello de A Coruña, co un único concelleiro, ou o trato que recibe o Bloque no Concello de Santiago, con dous concelleiros, que sexa o mesmo que nos dispensa o goberno municipal de Pontevedra do Bloque aos demais partidos que estamos representados nesta Corporación, que distan moito un trato do outro.

Xa para cinguirme ao asunto, a praza de touros de Pontevedra é unha empresa privada que ten a propiedade do coso taurino sobre unha cesión de terreos públicos. As condicións do contrato que cada ano se asina para a cesión dese espazo son ventaxosísimas para a empresa, e vou recordar unicamente tres: o Concello comprométese a correr co importe dos gastos orixinados pola organización dos seus actos; a satisfacer todos os impostos, arbitrios, taxas, contribucións e tributos que graven eses actos, en particular o canon a Sociedade Xeral de Autores de España e o IBI; a entregar a empresa as localidades do palco, trinta, destinadas a invitacións para atencións persoais, e o máis ventaxoso de todos, ceder a explotación do servizo de bares e bebidas dos espectáculos que organice o concello, que será por conta, a cargo e beneficio da propiedade da praza. Ademais destes beneficios para a empresa quero tamén recordar que o operativo de seguridade que se monta con motivo de calquera das corridas de touros que explota economicamente unha empresa corre, en gran parte, por conta do Concello de Pontevedra. Quero dicir que o Concello de Pontevedra debe deixar de practicar unha dobre vara de medir ou unha dobre moral neste caso, ou estamos a favor de que se celebren corridas de touros en Pontevedra ou estamos en contra. A nosa moción vai nese sentido e tamén vai no sentido de que os recursos públicos se empreguen para mellores causas que a celebración de corridas de touros.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Rei.  
Sra. Castro Rey, ten a palabra.

**A Sra. Castro Rey:** Dúas cousas, moi rápido.  
A primeira é que no Partido Socialista, as persoas que forman parte deste partido



teñen liberdade individual de pensamento e unhas poden estar a favor das touradas e outras non, non implica que un membro vaia aos touros que o resto teñamos que apoialos. Por outro lado, dicir que os 47.500 euros que son o que costa o aluguer anual da praza de touros paréceme demasiado e, a maiores ademais, os beneficios da explotación do bar o día da feira francas, das xustas, me parece que é demasiado ventaxoso para dúas xustas que se fan unha vez ao ano e creo que o empresario, se só é por iso, debe estar frotándose as mans, sería máis doado facer, entendo que o coso da praza de touros é un lugar moi axeitado para facelas, sobre todo polo gran volume de xente que acude a elas pero podía ser un contrato concreto, que é o que dicimos, e para ese día e cuns conceptos e uns criterios de contratación totalmente obxectivos, fora de privilexios.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Castro.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Se a razón é esa é fácil. Véñanse cun orzamento, igual o Concello non topou esas empresas que fano tan barato, véñase por un día, por un día, din antes as cifras. Entón botarlle as contas aos demais é bárbaro, se é caro ou barato, non, vaia vostede a negociar e mire que alternativa ten, porque se cadra o propietario da praza sabe que a alternativa custa catro veces máis, co cal igual che di pois vaite á outra alternativa. Discutir iso me parece, cando menos, retorcer ata a saciedade, é obvio que este goberno ten o plantexamento que ten e se aí agunha posibilidade, aunque saía un pouquiño máis caro, un pouquiño, non catro veces máis, de non facelo na praza, encantados, o malo é que sae catro veces máis caro, como pouco. Entón míreno e se o aí pois bárbaro, vostedes que queren xestionar, ata levar contratos coa empresa do PXOM, encargarse de non sei que, pois fagan unha xestión, é fácil, é pedir dous ou tres orzamentos e a ver en canto sae, para seis a oito mil persoas. É así de fácil.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Rei, ten a palabra.

**O Sr. Rei Núñez:** Aproveitando ese desafío de fai o Sr. Mosquera, aproben esta moción agora, porque as corridas de touro son o mes que ven, dentro dunhas semanas, e para o próximo Pleno traia tamén vostede a conta, o presuposto dunha empresa para organizar iso, porque aquí nos estamos tendo que fiar da súa palabra cando di que custaría catro veces máis, en todo caso, cos números podería verse. Daría tempo, ademais de resolver este tema para a Feira Franca porque aínda é para o mes seguinte.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria sobre o ditame desfavorable emitido pola Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra instando a que este ano non se asine o denominado contrato de cesión de uso da praza de touros para espectáculos non taurinos nin outros similares que favorezan o maltrato animal.

Votos a favor do ditame 19 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG e 7 do grupo municipal do PP).

En contra 6 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal de Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

## **12.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO RESPECTO DO EMPREGO DE NOMES DE MULLERES PARA A DENOMINACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS, PARQUES E EDIFICIOS MUNICIPAIS, E OUTRAS FORMAS DE RECOÑECEMENTO E HOMENAXE.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente e por asentimento dos portavoces dos distintos grupos municipais, decídese debater conxuntamente os puntos 12 e 13 da orde do día.

Seguidamente, da orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta dos ditames da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 16.07.2015, emitidos sobre as proposicións que figuran nos puntos 12 e 13 da orde do día:

Proposición do grupo municipal do BNG, ditame favorable por maioría (abstención grupos municipais do PP e Ma.Po).

Proposición do grupo municipal do PP, ditame desfavorable por maioría (en contra grupos municipais do BNG; PSdeG-PSOE; Ma.Po; e Mixto-C's).

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do BNG, é do teor literal seguinte:

“1. A Comisión Municipal de Cultura do concello de Pontevedra aprobou no ano 2003 unha declaración a prol do uso da toponimia tradicional na denominación de vías públicas. Con este acordo, o concello de Pontevedra amosaba o seu compromiso coa defensa dos nomes tradicionais dos lugares, un patrimonio de grande valor cultural que está desaparecendo a causa dos procesos de urbanización do territorio.

Este criterio seguiuuse ao longo de máis de 10 anos, o que permitiu recuperar moitos topónimos no novo viario que se foi conformando como consecuencia da expansión da cidade. Nomes como As Regas, Espincelo, Veiga da Eira, Agro da Estrela, Lagares, Veiga da Valada, Prado Novo, Poza dos Canos, A Corva, Teixeira... pasaron a conformar o rueiro municipal.

2. Malia que se considera oportuno manter este criterio no futuro para a nomenclatura das vías urbanas, o grupo municipal do BNG propón que se complemente, nalgúns casos, co emprego de denominación de persoas, nomeadamente mulleres que foron protagonistas da historia de Pontevedra e de Galiza.

A xustificación desta proposta é dupla: por unha parte, a presenza de nomes femininos na denominación de vías e outros espazos públicos é absolutamente minoritaria en relación cos nomes de homes; por outra, o labor de estudo e divulgación sobre a historia das mulleres de Pontevedra realizado nos últimos anos fornece unha ampla conxunto de nomes que deben ser obxecto de recoñemento.

Estas accións de recoñecemento teñen como finalidade situar as mulleres -con nome propio e con información sobre as súas achegas á mellora da cidade e da sociedade- nos espazos públicos. Para avanzar neste camiño, propóñense entre outras as seguintes liñas de traballo:

- Emprego de nomes de mulleres para a denominación de espazos públicos: vías



urbanas, prazas, parques e edificios públicos (centros de ensino, centros de investigación, bibliotecas...).

- Colocación de rótulos, placas conmemorativas e esculturas que salienten o protagonismo individual e colectivo das mulleres na historia da cidade.

- Organización de roteiros urbanos centrados na historia e na memoria das mulleres.

- Realización de murais e outras intervencións artísticas.

- Organización de actividades divulgativas (publicacións, conferencias, exposicións...), prestando especial atención aos centros educativos.

3. Tanto o Consello Municipal da Muller coma o Consello Asesor do programa A memoria das mulleres xa se pronunciaron a favor de promover a presenza das mulleres nos espazos públicos mediante este tipo de actuacións.

En consecuencia co antedito, o grupo municipal do BNG propón para a súa aprobación polo pleno da corporación a seguinte MOCIÓN

1. Propoñer o emprego de nomes de mulleres para a denominación de vías urbanas (rúas e prazas), parques, xardíns e edificios públicos.

Para esta finalidade empregárase a seguinte relación de nomes:

ERNESTINA OTERO SESTELO, profesora e pedagoga

DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA, profesora e política

MERCEDES RUIBAL, pintora e escritora

MARÍA VICTORIA MORENO, profesora e escritora

MARÍA VINYALS, escritora e defensora do feminismo

AMALIA ARMESTO, pioneira da masonaría no século XIX, activista cultural

ELISA PATIÑO E MELÉNDEZ, primeira muller aviadora

VASQUIDA GARCÍA, menciñeira perseguida pola Inquisición acusada de bruxaría

MARÍA DEL CARMEN DEL VALLE DEL RÍO, mestra

DOLORES CALVIÑO, a señora Lola

DOLORES TRABADO, decana das taxistas

MARIA LUÍSA OLAÑETA BARROS, María a do Carrillo, empresaria

ISABEL BARRETO DE MENDOZA, navegante (século XVI)

TERESA PÉREZ FIOTA, benefactora, fundadora do Hospital do Corpus Christi (século XV)

ANA ÁLVAREZ DE MONTAOS, benefactora, fundadora da segunda cátedra de gramática no século XVI

JOSEFA IGLESIAS VILARELLE, mestra, pedagoga e escritora

ISOLINA MUÍÑOS BÚA, mestra e escritora

MARÍA E CONCEPCIÓN MENDOZA BABIANO MÉNDEZ NÚÑEZ, mestras, mecenas e dinamizadoras culturais

CARMEN BABIANO, debuxante, pintora e música

CÁNDIDA OTERO, primeira galega que exerceu profesionalmente a fotografía (finais do séc. XIX)

DOLORES LOIS SOTO, empresaria, viúva do dirixente socialista e impresor Ramiro Paz Carvajal

CARMEN E TERESA RIESTRA, intérpretes de música

OBDULIA NIETO NESPEREIRA, pianista e compositora

MARTHA LEHMAN, pianista, compañeira de Manuel Quiroga

JOSEFINA BLANCO TEJERINA, actriz, compañeira de Ramón del Valle Inclán

SARHA ESCARPIZO LORENZANA, escritora

AURORA VIDAL MARTÍNEZ, escritora

JOSEFINA ARRUTI VIAÑO, compañeira do alcalde de Pontevedra Bibiano Fernández Osorio Tafall, encarcerada e sometida a arresto domiciliario durante 3 anos, símbolo da solidariedade ao abrir o panteón familiar para o enterramento de numerosos represaliados.

Ademais da denominación de espazos públicos e edificios, as mulleres anteriormente citadas tamén poderán ser obxecto de recoñecemento mediante rótulos, inscricións e placas conmemorativas que se colocarán en lugares relacionados coa súa traxectoria vital.

2. Organizar un acto de recoñecemento institucional do concello de Pontevedra ás mulleres que foron vítimas de todas as formas de represión como consecuencia do levantamento militar de xullo de 1936: mulleres familiares de homes comprometidos politicamente, mulleres que foron tamén elas protagonistas da loita política e sindical; mulleres asasinadas, torturadas, encarceradas, vexadas, rapadas, sometidas a persecución política, moral, económica e laboral... Con esta finalidade, elaborárase unha listaxe o máis completa posíbel que recolla os nomes das mulleres que sufriron a represión franquista.

3. Organización dun roteiro urbano que poña de relevo o protagonismo individual e colectivo das mulleres na historia da cidade. A este respecto, procurarase prestar especial atención ás mulleres da clase traballadora, que desde o anonimato, o traballo sen dereitos e sen horarios, e o silencio da Historia, contribuíron decisivamente ao avance de Pontevedra e de Galiza.

4. Proposta de denominación do novo acceso sur (desdobramento da avenida de Vigo) como Avda de Josefina Arruti Viaño.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Xosé Luis Bará Torres, en representación do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. Bará Torres**: Grazas Sr. Alcalde, bo día.

Esta moción é unha proposta do grupo de goberno pero realmente é o resultado de un traballo colectivo que se ven facendo xa dende fai case dous anos a través do programa memoria das mulleres e que deu como resultado a exposición titulada “Do gris ao violeta”, tamén unha publicación co mesmo nome ou o proxecto de creación de unha enciclopedia sobre a historia e a memoria das mulleres de Pontevedra.

O que se pretende con esta iniciativa é que haxa unha maior presenza das mulleres nos espazos públicos, non só nos nomes das rúas senón a través de outro conxunto de actividades e iniciativas, entre elas a denominación de vías públicas, de prazas, de parques pero tamén de edificios, a colocación de rótulos, placas conmemorativas e outros elementos que fagan presente a historia das mulleres no espazo público, a elaboración de murais e intervencións artísticas co mesmo sentido, a creación de roteiros temáticos e tamén as actividades divulgativas procurando chegar sobre todo ao mundo do ensino que pensamos que ten máis sentidos e que ten máis necesidade neste momento.





Para concretar estas propostas tráense para aprobación deste pleno catro puntos con propostas concretas. A primeira é a aprobación de unha listaxe de trinta nomes de mulleres para a denominación de vías públicas parques e edificios e tamén para a rotulación de espazos públicos, estes nomes que pretenden corrixir tamén a desigualdade e a discriminación que sofren as mulleres no viario público, cunha proporción de dez a un neste momento e xa dixeran que era o resultado de un traballo de estudo e de investigación realizado ao longo dos dous últimos anos. É unha lista en todo caso aberta, susceptible de ser acrecentada e enriquecida con propostas que poden ser presentadas polos diversos grupos políticos, en todo caso pensamos que é unha proposta que ten unha diversidade social, profesional, ideolóxica, xeográfica e unha amplitude cronolóxica que é incuestionable, aquí temos menciñeiras; temos benefactoras; temos navegantes, pioneiras; temos ensinantes, artistas, escritoras; temos mulleres traballadores, como a señora Lola; temos empresarías como María do carrillo. É dicir que é unha proposta entendemos que moi ampla e moi rica en canto á diversidade que supón. En todo caso a utilización deste criterio pode ser complementario co criterio que se estivo utilizando no Concello ata os últimos doce anos que era o de primar a toponimia tradicional na denominación de vías públicas, porque estamos a falar non só da denominación de vías públicas senón tamén de outras fórmulas para facer presente e destacar a presenza das mulleres nos espazos públicos.

En segundo lugar, a iniciativa propón que se denomine o desdoblamento da Avenida de Vigo co nome de Josefina Arruti Viaño, que pensamos que é un acto de xustiza e de recoñecemento para unha muller da historia de Pontevedra, unha muller que foi esquecida que foi silenciada, a muller foi esposa do Alcalde de Pontevedra na segunda república, Bibiano Fernández-Osorio Tafal, unha muller represaliada porque sufriu ano e medio de cadea, de prisión, e despois dous anos de arresto domiciliario, unha muller que foi exemplo de coraxe e de loita para sacar adiante á súa familia en tempos ben difíciles, en tempos ben duros e tamén é un símbolo de solidariedade porque abriu o seu panteón familiar para que foran soterradas e tamén se depositasen alí os restos de moitas vítimas da represión franquista, polo tanto pensamos que é un acto de xustiza que honra tamén a esta cidade recoñecer a unha muller da valía de Josefina Arruti Viaño.

A Terceira proposta desta moción é organizar un acto de recoñecemento institucional do Concello de Pontevedra ás mulleres que foron vítimas de todas as formas de represión como consecuencia do levantamento militar fascista do ano 36. As mulleres asasinadas, as mulleres torturadas, as encarceradas, as vexadas, as rapadas, as sometidas a todo tipo de persecución, ideolóxica, moral, política, económica ou laboral, mulleres que foron dobremente vítimas porque foron represaliadas e despois sufriron tamén o silencio e esquecemento, pensamos que agora xa é o momento de que reciban as homenaxes porque tamén froito dese traballo que vimos facendo xa coñecemos moitos dos seus nomes e intentaremos coñecelos todos.

E por último, o cuarto punto, propón a organización dun ruteiro urbano que saliente o protagonismo, individual e colectivo, das mulleres na historia da cidade, con atención especial ás mulleres máis esquecidas, ás mulleres da clase traballadora, ás mulleres que dende o anonimato, desde o traballo sen dereitos e sen horarios e dende o silencio da historia axudaron decisivamente a construír o avance de Pontevedra e de Galiza, pensamos que é unha iniciativa suficientemente importante para que reciba o apoio unánime da Corporación e esperamos que así sexa.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Bará.

Seguidamente, concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra, don Luis Rei Núñez.

**O Sr. Rei Núñez:** Moitas grazas.

Trátase de feminizar o rueiro e asemade saen á palestra nomes de mulleres represaliadas ou silenciadas na guerra e no franquismo, polo que tamén se trata de restaurar a memoria histórica. A este respecto choca que non se insista en limpa do rueiro de Pontevedra de vez a pervivencia de homenaxes a franquistas e falanxistas significados que aínda lle seguen dando nomes a rúas ou edificios onde tamén se manteñen algún símbolos da ditadura.

Ao respecto do primeiro punto da moción, acolléndonos á oferta que acaba de facer o Sr. Bará, propoñemos deixala sen pecha posto que quizais sobre algún nome e permítame introducir algúns reparos. Sobre Obdulia Nieto Nespereira hai que corrixir o primeiro apelido que entendo que é Prieto como o do coñecido gravador e irmán seu e polo tanto é Obdulia Prieto Nespereira e Martha Lehman, María Vinyals ou Josefina Blanco tiveron unha relación nada consistente con esta cidade e escasa con Galicia, convén repensar toda a lista como propón o Partido Popular pero sen necesidade de sacar iso a concurso a través de un contrato como propón o Partido Popular, nós propoñemos crear para este único fin unha comisión aberta a expertos que se extinguiría trala presentación dun informe ponderado xustificado e consensuado, a base podería ser esta listaxe da proposta do Bloque pero ampliada e mellorada e, por suposto, incluíndo ausencias moi notables como Amalia Álvarez Gallego, a viúva de Alexandre Bóveda que continuou vivindo na nosa cidade toda a súa vida tralo martirio do seu home; ou o nome tamén de Virxinia Pereira, a muller que compartiu con Castelao, no meu Pontevedra de Castelao, os dezaseis anos das súas vidas e grande artífice de que o groso do legado do galego máis importante do século XX estea agora reunido no museo de Pontevedra.

Evidentemente apoiamos un acto institucional en recoñecemento e desagravio de todas estas mulleres e o deseño de un roteiro na súa memoria que son os puntos dous e tres da moción, e tamén apoiamos o bautizo do desdoblamento da Avenida de Vigo co nome de Josefina Arruti esposa do Alcalde electo nas listas da Fronte Popular Bibiano Fernández-Osorio Tafal, neste punto ademais instamos a engadir á proposta o nome de Enma Mourón, a compañeira de Manuel García Filgueira quen era o Alcalde deste Concello ao inicio da guerra civil, propoñemos o nome dela Enma Mourón, para substituír o de Fernández Ladreda un militar que presidiu consellos de guerra no 36 e que logo foi ministro de Franco, solicitamos dos autores desta moción que acepten esta inclusión no cuarto punto e de non facelo anunciamos a presentación de unha próxima moción nese sentido.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

A continuación, concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona Paloma Castro Rey.

**A Sra. Castro Rey:**



O grupo socialista tamén vai a votar a favor da proposta do BNG, non podería ser de outra forma xa que somos os socialistas os que sempre abanderamos a loita pola igualdade real, foi a partir de políticas de igualdade de Zapatero cando se empezou a ter conciencia neste país nese sentido. Por tanto o uso de nomes de muller en vías públicas ou en rúas sempre que sexa novas e sempre que se respecte a toponimia do lugar, como costume non escrito, considerámolo prioritario, como recoñecemento as aportacións na construción deste municipio entendemos que trátase de unha cuestión de xustiza social e cultural, de facer o posible para que se coñeza e recoñeza a outra parte da historia sen a cal nunca podemos ter unha visión completa e real da mesma.

Moi difícil será seguir avanzando entre a igualdade entre homes e mulleres se as xeracións máis xoves seguen sen atopar modelos que lles permitan identificar a aportación das mulleres á sociedade. Ninguén ten dúbidas sobre a gran contribución das mulleres a historia da nosa humanidade e o noso municipio, en todas as ramas do coñecemento, científico, filosófico, político, social ou económico, con todo moi pouco sábese delas xa que o seu pensamento estivo silenciado durante moito anos e un claro reflexo disto é o rueiro da nosa cidade pero tamén de outras moitas neste país, por iso estamos a favor da necesidade de que as futuras rúas, prazas ou espazos públicos leven denominacións femininas pero iso si debemos intentar que se trate de mulleres que aportaron, aportan ou aportarán ao noso municipio seu talento, creatividade, valentía e personalidade e temos que evitar filtros políticos ou partidistas que distorsionen a súa imaxe.

Rematando cunha frase da periodista e escritora Rosa Montero di que porque hai unha historia que non está na historia que se pode rescatar escoitando o susurro das mulleres, nós apoiamos a proposta, entendemos que a lista debe ser aberta, poden integrar nomes os diferentes grupos e ademais cremos que no seo da comisión de Benestar Social debe tratarse isto e facer as propostas dos nomes e sen prexuízo de que para caso concreto debamos asesorarnos de técnicos ou de algún dos estudos que xa se fixeron pero non cremos que é necesario, respecto da proposta do Partido Popular, un novo concurso cos custes que isto pode supoñer para facer un estudio.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Castro.

Seguidamente intervén don César Alberto Abal González en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**Sr. Abal González:** Moitas gracias, Sr. Alcalde y buenos días a todos e a todas.

Era noviembre del 2008 cuando este grupo político trae una moción a este pleno para dedicarle una calle a don Adolfo Suárez, en aquel momento se deniega informando, alegando, que sólo se dedican calles a personas fallecidas, pasa el tiempo y en marzo de 2014 lamentablemente fallece uno de los artífices de la transición española y se nos deniega nuevamente la petición de una calle para Adolfo Suárez alegando que se tiene que debatir en Comisión de Cultura, incluso Lores hace unas declaraciones en las que dice que las calles, dice textualmente “se deben decidir por consenso como ocurre desde hace tiempo en el Concello y después de experiencias negativas de cambios de nombres que hubo que corregir, es mejor hacerlo sin prisa, la decisión”, decía el Sr. Lores, “no la toma el Alcalde ni un grupo determinado sino por consenso”, insistimos en Pleno, insistimos en comisiones que se debatiera la calle de Adolfo Suárez en una Comisión de Cultura,

se nos ha denegado. Nos pareceu un insulto a este grupo político, un insulto a la participación legítima de un grupo político la denegación de esta proposta a tratarla en la Comisión de Cultura y se incluye una proposta que se saca de la manga el Sr. Luis Bará y la Sra. Carmen Fouces primando el criterio de las mujeres femininas, un criterio con el que estamos total y absolutamente de acordo, de hecho en el punto tres donde dice que tanto el Consello municipal de Muller, como o Consello asesor do programa a memoria das mulleres xa se pronunciaron a favor tiñan que incluír ao grupo do Partido Popular que no 2012 indicara en Comisión de Cultura o déficit das calles de nome feminino nas rúas de Pontevedra. Parece mentira que tardaran dezaseis anos un grupo político como vostedes en darse conta de este eido. Nós vimos advertindo no exceso que estamos caendo na microtoponimia recorrendo moitas veces o vello catastro rústico para denominar, en moitos casos, nomes que xa están olvidados pola xente. Entendemos que a microtoponimia e a toponimia é necesaria pero para aqueles casos nos que o colectivo popular e a memoria foron utilizados en tempo, non, estamos enchendo toda Pontevedra de granxas, leiras, agros, regos, sen criterio e sen rigor algún, en moitos casos, como xa digo, que non foron utilizados por varias xeracións.

Ao PSOE, ao grupo socialista, teño que dicirlle que se tan de acordo estiveron, por que durante os doce anos que estiveron apoiando aquí aos do BNG porque non o fixeron antes e cando estiveron sempre de acordo co criterio da toponimia. Alédome de que se sumen e recoñezan o déficit das rúas femininas en Pontevedra.

Dicía o Sr. Bará que é de 10 a 1, nós contabilizamos que é un 4%, o 10 a 1 é un 10%, nós temos contabilizado un 4% que é o déficit. En Vigo, fíxese Sr. Bará, en Vigo, xa no ano 2008 empezaron a corrixir este déficit e tiñan tamén instaurado o criterio da toponimia e da microtoponimia. E so un nacionalista, non un nacionalista, pode facer unha listaxe de nomes de mulleres e olvidarse de Amalia Álvarez, só unha persoa como vostede pode facer isto, só unha persoa como vostede pode formar un desaguisado no rueiro de Pontevedra e fíxese a paradoxa, Sr. Bará, do seu rodillo, do seu rolo, fíxese a paradoxa de que Pontevedra ten unha rúa dedicada a Gutiérrez Mellado e non ten unha rúa dedicada a Adolfo Suárez, esta é a súa obra, menuda paradoxa verdad Sr. Bará.

Respecto ao que propón Marea Pontevedra, o Sr. Luis Rei, eu persoalmente estou totalmente de acordo con Virxinia Pereira, obviamente, alégrome que a nomease e a suxerencia a Fernández Ladreda outro faio de un nacionalista como é Luis Bará que cambiou as rúas franquistas cando chegou e olvidouse de Fernández Ladreda por utilizar o criterio do concelleiro de turno e non por someterse a un criterio de expertos.

Nós, Sr. Luis Rei, tiñamos gardado o as na manga coa rúa Fernández Ladreda para que en aras do consenso puidera utilizarse o nome de Adolfo Suárez pero vemos que nos van acotando todas as vías para que se cumpra unha petición que, por exemplo, o PSOE de Ponte Caldelas levou a cabo e o PSOE en Lugo levou a cabo, en cidades como Coruña e como Santiago estanse a levar a cabo.

Outro eido da xestión do nacionalista Luis Bará, no ano 2002 nun acto público nun homenaxe a Portela Valladares, un dos grandes galeguistas que deu esta terra, promete que fará unha calle, no ano 2012, diante do colexio de avogados, delente de Eloy Artime e de toda a xente que está alí, Amigos da Cultura, entidades de A Seca e entidades de Mourente, colexio de avogados, daquela presidido por Modesto Barcia, promete que Pontevedra terá unha calle a Portela Valladares e sigue tamén tendo ese eido esta cidade.



Nós fixemos unha moción na que pedíamos un concurso público xustamente para evitar a imposición do concelleiro de turno, que é o que está facendo, é así como se fixo nas épocas de maioría absoluta, fíxese que o Sr. Rivas Fontán que creo que non é sospeitoso para o grupo de Ciudadanos, ía a dicir cidadáns pero en Galicia non poden ser cidadáns é Ciudadanos, pues fíxense vostedes que o Sr. Rivas Fontán xa no ano 90 fixo un concurso público e optou polo consenso. Sra. María Rey, cal é o prezo do consenso?, canto vale o consenso?, o consenso nunca é caro, é moi barato o consenso, Sra. María Rey, o que é caro e ter unha persoa cobrando 3.000 euros por asesorar en obras no casco histórico, iso é o que é caro, ou o que é caro e que o Sr. Luis Bará nos xardíns de Marescot gaste 30.000 euros en uns xardíns que son de mantemento público e contrate unha asistencia técnica, vamos sumando misterios e misterios nese eido do tema dos xardíns.

Nós estamos de acordo en que se o problema é o gasto en aras do consenso que se designe unha comisión de expertos como aquí están a suxerir tanto o grupo socialista como o grupo de Marea Pontevedra, entendemos que en Pontevedra hai profesionais de recoñecido prestixio, podemos falar de Fortes Fouzán, podemos falar de Juan Juega, temos moitos profesionais, moi bos, dos mellores e nós queremos poñernos baixo os criterios dos profesionais e, en aras de consenso, aceptar o que nos digan, sempre primando o criterio dos nomes femininos, polo tanto estamos abertos a poder chegar a un acordo.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Abal.

A continuación concede a palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's.

**A Sra. Rey Martínez:**

Yo juro que no le pago 3.000 euros a nadie. Fui yo creo la que manifestó en la comisión que el resto de los grupos municipales deberían aportar nombres a esa lista y que nos gustaría participar en la elección para la utilización de los mismos.

También me gustaría decir que a la hora de votar una moción como esta y hacer un razonamiento creo que no necesitamos que nadie nos de lecciones de historia y nos tenga aquí media hora haciendo un alegato que todos podemos hacer y creo también que el “y tu más” aburre, pediría un poco de seriedad.

Gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Sr. Bará, ten a palabra.

**O Sr. Bará Torres:** Respecto á proposta do Partido Popular, como non foi necesario facer un estudo para propoñer a Adolfo Suárez pois pensamos que tampouco é necesario agora. Pensamos que o criterio da toponimia segue sendo válido e débese seguir utilizando porque enriquece a nomenclatura urbana e permite recuperar nomes tradicionais, nomes de lugares, en todo caso que pode ser complementado con nomes honoríficos primando, como propoñemos, os nomes das mulleres.

En todo caso quero aclarar que non estamos propoñendo só denominacións de rúas senón outras moitas fórmulas de recoñecemento e de xustiza para as

mulleres, polo tanto non centremos o debate só nesa fórmula porque hai moitas outras maneiras de poder facer visibles e protagonistas ás mulleres no espazo público e aquí citamos varias.

Eu doulle a benvida ao señor representante de Marea Pontevedra ao traballo por restaurar a memoria histórica na cidade porque aquí levamos dezaseis anos nesa batalla e pódolle asegurar que non foi fácil, que tivemos moitas resistencias, que tivemos moitos ataques, que tivemos moitos ataques persoais, e a vostedes non os vin por ningún lado e, dende logo, se me di vostede aquí que temos que homenaxear a Amalia Álvarez Gallego, direille que eu participei no acto de maior homenaxe pública que recibiu Amalia Álvarez Gallego na súa vida e non sei se estaba vostede alí pero nós tivemos a sorte de estas e o señor Alcalde tivo a inmensa honra de entregarlle a medalla de ouro da cidade a título póstumo a Alexandre Bóveda, e o título de fillo adoptivo da cidade, polo tanto non veña aquí a darnos leccións de loita pola memoria histórica, en todo caso benvido a esta tarefa na que levamos moitos anos aquí e con moitísimo custo persoal, asegúrollo porque recibimos todo tipo de ameazas por ese traballo.

Desde logo estou de acordo en corrixir o erro ao respecto de Obdulia Prieto Nespereira e tamén estou de acordo en enriquecer a listaxe que se fixo con nomes como os que se propuxeron, xa dixen que era unha listaxe aberta e que paréceme estupendo que se incremente con propostas como as de Enma Mourón, como Amalia Álvarez Gallego que recibiu esa grandísima homenaxe xa ou Virxinia Pereira e outros nomes que se queiran propoñer. Aquí estamos falando de unha listaxe que se pode enriquecer, aceptamos aquí, nas próximas comisións pódese tratar o tema e complementar a lista pero eu quero aclarar que xa hai un traballo feito por parte de persoas especialistas, sobre todo mulleres expertas, que fixeron esta listaxe e nós imos ser moi respectuosos con este traballo aínda que dende logo estamos de acordo en que se poida acrecentar e enriquecer con propostas como as que aquí se fixeron que nos parecen construtivas.

Para rematar, diría que son partidario de que se vote a moción tal como está redactada, en todo caso con esas engádeas no punto un e en todo caso cando haxa outras propostas de denominación de rúas, agora estamos tratando unha moi concreta de unha rúa de nova apertura que se vai a inaugurar proximamente cando haxa próximas denominacións de rúas ou na próxima Comisión de Cultura pois que se traten outras propostas pero aquí votamos as propostas que se recollen, estes catro puntos que se recollen na moción.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará.

Sr. Rei, ten a palabra.

**O Sr. Rei Núñez:** Evidentemente non vimos aquí a darlle ningunha lección ao señor Luís Bará, tamén supoñemos que Luís Bará non ven aquí a darnos unha lección aos demais. O único é que formulaba unha proposta moi concreta que é o primeiro punto deixar a listaxe aberta e propoñía tres nomes Amalia Álvarez Gallego, Virxinia Pereira e Enma Mourón, o segundo punto e o terceiro non temos ningunha obxección que formular e no cuarto tampouco, nos parece ben esa rúa que reciba ese nome, porque se fagan aquí aportacións eu creo que iso é bo para todos e a min paréceme un esquecemento especialmente grave que nunha proposta de



feminización do rueiro de Pontevedra non estean esas tres mulleres que dixen antes, Amalia Álvarez, Virxinia Pereira e Enma Mourón.

Nada máis.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Sr. Abal, ten a palabra.

**O Sr. Abal González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Nós estamos de acordo en que se inclúan os nomes de Amalia Álvarez, Virxinia Pereira e Enma Mourón pero estaríamos caendo no mesmo erro, non quero entrar a valorar todos os nomes que aquí aparecen, estaríamos caendo no mesmo erro, Sr. Rei, estaríamos os políticos propoñendo os nomes e nós queremos que sexa unha comisión de expertos os que propoñan os nomes, primando o déficit dos nomes femininos e someternos. Suxiro que esta moción quede aparcada, que se convoque a Comisión de Cultura, que se cre unha comisión de expertos, que sexan eles os que decidan e nós nos sometemos a eles sen custe algún, creo que é o consenso que imperou dende tempos neste concello e que debe seguir así ata que pase o rodillo o Sr. Bará, a nós cando nos chaman para gobernar acudimos sempre construtivamente menos cando nos pasan o rodillo, Sr. Bará. Acaba de dicir vostede próxima denominación de rúas que vai levar a comisión, mire, cos antecedentes seis anos esperando, dous plenos, tres comisións, pedindo que tratara o nome de Adolfo Suárez e o trata agora así de pasada aquí nun pleno despectivamente, ese é o respecto que ten vostede.

Eu suxiro someternos ao criterio de expertos, que entendemos que é como debe funcionar o consenso das rúas dos nomes das rúas e que sexan eles os que propoñen os nomes.

Nada máis.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias, Sr. Abal.

Sr. Bará, brevemente.

**O Sr. Bará Torres.**

Por aclarar a postura do BNG, entón no primeiro punto aceptaríamos a inclusión deses tres nomes que fixo o grupo da Marea, aclarando en todo caso que esta é unha listaxe aberta, susceptible como dixen de ampliarse e que non quere dicir que todos estes nomes se utilicen para a denominación de rúas, iso temos que dicilo despois segundo a oportunidade e o estudo que fagamos para cada caso porque poden ser rotulacións ou poden ser outro tipo de fórmulas de homenaxe e nos outros tres puntos mantemos a redacción tal como está.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias.

**O Sr. Rei Núñez:** So unha cousa, porque non aparcamos o primeiro punto e deixamos esa listaxe de punto de partida, porque non ten sentido agora que aquí incorporemos uns nomes, é preferible resolver o cuarto punto que é a denominación do desdoblamento da Avenida de Vigo, deixar tamén o segundo e o terceiro e este

resólvese máis adiante.

O **Sr. Abal González**: Estamos falando de persoas e podémonos estar olvidando algún nome e me inclúo, isto creo que é mellor, estou de acordo con Luis Rei, tratalo nunha comisión.

O **Sr. Bará Torres**: Tal como dixen mantemos a propostas aceptando eses tres nomes que se fixeron aí.

Rematado o debate, sométese a votación a proposición presentada polo grupo municipal do BNG coa modificación aceptada polo grupo proponente en canto á corrección de erro no nome de Obdulia Prieto Nespereira; a modificación do punto primeiro no sentido de deixar a relación de nomes como una listaxe aberta e introducir os nomes de Enma Mourón, Amalia Álvarez e Virxinia Pereira; e a modificación do punto 4 no sentido de cambiar a proposta de denominación por denominar ao novo acceso sur como Avenida de Josefina Arruti Viaño.

O Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda aprobar a proposición do grupo municipal do BNG ao respecto do emprego de nomes de mulleres para a denominación de vías públicas, parques e edificios municipais, e outras formas de recoñecemento e homenaxe, coas modificacións anteriormente sinaladas.

Votos a favor da proposición 18 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal de Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

Abstención 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP).

### **13.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA CONVOCAR UN NOVO CONCURSO SOBRE A DENOMINACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS DE PONTEVEDRA.**

A lectura do ditame da comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural e o debate, realizáronse no punto anterior da orde do día.

O teor literal da proposición presentada polo grupo municipal do PP é o seguinte:

“O pasado 10 de xullo os concelleiros do Grupo Municipal do BNG, Luis Bará e Carmen Fouces, fixeron pública unha moción para o emprego de nomes de mulleres para a denominación de vías públicas, parques e edificios municipais e outras formas de recoñecemento e homenaxe.

Entendemos que todas as propostas neste sentido deben estar sempre respaldadas por un estudo serio e rigoroso realizado por profesionais de recoñecido prestixio, e non pola mera imposición e criterio do concelleiro ou concelleiros de turno.

O Grupo Municipal do BNG ven amosando continuos vaivéns dende a súa chegada á Alcaldía de Pontevedra no ano 1.999, convertendo a denominación das vías públicas da nosa cidade nun auténtico desaguizado, sen seguir un criterio determinado.

A denominación das vías públicas de Pontevedra debe ser froito dun gran pacto, coma sempre se fixo nesta cidade antes da chegada do BNG. Deste xeito, se evitará que o criterio dun concelleiro prevaleza nas denominacións.





Así, por exemplo, o 8 de Xuño de 1.990, o Concello de Pontevedra baixo o goberno de José Rivas Fontán sacou a concurso público a redacción dun estudo histórico-xeográfico e lingüístico composto por mapas e nomenclatura de todo o noso Municipio. O 14 de Novembro dese mesmo ano, o prestixioso equipo composto por Juan Juega Puig, Celestino García Braña, Anxo Rei Caíña e Alicia Rodríguez Seco era seleccionado para tan bolo e fermoso traballo.

Seis anos, despois e baixo o mandato de Juan Luis Pedrosa, en Pleno Municipal do 25 de Abril de 1.996, acometeuse unha revisión da nomenclatura do rueiro municipal sobre a base do estudo anterior. Así, galeguizáronse todas as rúas e recuperáronse as denominacións tradicionais no Casco Histórico, deixándose dobre placa naquelas que xa posuían denominacións modernas significativas na historia da cidade.

No ano 2012, o Grupo Municipal do Partido Popular de Pontevedra xa advertiu na Comisión de Cultura do exceso que supoñía empregar os topónimos tradicionais para todo tipo de nova rúa, Neste sentido, de seguir estas aplicando estrictamente esta norma dentro dunhas décadas nos encontraríamos cunha cidade chea de "leiras", "veigas", "agros" ou "regos" na maioría dos casos. E incluso, o GMPP advertiu tamén do déficit de nomes de mulleres existente no noso roteiro.

Anunciada a intención de modificar ese criterio inamovible dende outubro de 2003 ata o de agora, cremas necesario e oportuno unha nova convocatoria pública para a redacción dun novo estudo que inclúa os novas viales e que actualice o anteriormente citado, primando ese déficit de nomes de mulleres.

Andaina publicou no ano 2007 unha completa reportaxe sobre a presenza feminina na toponimia urbana de Galicia. A autora, Patricia Arias Chachero, analizou a nomenclatura de varias cidades de Galicia e suliñaba xa naquel intre que, das máis de 400 rúas de Pontevedra, apenas 17 tiñan nomes de muller, o 4%, mentres que o 43% estaban atribuídas a varóns.

Por todo Isto, este Grupo Municipal presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

Instar ao Goberno Municipal a iniciar os trámites para a licitación e adxudicación en concurso público dun novo estudo histórico-xeográfico sobre o renovado Rueiro Municipal primando os nomes das mulleres. E que mentres non se realice este estudo, non se asignen novos nomes de rúas, agás nos casos de urxencia e baixo acordo, unánime de todos os grupo políticos."

Realízase a votación ordinaria sobre o ditame desfavorable emitido pola comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural e o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar proposición do grupo municipal do Partido Popular para convocar un novo concurso sobre a denominación das vías públicas de Pontevedra.

Votos a favor do ditame 16 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

En contra 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP).

Abstención 2 concelleiros (2 do grupo municipal de Ma.Po).

Incidencias.- Sendo as 14:43 horas auséntase da sesión do Xosé Cesáreo Mosque-

ra Lorenzo.

#### **14.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA RELATIVA ÁS MOBILIZACIÓNS DO SECTOR LEITEIRO GALEGO.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente e por asentimento dos portavoces dos distintos grupos municipais, decídese debater conxuntamente os puntos 14 e 15 da orde do día.

Seguidamente, da orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta dos ditames da Comisión de Economía e Facenda, de data 15.07.2015, emitidos sobre as proposicións que figuran nos puntos 14 e 15 da orde do día:

Proposición do grupo municipal de Ma.Po, ditame favorable por maioría (en contra grupo municipal Mixto-C's).

Proposición do grupo municipal do BNG ditame favorable por maioría (en contra grupo municipal Mixto-C's).

A proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po, copiada literalmente di:

“O sector primario de produción de leite é un dos máis importantes sustentos do rural galego. As case 10.000 explotacións existentes hoxe en día no noso país crean emprego e actividade económica arredor da súa actividade.

Empresas fornecedoras de pensos, servizos veterinarios, fitosanitarios e o comercio das vilas do noso país dependen en grande medida da vitalidade deste sector.

Durante os últimos 30 anos produciuse un enorme cambio no modelo que levou consigo o peche de miles de explotacións e a concentración da produción nun número menor delas, explotacións que fixeron un esforzo moi grande de investimento en tecnoloxía e en dimensionar a cota, esforzo que tamén se pode traducir en inversión pública para tales fins.

Porén, os gobernos, nun país gobernado polo PP durante 29 dos 36 anos de democracia, non foron quen de resolver problemas estruturais que hoxe lastran o sector.

1) Carencia de ordenación do territorio e de políticas efectivas de mobilidade da terra, fracaso que significa o continuo abandono de terras potencialmente produtivas e un maior custe de produción das nosas explotacións, que por non ter base territorial suficiente dependen en exceso da compra de pensos, o que as fai competir en inferioridade de condicións cos produtores doutros países onde os gobernos si fixeron os deberes neste aspecto.

2) Ausencia dunha política industrial que dotase a Galiza dun complexo industrial de transformación en produtos lácteos con maior valor engadido.

3) Non existencia dun marco normativo efectivo que garanta o equilibrio na cadea comercial e que impida o abuso de posición de dominio da industria e a distribución sobre os gandeiros. Hoxe en día sonlle impostas aos nosos produtores prezos e condicións baixo ameazas de non recollida e segue a utilizarse impunemente o leite como produto reclamo, así como a venda a perdas.

Por outra banda, e coñecendo que o 1 de abril de 2015 remataba o sistema de cotas en Galiza, carecemos dun plan estratéxico, que debeu terse feito no seu momento, para previr posibles escenarios coma o que agora vivimos, cuestión dunha gravidade enorme, que pode supoñer a quebra de centos de explotacións.

As solucións aos problemas estruturais chegarán a través de medidas a medio e



longo prazo e para chegar alá hai que sobrevivir á actual situación de emerxencia.

O prezo medio do leite en Galiza non chega aos 28 céntimos o litro, cantidade que está por debaixo dos custes de produción, estimados nuns 30 céntimos litro. A isto, hai que engadir o drama que vive o 15% aproximadamente das explotacións que teñen que vender o seu leite a prezos ruinosos que oscilan entre os 17-18 céntimos e os 21-22 céntimos. Pero sendo isto grave, aínda o é máis a incerteza de moitos gandeiros e gandeiras que non saben si nun futuro inmediato terán quen lles recolla o leite.

Ante esta situación de emerxencia, estamos convencidos de que esta loita non atinxe só ao sector, senón que ó unha cuestión de país que nos incumbe a todos os galegos e as galegas.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón a seguinte MOCIÓN:

1)O Concello de Pontevedra fai un chamamento aos veciños e veciñas a participar e apoiar as mobilizacións convocadas en apoio dos gandeiros e gandeiras galegas ante unha situación de emerxencia no sector e esixe aos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado que, mediante o diálogo cos diferentes actores do sector lácteo, adopten as medidas de urxencia necesarias para evitar o peche de máis explotacións no noso país.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Luis Rei Núñez, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra.

O **Sr. Rei Núñez**: Moitas gracias.

O sector lácteo galego vive unha situación de emerxencia e está lanzando un berro de auxilio ante o que o conxunto da sociedade galega non pode pechar os oídos.

Este fin de semana foron 15 mil voces contra a morte anunciada para 3 mil explotacións leiteiras que non poden seguir vendendo indefinidamente a perdas. O sector é dos dos máis importantes sustentos do rural galego. As case 10.000 explotacións existentes na actualidade no noso país crean emprego e riqueza arredor da súa actividade. Empresas de pensos, servizos veterinarios ou fitosanitarios e o comercio das vilas do noso país dependen en grande medida da vitalidade do leite.

Durante os últimos 30 anos produciuse un enorme cambio no modelo que levou consigo o peche de miles de explotacións e a concentración da produción nun número moito menor delas, estas explotacións fixeron un esforzo grande de investimento en tecnoloxía e en dimensionar a cota.

Porén, os sucesivos gobernos da Xunta, non foron quen de resolver problemas estruturais que hoxe lastran o sector.

Falamos da carencia de ordenación do territorio e de políticas efectivas de mobilidade da terra; falamos da ausencia dunha política industrial que dote a Galiza dun complexo industrial de transformación en produtos lácteos con maior valor engadido; e tamén falamos da ausencia dun marco normativo que garanta o equilibrio na cadea comercial e que impida o abuso de posición de dominio da industria e da distribución sobre os gandeiros que ven como se lles impoñen prezos e condicións baixo ameazas de non recollida e como segue a utilizarse impunemente o leite como produto de reclamo nas grandes superficies.

Por outra banda, e coñecendo que o 1 de abril deste ano remataba o sistema de

cotas en Galicia, carecemos aínda hoxe dun plan estratéxico que debeu terse feito, no seu momento, para previr posibles escenarios coma o que agora vivimos.

As solucións aos problemas estruturais virán a través de medidas a medio e longo prazo pero para chegar a iso antes hai que sobrevivir, teñen que sobrevivir os gandeiros na actual situación, e ante esta emerxencia estamos obrigados a facer nosa a loita do sector porque é unha cuestión do país que nos incumbe a todos. É unha loita vinculada tamén, e moi estreitamente, á supervivencia do mundo rural que segue despoboándose.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón ao Concello que chame aos veciños a participar e apoiar as mobilizacións convocadas en apoio dos gandeiros galegos emprazando aos da Xunta de Galicia e do Estado que, mediante o diálogo cos diferentes actores do sector lácteo, adopten as medidas de urxencia necesarias para evitar o peche de máis explotacións no noso país.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Rei.

A continuación, concede o uso da palabra a don Iván Puentes Rivera, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Puentes Rivera:** Moitas gracias.

Moi brevemente, nós vamos votar a favor desta moción como fixemos tamén xa na comisión informativa porque entendemos, obviamente, que trata e que trae a este pleno un problema fundamental que están padecendo unha parte moi importante dos cidadáns deste país e un sector tan importante para economía galega como é o sector lácteo cifrado con todos eses recortes e esa perda de postos de traballo e explotacións, a día de hoxe, en 9.400 explotacións no conxunto do país e que se estima que pode xerar uns 40 mil postos de traballo indirectos á marxe dos xerados directamente nesas explotacións e é un dos sectores nos que se demostra que o libre mercado non opera nin funciona, ou polo menos opera moi desigualmente, e no que a situación real é de que hai milleiros de familias galegas que están competindo en condicións de absoluta desigualdade e inferioridade cunha industria que está afogando a súa economía e que está afogando as súas posibilidades de desenvolvemento. Unha industria que está pagando sistematicamente por debaixo dos postos de mercado o custe da leite beneficiándose ademais ou aproveitando a febleza dos produtores á hora de negociar e tamén a febleza dun produto como é o leite que evidentemente é perecedeiro e ou se vende ás poucas horas ou os gandeiros téñeno que tirar.

Polo tanto, todo o que poda facer a administración a favor do sector lácteo nós o imos respaldar e aínda que legalmente é unha cuestión de negociación entre produtores e compradores ou industria, o que si pode facer a administración e debe facer é apoiar e servir de brazo e servir en definitiva de apoio a estas explotacións gandeiras, particularmente a Xunta de Galicia e o goberno de España e se o acordo do pleno de Pontevedra pode valer para iso pois terá o noso voto favorable por suposto.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Seguidamente, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.



**O Sr. Moreira Ferro:** Brevemente, Sr. Alcalde.

Nós xa propuxemos no seu momento, son case as tres da tarde e a orde do día é bastante densa, que non ten sentido traer ao pleno de Pontevedra asuntos que non sexan netamente locais de Pontevedra, a nós claro que nos preocupa o sector leiteiro e o gandeiro e o da madeira e dos froiteiros, nos interesan todos os sectores pero creo que deberíamos poñer un pouco de orde e pactar entre todos e limitar un pouco o contido do pleno porque senón podemos estar aquí horas e horas e creo que hai asuntos locais máis importantes, dende o punto de vista local para os veciños que nos votaron, e creo que eses outros temas xa se poden resolver noutros foros que creo que son máis acidos que este, sen desprezar en ningún momento, insisto, en manter o noso apoio ao sector leiteiro pero en aras de maior practicidade e funcionalidade ao pleno de Pontevedra.

Polo tanto, nós ímonos a abster porque estamos en contra de que se debatan asuntos que non sexan netamente de Pontevedra.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

A continuación, concede o uso da palabra a dona Anabel Gulías Torreiro, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

**A Sra. Gulías Torreiro:** Boas tardes a todos e a todas.

En primeiro lugar, nós queremos explicar cal é o motivo polo que nós mantemos a nosa moción en vez de facer unha conxunta co voceiro de Marea Pontevedra e a razón é bastante sinxela. Nós coincidimos en que a diagnose que plantea Marea e que tamén plantea o nacionalismo galego, durante bastante tempo por certo e concretamente o BNG, é suficientemente grave que precisa unha análise de morada e tamén medidas concretas que se axusten á realidade e as tensións que padece este sector.

Dicía que é unha demanda histórica do nacionalismo e concretamente do BNG e nós o que traemos son propostas concretas que axuden a intentar mellorar a situación pola que están pasando gandeiros e gandeiras galegas. Tamén botamos en menos na moción de Marea que ten nesa redacción un escaso percorrido histórico porque debamos recordar que xa éramos nós o que nos opoñíamos a ese sistema de cotas e, por certo, era un presidente socialista, non me acordo que canción soaba nos 40 Principales pero si que era un presidente socialista o que impulsou ese proceso de cotas, por certo mermando a Galiza de capacidade produtiva, tendo un 55% das explotacións do estado español a nós correspondeunos un 38 de cota leiteira.

Unha vez que todas as explotacións gandeiras fixeron a inversión correspondente para poñerse ao día con este sistema chega y liberalizamos o sector cando agora mesmo non ten sentido e efectivamente estamos producindo por debaixo da media. Estes problemas xa tiñan unha diagnose e un resultado que era un concreto homologado nos prezos do leite. Esa era a intención de sacalo adiante e de seguir contribuindo como era tamén a lei de mobilización das terras para conseguir maior superficie agraria útil, polo tanto medidas concretas para defender este sector.

E o que dicía o Sr. Moreira, entendemos que é unha cuestión de carácter nacional, é dicir de toda Galiza, que atinxe a toda Galiza pero que tamén ten a súa

repercusión na provincia e no Concello porque non sei se sabe pero eu molesteime en ver os datos do rexistro de explotacións gandeiras, que en Pontevedra hai 390 de vacún e 40 explotacións leiteiras e se sumamos os datos das comarcas colindantes e, por tanto, de zona de influencia de Pontevedra, xente que ven a comprar e que ven a reactivar o comercio Pontevedrés, temos a cifra de 3.163 explotacións gandeiras.

Polo tanto, apelando á necesidade de aprobar medidas concretas, entendemos que o Concello de Pontevedra debe comprometerse firmemente coa defensa do sector, apoiando todas mobilizacións que salgan da plataforma que está reunida esta mesma mañá e tamén que apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite para intentar paliar esa situación de ver aos gandeiros tendo que tirar co leite e, sobre todo, instamos ao goberno galego a garantir unha percepción dun prezo da leiteo xusto, creando un instrumento interprofesional de negociación colectiva, que algo que tamén debería ter xa a ben e establecer nese ámbito os criterios indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite. Reclamamos tamén a modificación no Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entres produtores e industrias das condicións contractuais e urximos ao goberno galego tamén a asumir as súas competencias e a lembrarlle ao goberno central que volva a facer propias as competencias para negociar por un sector lácteo e para recuperar un sector estratéxico galego como era o sector gandeiro.

Máis nada.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, acorda aprobar a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra relativa ás mobilizacións do sector leiteiro galego.

Votos a favor 17 concelleiros (11 presentes do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal de Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

Abstención 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP).

## **15.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

A lectura do ditame da comisión de Economía e Facenda e o debate, realizáronse no punto anterior da orde do día.

A proposición presentada polo grupo municipal do BNG é do seguinte teor literal:

“A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volviendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afron-



tando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Pontevedra comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

- a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como media-

dora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.”

Realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, acorda aprobar a proposición do grupo municipal do BNG en defensa do sector lácteo galego.

Votos a favor 17 concelleiros (11 presentes do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal de Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

Abstención 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP).

## **16.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA PARA INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO A ABANDONAR O PROXECTO DA A-57 E PARALIZAR A CONTRATACIÓN DAS OBRAS.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a inclusión na orde do día e declárase a urxencia da presente proposición.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po é do teor literal seguinte:

“A proposta de trazado e mesmo a existencia do proxecto da autovía A-57 Curro (Barro)-O Confurco (Ponteareas) é un exemplo máis da estulticia das distintas administracións na súa cega aposta polas grandes infraestruturas para transporte a motor, as máis das veces un gran negocio para as grandes construtoras e unha ruína para o conxunto da sociedade.

O trazado da A-57 (sen peaxe) pretende ser unha alternativa á AP-9 (de peaxe), sen quedar claro aínda que vaia unir Pontevedra e Vigo. O seu primeiro tramo, de 6 quilómetros, entre Vilaboa e Ermida (en fase de concesión da contrata, pero coa solicitude de suspensión cautelar admitida a trámite pola Audiencia Nacional, e aínda non resolta) é un exemplo paradigmático neste sentido: 84 millóns de euros de orzamento, sen contar as expropiacións; unha tramitación absolutamente irregular, co comezo das expropiacións antes de aprobar o estudo de impacto ambiental; unha agresión ao ambiente inaceptable, destruindo o monte da Fracha e afectando hábitats de especies protexidas e ameazadas e numerosas minas de





auga que dan servizo ás catro parroquias polas que pasa: Marcón, Tomeza, Bértola e Figueirido. A este respecto, o concello non pode permanecer indiferente ao problema que lles causaría aos veciños desas parroquias, que se verían privados da única subministración de auga para o consumo e o regadío con que contan actualmente; causa que non foi recoñecida por Fomento na Declaración de Impacto Ambiental, a pesar das alegacións presentadas por particulares e mais pola plataforma veciñal Salvemos a Fracha.

Denunciado por Salvemos a Fracha, o seu trazado ten ademais pouco que ver cunha auténtica "circunvalación de Pontevedra". En realidade non é tal, posto que para empregala, a veciñanza da cidade deberá percorrer 7 quilómetros pola N-550 para chegar á ligazón de Vilaboa (e, ademais, non lle dará ningún servizo ás persoas residentes na zona afectada).

Supón, por tanto, un desbarate de diñeiro público inaceptable nun contexto de recortes de todo tipo en servizos básicos para a cidadanía, porque acabará sendo unha infraestrutura inútil e redundante. Isto é así porque Pontevedra xa ten unha circunvalación, a autoestrada A-9, e é inminente a construción da Rolda Leste.

Unha autoestrada á que cando estaba a piques de amortizarse no ano 2000 (e antes de ser revertida ao patrimonio público), Manuel Fraga Iribarne, como presidente da Xunta, e Francisco Álvarez Cascos, como ministro de Fomento do goberno de José María Aznar, acordaron prorrogarlle a concesión por 25 anos máis (ata 2048). Ao pouco tempo, ademais, a administración autonómica decidiu "liberalizar" as peaxe de Rande e da Barcala, abonándolle a partes iguais co Estado unha cantidade de 5,2 millóns de euros anuais á mesma empresa concesionaria, tamén ata 2048.

Esa autoestrada de peaxe, que xa podía ser na actualidade autovía gratuíta, de contar cuns gobernantes que atendesen os intereses reais do país, é a verdadeira circunvalación de Pontevedra.

Están de actualidade os casos de autoestradas explotadas en réxime de concesión que non alcanzan o tráfico inicialmente previsto, o que obriga ás administracións a inxectar diñeiro nas empresas concesionarias (no caso galego, a autoestrada Santiago-Ourense). A respecto da A-57, sería previsible que esta restara gran cantidade de tráfico á A-9, polo cal nos poderíamos ver na situación de investir centos de millóns de euros na A-57 e, a maiores, ter que inxectar outros tantos na concesionaria da A-9 polo pouco uso da mesma. ¿U-lo beneficio para o conxunto da cidadanía?

Á parte de xa non poucos quilómetros de trens rápidos e AVE, Galicia conta actualmente con máis 1.000 quilómetros de vías de alta capacidade, segundo a propia Consellería de Política Territorial. Este dato, con 34 km/1.000 km<sup>2</sup>, coloca a Galicia moi por riba da media europea. ¿Realmente é necesaria esta nova infraestrutura?

O planeta enfróntase a medio prazo a dous enormes retos que van afectar directamente o noso modo de entender o mundo: o cambio climático e a fin da era do petróleo barato. Ambos os dous retos inflúen directa e decisivamente no transporte e na mobilidade.

O primeiro paso para enfrontar estes retos é optimizar o uso do que xa temos e non manter esta suicida fuxida cara adiante sen criterio e sen sentido.

Por todo o exposto, o CONCELLO DE PONTEVEDRA demanda ao MINISTERIO DE FOMENTO do Goberno de España que abandone o proxecto da A-57 e paralice

de xeito inmediato a contratación das obras do seu primeiro tramo.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra don Luis Rei Núñez, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra.

O **Sr. Rei Núñez**: Moitas gracias.

De novo propoñémoslle ao pleno unha declaración institucional instando ao Ministerio de Fomento a abandonar o proxecto da A-57 e paralizar de xeito inmediato a contratación das obras do seu primeiro tramo entre A Ermida e Vilaboa.

Co trazado previsto nalgún lugar abrirá no terreo unha fenda de 60 metros de altura equivalente a un edificio de 17 andares. Marea Pontevedra considera que o proxecto da autovía A-57 e un exemplo máis da estulticia das distintas administracións na súa cega aposta polas grandes infraestruturas, as máis das veces un gran negocio para as grandes construtoras e unha ruína para o conxunto da sociedade. Vémolo na cidade da cultura do monte Gaias que é un gran calote ou en parte dos máis de 1000 quilómetros de vías de alta capacidade cos que Galicia conta actualmente, con calotes tamén como a paralizada autovía da costa da morte ou co que se prepara cos desdobramentos da A-9 que ven servir de escusa para unha nova prórroga a AUDASA cando o que se debería facer é rescatar esa vía fundamental para a economía de Galicia e de todos os galegos que fan uso dela.

O trazado da A-57, sen peaxe, pretende ser precisamente unha alternativa á AP-9 de peaxe, aínda e tamén senón se remedia, de peaxe ata o ano 2049. Ese primeiro tramo estase vendendo como circunvalación de Pontevedra, sen máis entradas e saídas previstas que as dos seus extremos na Ermida e en Vilaboa ese primeiro tramo de 6 quilómetros está pendente de un recurso presentado por Salvemos a Fracha ante a Audiencia Nacional. O tribunal admitiu a trámite ese recurso e esta a estudar a petición da plataforma veciñal de que se realice unha paralización cautelar das obras ata que remate a batalla xudicial.

Marea quere recordar as irregularidades que se produciron na tramitación do proxecto e tamén que a autovía suporá unha agresión ao ambiente inaceptable destruindo o monte de A Fracha e afectando hábitats de especies protexidas e ameazadas e numerosas minas de auga que dan servizo ás catro parroquias polas que pasa este tramo, que son Marcón, Tomeza, Bértola e Figueirido. O Concello de Pontevedra non pode permanecer indiferente ao problema que lles causaría aos veciños desas parroquias, que se verían privados da única subministración de auga para o consumo e o regadío con que contan actualmente. Tampouco non pode permanecer indiferente o Concello a alarma social que sa causou a A-57 nin a unha contestación social que se traduciu na entrega ao Ministerio de Fomento de un escrito que logrou sumar máis de 20 mil sinaturas contras o proxecto.

Pedimos que a voz de Pontevedra se sume a esa petición apoiando a proposta de abandonar o proxecto da A-57.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias, Sr. Rei

Seguidamente, concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.



**O Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Antes de empezar quería facer un pequeno rogo que é que se estes plenos van a durar tanto igual é conveniente que o Alcalde se estire un pouco e nos invite a unha mazá ou algo así, a min xa me cantan as tripas, porque senón van facer máis ruído as miñas tripas que a miña voz.

O tema da A-57 xa é un tema que foi amplamente debatido tanto no mandato anterior como no anterior do anterior, porque esta xa é unha infraestrutura que ven de atrás. Nós cremos que esta moción que se trae hoxe aquí é extemporánea, hai que lembrar que con todas as cautelas xudiciais, o procedemento do tramo Vilaboa-A Ermida quedou totalmente listo para licitar xa fai bastante tempo e, polo tanto, xa hai moitos anos que se deron moitos pasos previos, outra cousa é que logo se botara a durmir o proxecto durante algún tempo e que se reactivase pois non fai tanto. E esa reactivación provocou que a declaración de impacto ambiental do tramo Vilaboa-A Ermida caducara. Este dato xa o demos nós noutro pleno que se celebrou no anterior mandato e que, sen dúbida, pode supoñer un serio atranco para continuar adiante porque a min me dá a impresión de que os remendos que se fixeron despois teñen unha cobertura legal bastante complicada.

O que si é certo é que Pontevedra necesita imperiosamente as infraestruturas viarias que melloren a súa conexión cos grandes centros de actividade económica e que nos coloquen no mapa e na senda da recuperación. Nós cremos que este como outros temas debería estar incluído dentro dun plano estratéxico que deseñe o futuro de Pontevedra e que non nos cansaremos de reclamar, senón sabemos o que queremos para o futuro e vamos a golpe de improvisación vamos ter difícil competir. Polo tanto, cremos que as infraestruturas viarias xogan un papel decisivo e que non se pode falar de desenrolo senón existen boas conexións. Eu evidentemente non son técnico e, polo tanto, non sen quen para o opinar se o trazado elixido é o mellor ou é o peor, o que si sei é que o asunto leva dando moitas voltas durante moitos anos e que agora estamos sobre o que parece ser o principio da recta final, tentar paralizar agora un proceso como este nos parece unha irresponsabilidade e eu estou seguro, ademais, de que se os que presentaran a moción tiveran responsabilidades de goberno non a houberan presentado. O que si cremos e que o goberno, concretamente o Sr. Alcalde, pode facer cousas e facer cousas é falar e buscar, na medida do posible, suavizar as dificultades, buscar ademais as contraprestacións que se podan arrancar ao Ministerio de Fomento, eu entendo que o Alcalde debería, tamén nesta asunto, ter un papel máis activo buscando que esta situación xere as menos controversias posibles entre os veciños e buscar solucións que permitan eliminar esas tensións que se están a producir.

Polo tanto, creo que a moción, insisto, é extemporánea e creo que é bo que o Alcalde se comprometa máis a tratar este tema coas administracións competentes. Nós non vamos a apoiar esta moción do grupo da Marea.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Seguidamente intervén o Portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Brevemente, nós sempre manifestamos o noso apoio á construción desta infraestrutura, creo que poucos temas e poucas obras puxeron de acordo a esta Corporación en diversas ocasión, polo tanto é necesario facer esta

infraestrutura, esta infraestrutura xa se debateu nos seus procedementos administrativos, tiña un trazado inicial pero prexudicaba ao núcleo, polo tanto houbo que apartala e agora resulta que prexudica a un paraxe natural, creo que se están tomando todas as medidas adecuadas, hai unha declaración de impacto ambiental, nós tamén falamos cos veciños afectados no seu momento pero dende logo a peor opción que podíamos ter agora é dicir que se pare esta obra, creo que para os tempos que corren se hai dotación presupostaria e agora que xa se licitou e adxudicou o tramo, creo que o único que hai que facer é esperar que a obra empece o antes posible e se remate o antes posible. Polo tanto nós estamos en contra de esta proposta.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

A continuación, concede o uso da palabra a dona María Carmen da Silva Méndez, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

**A Sra. Da Silva Méndez:** Gracias Sr, Alcalde, boas tardes de novo.

O tema da A-57 efectivamente foi amplamente debatido neste pleno en moitas ocasións con mocións e iniciativas para reivindicar esta infraestrutura para Pontevedra. É unha petición histórica da sociedade pontevedresa a construción e execución de esa obra, formaba parte das mobilizacións populares do 5X era una das reivindicacións a necesidade de esa infraestrutura, houbo una fase inicial de alegacións na que non se produciu ningún tipo de alegación e, ademais, está adxudicada, non se pode paralizar a adxudicación, está adxudicada. En todo caso se hai algún tipo de problema serán os tribunais os que teñan que dicilo e o ministerio o que teña que facer as correccións que sexan pero a obra está adxudicada en 59 millóns de euros á empresa San Xosé, aparece neste mesmo momento recollido nos medios de comunicación, formaba parte da M4 que era a mesa das administracións sobre as infraestruturas que eran necesarias para Pontevedra e, polo tanto e como dicía, foi froito de numerosos acordos unánimes de esta Corporación impulsar esta obra. O que si había que solicitarlle ao Ministerio de Fomento, que xa ocupa os terreos e que xa ten a obra adxudicada, que proceda a pagar as expropiacións que xa levan bastante tempo e aínda están sen pagar.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra para instar ao Ministerio de Fomento a abandonar o proxecto da A-57 e paralizar a contratación das obras.

Votos a favor 2 concelleiros (2 do grupo municipal de Ma.Po).

Votos en contra 22 concelleiros (11 presentes do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

## **17.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A DECLARACIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.**

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por



unanimidade, da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 16.07.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a declaración do camiño portugués como patrimonio da humanidade.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do PP, é do teor literal seguinte:

“A UNESCO ven de declarar o pasado 5 de xullo Os Camiños de Santiago do Norte Peninsular na lista de Patrimonio Mundial do Camiño de Santiago.

Integráronse, polo tanto, as catro rutas da zona norte de España, que son os chamados O Camiño Primitivo, que se inicia en Oviedo; O Camiño Costeiro, de 936 km de lonxitude; O Camiño vasco-rioxano, que comeza en Irún; e O Camiño de Liébana, ramal que une o Camiño có Monasteiro de Santo Tobío.

A declaración de Patrimonio da Humanidade do Camiño de Santiago Francés en 1.993 deixou fóra varias vías xacobeas de gran importancia.

A coordinación impulsada no ano 2006 principalmente por Asturias xunto có País Vasco, Galicia, Cantabria e A Rioxva ven de recoñecer que as demais rutas tamén posúen todas as características propias das vías de peregrinación a Santiago de Compostela, despexando as dúbidas sobre a inclusión doutros camiños, coma o Portugués.

O Camiño Portugués é parte innegable da ruta de peregrinación a Santiago de Compostela, que se intensificou a partires da independencia de Portugal a mediados do século XII, aínda que é presumible a súa existencia xa na época altomedieval. Dende entón o culto xacobeo e a peregrinación a Compostela, considerada coma unha das señas da identidade da cultura europea, tiveron en terras lusitanas unha proxección notable.

As motivacións das peregrinacións eran relixiosas, pero grazas a ese denso e secular fluxo de persoas que poboaron os camiños de Santiago establecéronse fecundos canales de intercambio cultural, económico e de pensamento.

O Camiño Portugués é o segundo que máis peregrinacións aporta a Compostela, despois do Francés, cun 16% do total o ano pasado, mentres que o Camiño Primitivo non chega ao 4%. E córrese o risco de perder este constante crecemento a favor doutros camiños que agora van ter una proxección internacional inmejorable.

Pontevedra, como Capital do Camiño Portugués, debe ter un papel activo no impulso do recoñecemento do Camiño luso como Ben da Humanidade.

#### PROPOSTA DE ACORDO:

Instar ao Goberno Local de Pontevedra a que promova unha candidatura para que o Camiño de Santiago Portugués sexa incluído na lista de bens de Patrimonio da Humanidade.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María del Carmen Moreira Martínez, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra.

A **Sra. Cañizares**: Entendemos todos como camiño de Santiago todas as rutas históricas recoñecidas documentalmente. Estas rutas enmarcan xa as coñecidas como o camiño portugués, ruta da prata, camiño do norte, camiño de Fisterra, camiño inglés e a ruta do mar de Arousa e Ulla.

Actualmente a UNESCO ven de declarar o pasado 5 de xullo Os Camiños de

Santiago do Norte Peninsular na lista de Patrimonio Mundial do Camiño de Santiago, o que significa que nós como residentes en Pontevedra desexamos que a nosa cidade sexa a capital do camiño portugués.

Este camiño portugués é parte innegable da ruta de peregrinación a Santiago de Compostela, que se intensificou a partires da independencia de Portugal a mediados do século XII, aínda que é presumible a súa existencia xa na época altomedieval. Dende entón o culto xacobeo e a peregrinación a Compostelá, considerada coma unha das señas da identidade da cultura europea, tiveron en terras lusitanas unha proxección notable.

O Camiño Portugués é o segundo que máis peregrinacións aporta a Compostela, despois do Francés. Non queremos correr o risco de perder este constante crecemento en favor doutros camiños que agora van ter una proxección internacional inmellorable.

Pontevedra ten que ser a capital do camiño portugués e debe ter un papel activo no impulso do recoñecemento do camiño luso como ben da humanidade. Por iso instamos ao goberno local de Pontevedra que promova unha candidatura para que o camiño de Santiago portugués sexa incluído na lista de bens de patrimonio da humanidade.

Gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Cañizares.

A continuación, concede o uso da palabra a don Iván Puentes Rivera, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Puentes Rivera:** Moitas gracias, brevemente tamén.

Nós vamos a votar a favor desta moción con argumentos similares. Primeiro, destacar que temos a fortaleza e a gran oportunidade de que o segundo camiño con mais número de peregrinos pase por esta cidade tralo francés e, curiosamente, hai algún outro camiño como o do norte e o primitivo con menos afluencia de peregrinos que son patrimonio da humanidade.

Creamos que esta candidatura está avalada pola importancia cultural e a importancia transfronteiriza que ten o propio camiño, xunto co francés, que e o único que nos permitiría ademais dinamizar iso que chamamos eurorexión que está aí latente pero que non acaba de despegar en demasiadas ocasións e, por suposto, cremos que ten que ser un valor turístico, un activo, un motor turístico, que Pontevedra ten que explotar ao máximo e por iso tamén anuncio que propoñeremos, pero xa deixamos proposto no pleno que se deseñe un plan estratéxico de promoción do camiño para Pontevedra que sirva como foco de atracción de máis peregrinos dos que hai neste momento, de venda do camiño como activo turístico e como reclamo fóra do ámbito dos propios concellos do camiño e, en definitiva, como xerador de emprego e de actividade económica para a cidade, por iso vamos votar a favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias.

Seguidamente intervén o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Bará Torres.



**O Sr. Bará Torres.**

Ben, por parte do grupo do BNG teño que dicir que temos algunha reticencias ao respecto da oportunidade e tamén da redacción da proposta de acordo, tendo en conta que nestes momentos o camiño portugués está sen delimitar, hai unha iniciativa despois de moitos anos do goberno galego para a súa delimitación e protección pero este sería un requisito imprescindible para poder iniciar a tramitación de esta proposta e ademais habería tamén que resolver algunha dúbidas ou pouca claridade que hai na parte portuguesa ao respecto do trazado e do impulso do camiño.

Despois tamén temos dúbidas de que sexa a redacción máis axeitada que o goberno local de Pontevedra sexa quen promova unha candidatura coma esta, pensamos que xa hai unha mesa do camiño con un conxunto de colectivos e institucións que están promovendo esta iniciativa e sería máis lóxico que fose. En todo caso o Concello pode apoiala e sumarse entusiasta, una vez que se resolvan eses pasos previos que son imprescindibles que teñen ver, como dixen, coa delimitación e coa protección porque senón a UNESCO non vai recoñecer o camiño.

Por outro lado eu creo que si hai unha cuestión que é moi urxente e que debemos todas as administracións implicarnos ao máximo nela que é garantir ao máximo as condicións de tránsito e sobre todo de seguranza viaria ao longo do camiño e este é un empeño no que está tamén o Concello de Pontevedra e debemos coordinarnos ao máximo con outras administracións no que é o trazado polo Concello de Pontevedra, coa Deputación principalmente, e dende logo dende o goberno municipal intentaremos facer un esforzo neste mandato para que o paso do camiño pola parte urbana da cidade estea nas mellores condicións porque recoñecemos que hai zonas e rúas nas que non é así.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Sra. Cañizares, ten a palabra.

**A Sra. Cañizares**

Dou as grazas aos grupos políticos da Corporación. Vamos a ver o camiño do norte tampouco estaba delimitado cando se empezou a falar de darlle esta oportunidade, entón a inscrición de un ben na lista de patrimonio mundial significa que poden dar a nosa cidade cualificación de valor universal excepcional, á nosa cidade e ao camiño portugués. Entón a participación das poboacións locais no proceso de elaboración é esencial. Están inscritos nesta lista de patrimonio mundial entre outras cousas ten a vantaxe de ter un emblema como rede nacional de áreas e sitios protexidos propiciando así un maior recoñecemento e unha mellor protección do patrimonio, o interese da comunidade internacional polo patrimonio mundial pode estimular a cooperación internacional e os esforzos conxuntos en favor da protección do ben, brinda a posibilidade de mobilizar fondos e apoios e permite difundir técnicas e prácticas de protección, conservación e xestión que podan aplicarse a bens do patrimonio nacional e local.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Ben, eu creo que está claro, é mais o Concello de

Pontevedra, directamente e a través de representantes, manifestou o seu apoio a esta iniciativa que sabemos que está aí pendente de detalle pero eu creo que estamos todos pendentes de facelo e do interesante que é para Pontevedra que se recoñeza como patrimonio da humanidade.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda aprobar a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a declaración do camiño portugués como patrimonio da humanidade.

### **18.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á MODIFICACIÓN OU TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS DA PARTIDA DESTINADA Á CUBERTA DO PAVILLÓN DE DEPORTES PARA OUTROS FINS DEPORTIVOS.**

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Manuel Tomás Abeigón Costa.

**O Sr. Abeigón:** Gracias.

Nuestro grupo quería hacer una observación de orden dado que en el punto 5 de la sesión ordinaria del pleno, tal y como advierte el secretario, en el punto 18 del orden del día falta el preceptivo informe de intervención donde se analiza la proposición y demás trámites por lo que queríamos saber si se han aportado dichos informes.

Seguidamente, a instancia do **Sr. Alcalde-Presidente**, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a inclusión na orde do día e declárase a urxencia da presente proposición.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE é do teor literal seguinte:

“O Orzamento Municipal inclúe entre as súas partidas unha de 500.000 euros destinada a substitución da cuberta do Pavillón de Deportes debido ao deterioro da actual.

En declaracións efectuadas fai uns días, a concelleira de deportes anuncia que a obra vaise retrasar ata o ano que ven, de xeito que a partida existente volveuse inoperativa.

O deporte no noso concello é un elemento referencial do que os Socialistas denominamos Marca Pontevedra, e temos que recoñecer que a pesar dos avances presenta aínda moitas necesidades que se deben atender.

Neste senso os Socialistas propoñemos ao pleno a reutilización dos fondos existentes na partida indicada para atender cuestións e compromisos adquiridos polo concello cos clubs de Pontevedra, entre os que destacan, a construción de novos campos de herba sintética, a mellora das infraestruturas existentes ou a colaboración na realización de eventos polos propios clubs locais. Non todo ten por que limitarse aos grandes eventos.

Correspóndelle ao Pleno a adopción de acordos sobre aprobación dos orzamentos





e as súas modificacións. Por todo elo, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE insta ao Pleno a aprobación da seguinte PROPOSTA:

Que mediante modificación ou transferencia de créditos se proceda a destinar a cantidade inicialmente prevista para arranxo da cuberta do pavillón dos deportes as seguintes cuestións:

Partida 6 61 619 00 3420 05. Instalacións deportivas. A expensas de posibles acordos coa Deputación, actuación directa na dotación de herba sintética ao campo de fútbol de Cerponzóns: 300.000 euros.

Acondicionamento campo fútbol Gatomorto (Santa María de Xeve): 200.000 Euros.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** Gracias. Brevemente.

Se trata de unha moción presentada ao abeiro de que no orzamento do Concello para o ano 2015 hai unha partida presupostaria de 500 mil euros destinada en principio a arranxos, á substitución da cuberta do pavillón municipal dos deportes, anunciouse por parte do goberno municipal que se ía aprazar ese arranxo para o ano que ven, co cal hai unha dispoñibilidade de medio millón de euros para facer outras cousas e o partido socialista entende que eses cartos que estaban destinados a cuestións de infraestruturas deportivas deben permanecer no ámbito das infraestruturas deportivas. Nese sentido se presentou a moción na comisión informativa correspondente indicouse por parte da Intervención que algunhas das cuestións que plantexaba o partido socialista non eran posibles porque non se axustaban á legalidade e polo tanto había que modificar a petición, a proposta, modificouse a proposta para que puideran encaixar, sacáronse aquelas cuestións relativas ao capítulo II que non encaixaban dentro da proposta e se pasaron a incluír outras do capítulo VI e o que propón o partido socialista é que ese medio millón de euros se destine, a expensas de posibles acordos coa nova Deputación, como actuación directa para dotación do campo de herba sintética no que é hoxe o campo de fútbol de Cerponzóns e tamén que se inicien as obras de acondicionamento do campo de Fútbol de Gatomorto en Santa María de Xeve que veñen xa con moito retraso.

Se trata de infraestruturas, neste caso deportivas, vinculadas ao ámbito do fútbol e absolutamente necesarias, hai unha carencia de campos de fútbol de herba sintética moi importante no Concello de Pontevedra que fai que os campos de A Xunqueira estean absolutamente masificados e, incluso, o propio campo de fútbol de herba sintética que hai en Marcón estea masificado e que necesitamos máis infraestruturas, creo que é o momento oportuno para destinar ese medio millón de euros a este tipo de infraestruturas e así o plantexamos hoxe ante o pleno.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Fernández.

Seguidamente, concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto-C's.

**A Sra. Rey Martínez:** Efectivamente yo estoy de acuerdo con el Sr. Abeigón cuando presentaron esta moción en la comisión llegamos a la conclusión de que no era

acorde a la legislación vigente y esta segunda entiendo que tampoco ya que falta el informe técnico o el informe de los órganos de Gestión Tributaria e Intervención.

Tampoco entiendo la urgencia, si es tan urgente ahora entiendo que también era urgente cuando usted, Sr. Fernández, era el concejal de deporte creo que hace relativamente poco tiempo.

Gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Algunha outra Intervención?

A continuación intervén don Luis Rei Núñez, Portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra.

**O Sr. Rei Núñez:** Brevemente, parécenos unha proposición un chisco improvisada, dito con todo o respecto, e anuncio que nos absteremos.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias.

Seguidamente, concede o uso da palabra ao concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Manuel Tomás Abeigón Costa.

**O Sr. Abeigón Costa:** Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Empece mi primera intervención dando los buenos días pero ahora, dada la hora que es, toca decir buenas tardes.

Sobre este asunto del campo de fútbol de Gatormorto, decir que el actual gobierno debería hacer autocrítica, retomar las obras iniciadas en el año 1999 y 2000 para construir un campo de fútbol sobre unos terrenos de 15 mil metros cuadrados que fueron cedidos al Concello en Gatormorto por la comunidad de montes de Santa María de Xeve para dar servicio a las parroquias de Santa María de Xeve, de San Andrés de Xeve y de Verducido, es una necesidad imperiosa, repito, es una necesidad imperiosa que tienen los vecinos de Xeve de contar con un campo en condiciones para hacer deporte.

Los vecinos llevan años pidiendo la creación de un campo de fútbol en esta ubicación. Son muchos los problemas que están teniendo en estos momentos los clubes de las tres parroquias para celebrar los encuentros oficiales, lo que les obliga a acudir a campos de otras parroquias e incluso tener que ir a ayuntamientos limítrofes que también pasa con otros deportes.

En cualquier caso, solventar este problema permitiría que dichos equipos podrían jugar en el citado campo así como los escolares de Xeve y también se podrían beneficiar otros equipos debido a la cercanía entre otras parroquias descongestionando así otros campos que están saturados como el campo de A Xunqueira. Y no hay que olvidar que hubo clubes que contaban con equipos de varias categorías que tuvieron que extinguirse como fue el caso del Gondar, el San Andrés de Xeve y el de Verducido al no tener los medios donde entrenar.

En el año 2002 decir que se llevo a cabo la explanación de la zona y en el 2005 el cierre y en el 2008 comenzó la construcción de unos vestuarios que nosotros los miembros del grupo municipal del Partido Popular hemos visitado, unos vestuarios que quedaron a medio hacer y que ahora se encuentran en un estado deplorable, ruinoso y deprimente, con las paredes rotas, los saneamientos saqueados y dado este abandono todo el alrededor está plagado de bicherías y el suelo sembrado de



preservativos.

Para concluir, comentar que los vecinos llevan casi 16 años demandando el acondicionamiento del campo de fútbol de Gatomorto. Usted, Sr. Fernández, que fue en el mandato anterior el concejal de Deportes va y se le ocurre ahora, ver para crear.

En fin, como nosotros desde la Corporación lo que nos corresponde es controlar democráticamente al gobierno pero también contribuir activamente a que el gobierno haga las cosas mejor y esta será una de nuestras prioridades con el fin de defender y velar los intereses de los pontevedreses, el grupo municipal del Partido Popular va a votar a favor de esta moción por el interés que suscita para las tres parroquias así como para el deporte pontevedrés en general pues no hay que olvidar que las parroquias también son Pontevedra y nosotros no vamos a permitir que ninguna parroquia ni barrio se sienta discriminado y menos a nivel de instalaciones deportivas.

Muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas grazas.

A continuación concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Raimundo González Carballo.

O **Sr. González Carballo**: Perdón, dado o avanzado da hora quixera dar por reproducidas neste punto da orde do día todo o que dixo o representante do Partido Socialista sobre a modificación de crédito, sobre as cuestións de forma e de fondo, nada mais, entón que se reproduza tamén neste punto da orde do día.

En todo caso é que hai un problema de fondo, e que nós vamos a sacar a licitación o tema do pavillón, entón como comprenderá hai unha prioridade que tamén priorizou o anterior goberno que nós vamos a manter e que temos a intención de que se licite neste ano e se adxudique neste ano, polo tanto non hai lugar á pretensión da modificación.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O **Sr. Fernández González**: Me alegro que sexa así porque evidentemente as informacións que saíron da concellería de Deportes foi que este ano non se ía facer. Polo tanto, se esa información saíu da concelleira de Deportes nin se ía facer, nin se ía licitar, nin se ía adxudicar, polo tanto son uns cartos que quedaban aí e que nós entendíamos que podían ser dedicados a outros temas. Se vostede aquí me di que se vai a licitar e adxudicar este ano, evidentemente eu entendo que, primeiro, busquen entre vostedes unha maior coordinación para non dicir cada un unha cousa; e, segundo, me alegrarei de que o pavillón de deportes por fin estea arreglado.

Se retira non a vamos a votar se se vai facer.

En atención á petición do grupo municipal propoñente o Alcalde-Presidente retira o asunto da orde do día.

### **C) MOCIÓNS URXENTES:**

Non se presentaron mocións urxentes.

### **D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:**

**19.- DACIÓN DE CONTA E DEBATE, NO SEU CASO, DO INFORME DA TESOURERÍA DA CORPORACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DAS OBRIGAS MUNICIPAIS, SEGUNDO ESTABLECE O ART. 4º.3 DA LEI 15/2010. 1º TRIMESTRE 2015. CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS. IGUALMENTE DA SOCIEDADE MERCANTIL TURISMO DE PONTEVEDRA, SEGUNDO REMITE A SÚA PRESIDENCIA.**

O Pleno do Concello toma coñecemento do informe da Tesourería da Corporación sobre o cumprimento do prazo de pago das obrigas municipais, segundo establece o art. 4º.3 da Lei 15/2010. 1º Trimestre 2015. Concello e Organismos Autónomos. Igualmente do informe da Sociedade Mercantil Turismo de Pontevedra, remitido pola súa Presidencia.

**20.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN SUBMINISTRADA POLO CONCELLO AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2015/2012, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2015.**

O Pleno do Concello toma coñecemento da información subministrada polo Concello ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas, en virtude da orde HAP/2015/2012, correspondente ao 1º trimestre 2015.

**21.- TOMA DE COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓNS NO ORZAMENTO 2015.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos seguintes expedientes de modificacións no Orzamento 2015:

- Modificación de crédito 4/2015 por importe de 209.658,30 €.
- Modificación de crédito 5/2015 por importe de 233.460,36 €.
- Modificación de crédito 6/2015 por importe de 207.503,40 €.
- Modificación de crédito 7/2015 por importe de 344.766,47 €.
- Modificación de crédito 1/2015 (Pazo de Congresos e Exposicións) por importe de 1.880,00 €.
- Modificación de crédito 2/2015 (IMD) por importe de 6.110,00 €.

**22.- TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DO ALCALDE RELATIVAS Á DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS E NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS QUE DESEMPEÑARÁN O SEU CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVOS Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos seguintes decretos da Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local:

Decretos da Alcaldía:

- De 18.06.2015 de nomeamento de cargos a desempeñar en réxime de dedicación



exclusiva.

- De 22.06.2015 de modificación do decreto fixando áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais, respecto do rexistro de animais potencialmente perigosos.
- De 23.06.2015 de nomeamento de cargos a desempeñar en réxime de dedicacións exclusivas.
- De 25.06.2015 de nomeamento de cargos a desempeñar en réxime de dedicacións exclusivas.
- De 25.06.2015 de nomeamento de representantes no IMD.
- De 26.06.2015 de nomeamento de Presidentes e Vicepresidentes das comisións do Pleno.
- De 26.06.2015 de nomeamento de representantes en órganos colexiados de competencia plenaria.
- De 29.06.2015 de nomeamento de representantes no Pazo de Congressos e Exposicións.

#### Xunta de Goberno Local:

- De 22.06.2015 de modificación de determinada delegación de competencias nos concelleiros.
- De 06.07.2015 de delegación de competencias dos procedementos de contratación de servizos de interpretación artística.
- De 10.07.2015 de delegación de competencias en materia de contratos de arrendamento de bens inmoables.

### **23.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo correspondentes aos meses de abril, maio e xuño do 2015.

### **24.- PREGUNTAS.**

Non se presentaron preguntas.

### **25.- ROGOS.**

#### **A) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO RELACIONADO COS ASUNTOS A INCLUIR NA ORDE DO DÍA DAS SESIÓNS DO PLENO.**

O Sr. **Moreira Ferro**: Rogo que se consensue entre os grupos municipais o que comentei antes. Que centremos cales son os asuntos que se poden traer.

O Sr. **Alcalde-Presidente**: Na próxima Xunta de Portavoces falamos diso. Eu creo que este é o primeiro pleno, é un pleno tamén así de tocata e fuga que se chama, supoño que os demais serán menos...

#### **O Sr. González Carballo:**

Sr. Alcalde, permítame corrixilo pero é hábito neste Concello que todas as mocións que se presentan se traen a pleno, polo tanto sería cuestión de que os que estean

presentados se traian a pleno e senón delimitalo na Xunta de Portavoces e dicir esta queda para o seguinte.

**O Sr. Moreira Ferro**

Os hábitos son susceptibles de ser modificados polo cambio de circunstancias.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 15:25 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, por substitución, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Carlos Castiñeira Piñeiro.